

disposición transitoria, que entrará en vigor o día 1 de setembro de 2004.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades,  
que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 9 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno  
en funcións,

MARIANO RAJOY BREY

**13813** LEI 22/2003, do 9 de xullo, concursal.  
(«BOE» 164, do 10-7-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I

Esta lei persegue satisfacer unha aspiración profunda e longamente sentida no dereito patrimonial español: a reforma da lexislación concursal. As severas e fundadas críticas que mereceu o dereito vixente non foron seguidas, ata agora, de solucións lexislativas, que, a pesar da súa recoñecida urxencia e dos meritorios intentos realizados na súa preparación, se viñeron demorando e provocando, ó mesmo tempo, un agravamento dos defectos de que padece a lexislación en vigor: arcaísmo, inadecuación á realidade social e económica do noso tempo, dispersión, carencia dun sistema harmónico, predominio de determinados intereses particulares en detrimento doutros xerais e do principio de igualdade de tratamento dos acredores, coa consecuencia de solucións inxustas, frecuentemente propiciadas na práctica por manobras de mala fe, abusos e simulacións, que as normas reguladoras das institucións concursais non alcanzan a reprimir eficazmente.

O arcaísmo e a dispersión das normas vixentes nesta materia son defectos que derivan da codificación española do século XIX, estruturada sobre a base da dualidade de códigos de dereito privado, civil e de comercio, e da regulación separada da materia procesual respecto da substantiva, nunha Lei de axuízamento civil. Pero tamén contribúe a aumentar eses defectos e a dificultar a correcta composición do sistema a multiplicidade de procedementos concursais; así, xunto ás clásicas institucións da quebra e do concurso de acredores, para o tratamento da insolvencia de comerciantes e de non comerciantes, respectivamente, introdúcense outras, preventivas ou preliminares, como a suspensión de pagamentos e o procedemento de quitación e espera, de presupostos obxectivos pouco claros e, polo tanto, de límites moi difusos respecto daquelas. A Lei de suspensión de pagamentos, do 26 de xullo de 1922, promulgada con carácter provisional, porque se dictou para resolver un caso concreto, chegou a se converter en peza básica do noso dereito concursal gracias á flexibilidade da súa regulación, que, se ben paliou o tratamento das situacións de crise patrimonial dos comerciantes, complicou aínda máis a falta de coherencia dun conxunto normativo carente dos principios xerais e do desenvolvemento sistemático que caracterizan un sistema harmónico, e permitiu corruptelas moi notorias.

Aínda máis se agrava a situación do dereito concursal español con fenómenos tan anacrónicos como a actual vixencia dun bo número de artigos do noso primeiro Código de comercio, promulgado por Fernando VII o 30 de maio de 1829, en virtude da invocación que deles fai a Lei de axuízamento civil do 3 de febreiro de 1881, anterior ó Código de comercio do 22 de agosto de 1885, e vixente nesta materia, conforme o punto 1 da disposición derogatoria única da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, ata a entrada en vigor desta Lei concursal.

O lexislador español non puxo ata agora remedio a estes males. A pesar da pronta reforma que no Código de comercio de 1885 introduciu a Lei do 10 de xuño de 1897 e da moi importante que supuxo a citada Lei de suspensión de pagamentos de 1922, as modificacións lexislativas foron moi parciais e limitadas a materias concretas, o que, lonxe de mellora-lo sistema concursal, contribuíu a complicallo con maior dispersión de normas especiais e excepcionais, e, frecuentemente, coa introducción de privilexios e de alteracións da orde de prelación dos acredores, non sempre fundada en criterios de xustiza.

Non faltaron, sen embargo, meritorios traballos prelexislativos no camiño da reforma concursal. Ademais do realizado pola Comisión Xeral de Codificación, en virtude da Real orde do 10 de xuño de 1926, que concluíu coa elaboración dun anteproxecto de Código de comercio, publicado, no que se refire a esta materia, na Gaceta de Madrid do 15 de outubro de 1929, e orientado na máis precisa distinción dos supostos da quebra e da suspensión de pagamentos, hai que sinalar fundamentalmente os seguintes:

a) O anteproxecto elaborado pola Sección de Xustiza do Instituto de Estudos Políticos, concluído en 1959 e non publicado oficialmente, no que por vez primeira se ensaiaba a regulación conxunta, substantiva e procesual, das institucións concursais, para comerciantes e non comerciantes, se ben se mantiña a dualidade de procedementos en función dos diversos supostos obxectivos que determinaba a das súas respectivas solucións: a liquidación e o convenio.

b) O anteproxecto elaborado pola Comisión Xeral de Codificación en virtude do disposto nas ordes ministeriais do 17 de maio de 1978, publicado no seu texto articulado pola Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Xustiza con data do 27 de xuño de 1983, que se baseaba nos principios de unidade legal —material e formal—, de disciplina —para debedores comerciantes e non comerciantes— e de sistema —un único procedemento, flexible, con diversas solucións posibles: o convenio, a liquidación e a xestión controlada—. Ese texto, posteriormente revisado, foi seguido, en 1987, doutro anteproxecto de Lei de bases pola que se delegaba no Goberno a potestade de dictar normas con rango de Lei sobre o concurso de acredores.

c) A proposta de anteproxecto elaborada na Comisión Xeral de Codificación conforme os criterios básicos comunicados polo ministro de Xustiza e Interior o 23 de xuño de 1994, concluída o 12 de decembro de 1995 e publicada pola Secretaría Xeral Técnica con data do 15 de febreiro de 1996, na que se manteñen os principios de unidade legal e de disciplina, pero na que se volve á dualidade de concurso de acredores e suspensión de pagamentos, sobre a base da diferenza entre insolvencia e iliquidez, reservando este último procedemento, con alto grao de desxudicialización, como beneficio de debedores solventes e de boa fe.

d) O anteproxecto de Lei concursal elaborado pola Sección Especial para a Reforma Concursal, creada durante a anterior lexislatura no seo da Comisión Xeral de Codificación por Orde do Ministerio de Xustiza do

23 de decembro de 1996, e concluído en maio de 2000, que é o que constitúe antecedente do proxecto orixe desta lei, co que o Goberno deu cumprimento á disposición derradeira décimo novena da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, conforme a cal, no prazo de seis meses contados desde a data de entrada en vigor desta lei, debía remitir ás Cortes Xerais un proxecto de Lei concursal.

Abórdase, así, a tan esperada como necesaria reforma global do dereito concursal español, sen dúbida unha das máis importantes tarefas lexislativas pendentes na modernización do noso ordenamento xurídico.

A reforma non supón unha ruptura coa longa tradición concursal española, pero si unha profunda modificación do dereito vixente, na que se tiveron en conta as achegas doutrinarias e prelexislativas realizadas no ámbito nacional e as máis recentes concrecións producidas na lexislación comparada, así como os instrumentos supranacionais elaborados para a unificación e a harmonización do dereito nesta materia.

O resultado desa delicada tarefa é un texto legal que se propón corrixi-las deficiencias do anterior dereito con solucións nas que se pode apreciar o propósito de coordinar a orixinalidade do novo sistema concursal coa súa harmónica inserción no conxunto do noso ordenamento, preocupación á que responde o coidado posto nas disposicións adicionais, transitorias, derogatoria e derradeiras que cerran esta lei.

## II

A lei opta polos principios de unidade legal, de disciplina e de sistema.

A regulación nun só texto legal dos aspectos materiais e procesuais do concurso, sen máis excepción que a daquelas normas que pola súa natureza esixiron o rango de Lei orgánica, é unha opción de política lexislativa que viña xa determinada pola nova Lei 1/2000, de axuízamento civil, ó excluír esta materia do seu ámbito e remitila expresamente á Lei concursal.

A superación da diversidade de institucións concursais para comerciantes e non comerciantes é unha fórmula que, ademais de estar xustificada pola desaparición do carácter represivo da insolvencia mercantil, vén determinada pola tendencia a simplificar o procedemento, sen que isto supoña ignorar determinadas especialidades do concurso dos empresarios sometidos a un estatuto propio (levanza obrigatoria de contabilidade, inscrición no rexistro mercantil) e da existencia na masa activa de unidades productivas de bens ou de servizos, especialidades que son tidas en conta ó longo da regulación do concurso, desde a súa solicitude ata a súa solución mediante convenio ou liquidación.

A unidade do procedemento de concurso conséguese en virtude da flexibilidade de que a lei o dota, que permite a súa adecuación a diversas situacións e solucións, a través das cales se pode alcanzar a satisfacción dos acredores, finalidade esencial do concurso. Por maior abastanza, prevíronse regras especialmente áxiles para os concursos de menor entidade.

O nome elixido para denomina-lo procedemento único é o de «concurso», expresión clásica que, desde os tratadistas españois do século XVII, fundamentalmente de Amador Rodríguez (*Tractatus de concursu*, 1616) e de Francisco Salgado de Somoza (*Labyrinthus creditorum concurrentium*, 1646), pasou ó vocabulario procesual europeo e que, por antonomasia, describe a concurrencia dos acredores sobre o patrimonio do debedor común. Non se persegue con isto soamente rescatar un vocábulo tradicional na terminoloxía xurídica española, senón utilizalo para significar-lo fenómeno unificador dos diversos procedementos de insolvencia e identificar

así graficamente o procedemento único, como ocorreu noutras lexislacións.

A unidade do procedemento impón a do seu pre-suposto obxectivo, identificado coa insolvencia, que se concibe como o estado patrimonial do debedor que non pode cumprir regularmente as súas obrigas. Pero ese concepto unitario é tamén flexible e opera de maneira distinta segundo se trate de concurso necesario ou voluntario. Os lexitimados para solicitar o concurso do debedor (os seus acredores e, se se trata dunha persoa xurídica, os que respondan persoalmente das súas débedas) teñen que se basear nalgún dos feitos que como presuntos reveladores da insolvencia enuncia a lei: desde a execución singular infructuosa ata o sobresemento, xeral ou sectorial, segundo afecte o conxunto das obrigas ou algunha das clases que a lei considera especialmente sensibles no pasivo do debedor, entre outros feitos taxados.

Incumbelle ó solicitante do concurso necesario a proba dos feitos en que fundamente a súa solicitude; en todo caso, a declaración ten que se facer con respecto das garantías procesuais do debedor, quen terá que ser emprazado e poderá oporse á solicitude, baseándose na inexistencia do feito en que esta se fundamenta ou na do seu estado de insolvencia, incumbíndolle neste caso a proba da súa solvencia. As garantías do debedor complementáanse coa posibilidade de recorrer-la declaración de concurso.

Se a solicitude de concurso a insta o propio debedor, deberá xustificar-lo seu endebedamento e o seu estado de insolvencia, se ben neste caso non só poderá ser actual, senón futuro, previsto como «inminente». O debedor ten o deber de solicitar a declaración de concurso cando coñeza ou deba coñecer-lo seu estado de insolvencia; pero ten a facultade de anticiparse a este.

O sistema legal combina así as garantías do debedor coa conveniencia de adiantar no tempo a declaración de concurso, co fin de evitar que a deterioración do estado patrimonial impida ou dificulte as solucións máis adecuadas para satisfacer os acredores. Os estímulos á solicitude de concurso voluntario, as sancións ó debedor por incumprimento do deber de solicitarlo e o outorgamento ó crédito do acredor instante de privilexio xeral ata a cuarta parte do seu importe son medidas coas que se pretende alcanzar ese obxectivo.

A unidade e a flexibilidade do procedemento reflíctense na súa propia estrutura, articulada, en principio, nunha fase común que pode desembocar noutra de convenio ou de liquidación. A fase común ábrese coa declaración de concurso e conclúe unha vez presentado o informe da administración concursal e transcorrido o prazo de impugnacións ou resoltas as formuladas contra o inventario ou contra a lista de acredores, co que se alcanza o máis exacto coñecemento do estado patrimonial do debedor a través da determinación das masas activa e pasiva do concurso. A todo o cal se suma a posibilidade de utilizar, en determinados supostos, un procedemento abreviado.

## III

A flexibilidade do procedemento percíbese tamén no réxime dos efectos que produce a declaración de concurso. Respecto do debedor, atenuáanse os establecidos pola lexislación anterior e suprímense os que teñen un carácter represivo da insolvencia. A «inhabilitación» resérvase para os supostos de concurso cualificado como culpable, nos que se impón como sanción de carácter temporal ás persoas afectadas. Declarado o concurso, o exercicio das facultades patrimoniais do debedor sométese a intervención ou suspéndese, con substitución neste caso pola administración concursal. En principio, a primeira destas situacións correspóndelle ó concurso

voluntario e a segunda ó necesario; pero recoñécenselle ó xuíz do concurso amplas facultades para adoptalas ou modificalas. Atenúase tamén a sanción dos actos realizados polo debedor con infracción destas limitacións, que pasa a ser de anulabilidade, ademais da prohibición do seu acceso a rexistros públicos.

A lei limita os efectos da declaración de concurso, reducíndoos, cun sentido funcional, a aqueles que beneficien a normal tramitación do procedemento e, na medida en que esta o esixa, conferíndolle ó xuíz a potestade de gradualos e de adecualos ás circunstancias concretas de cada caso. Todo isto, ademais dos efectos que, por alcanzar a dereitos fundamentais da persoa do debedor, como son os de liberdade, segredo das comunicacións, residencia e circulación polo territorio nacional, se regulan na Lei orgánica para a reforma concursal.

Establécese, cun sentido positivo, o deber do debedor de colaborar cos órganos do concurso, informalos de canto sexa de interese deste, auxiliálos na conservación e administración da masa activa e pór á disposición da administración concursal os libros e os documentos relativos ó exercicio da súa actividade profesional ou empresarial.

A declaración de concurso, por si soa, non interrompe o exercicio da actividade profesional ou empresarial do debedor, sen prexuízo dos efectos que produce sobre as facultades patrimoniais deste; pero goza o xuíz do concurso de amplas potestades para acorda-lo cerramento das súas oficinas, establecementos ou explotacións, e incluso, cando se trate dunha actividade empresarial, o cesamento ou a suspensión, total ou parcial, desta, logo de audiencia do debedor e dos representantes dos traballadores.

Especial atención dedica a lei ós supostos de concurso de persoa xurídica e ós efectos que neste caso produce a declaración, materia de grande importancia, como corresponde á que estes entes e, fundamentalmente, as sociedades revisten no moderno tráfico. Así como a lei orgánica permite estende-las medidas relativas ás comunicacións e á residencia do debedor, en caso de persoa xurídica, ós seus administradores e liquidadores, a Lei concursal imponse a estes e ós apoderados xerais do debedor os deberes de colaboración e información.

Durante a tramitación do concurso mantéñense os órganos da persoa xurídica debedora. Os administradores concursais están lexitimados para exercer-las accións de responsabilidade contra os administradores, auditores e liquidadores, sen necesidade de previo acordo da xunta ou asemblea de socios. O efecto máis severo que a lei establece é o do embargo de bens e dereitos dos administradores e liquidadores, que o xuíz pode acordar cando exista fundada posibilidade de que o concurso se cualifique como culpable e de que a masa activa resulte insuficiente para satisfacer tódalas débedas.

Orixinal é tamén, respecto do dereito anterior, a regulación dos efectos do concurso da sociedade sobre os socios subsidiariamente responsables das débedas desta, que se reduce a atribuírle á administración concursal a lexitimación exclusiva para exercer-la correspondente acción unha vez aprobado o convenio ou aberta a liquidación. Evítanse así tanto a extensión automática do concurso a persoas que, aínda responsables das débedas sociais, poden ser solventes, como as reclamacións individuais dos acredores contra os socios, perturbadoras da boa orde do concurso.

A lei regula, así mesmo, con criterios de funcionalidade os efectos da declaración de concurso sobre os acredores, ordenando a paralización das accións individuais promovidas por estes contra o patrimonio do concursado. Esta paralización, consecuencia natural da integración dos acredores na masa pasiva do concurso, non afecta as declarativas das ordes civil ou social xa

en tramitación no momento de declararse o concurso, que continuarán ata a firmeza da sentenza, nin ás de natureza contencioso-administrativa ou penal con transcendencia sobre o patrimonio do debedor, mesmo se se exercen con posterioridade á declaración, pero si a tódalas de carácter executivo, incluídos os constrinximentos administrativos ou tributarios, que quedarán en suspenso se se achasen en tramitación, salvo os acordados con anterioridade á declaración de concurso, e non poderán iniciarse unha vez declarado o concurso.

Unha das novidades máis importantes da lei é o especial tratamento que dedica ás accións de execución de garantías reais sobre bens do concursado. Respéctase a natureza propia do dereito real sobre cousa aliea, que impón unha regulación diferente da aplicable ós dereitos de crédito integrados na masa pasiva do concurso, pero ó mesmo tempo procúrase que a execución separada das garantías non perturbe o mellor desenvolvemento do procedemento concursal nin impida solucións que poidan ser convenientes para os intereses do debedor e da masa pasiva. A fórmula que combina estes propósitos é a de paralización temporal das execucións, en canto se negocie un convenio ou se abra a liquidación, co máximo dun ano a partir da declaración de concurso. Salvo que no momento da declaración de concurso xa estivese anunciada a poxa, as actuacións de execución iniciadas con anterioridade suspenderanse e non se reiniciarán, nin poderán iniciarse outras, ata que transcorran os prazos sinalados. Este efecto de obrigatoria e limitada espera para os titulares de garantías reais considerárase xusto no tratamento de tódolos intereses implicados no concurso, que teñen que sufrir un sacrificio para a solución definitiva e máis beneficiosa do estado de insolvencia.

Naturalmente, os créditos con garantía real gozan no concurso de privilexio especial e o convenio só lles afectará se o seu titular asina a proposta, vota ó seu favor ou se adhire a ela ou ó convenio aprobado.

De non estar afectados por un convenio, os créditos con privilexio especial pagaranse con cargo ós bens e dereitos sobre os que recaía a garantía. A execución tramitárase ante o xuíz do concurso. Non obstante, en canto subsista a paralización temporal destas accións, a administración concursal poderá optar por atender con cargo á masa o pagamento destes créditos. Aínda en caso de realización, o xuíz poderá autorizala con subsistencia da carga e subrogación do adquirente na obriga do debedor, que quedará excluída da masa pasiva, ou mediante venda directa, con aplicación do prezo ó pagamento do crédito especialmente privilexiado. Artículárase así unha serie de fórmulas flexibles tendentes a evitar que o exercicio dos dereitos reais de garantía perturbe innecesariamente os demais intereses implicados no concurso.

Para estes efectos, a lei estende o tratamento das accións de execución de garantías reais ás de recuperación de bens mobles vendidos a prazo e ós cedidos en arrendamentos financeiros, sempre que os correspondentes contratos ou documentos estean inscritos nos respectivos rexistros, así como ás resolutorias de vendas de inmobles por falta de pagamento de prezo adiado.

Procurouse así permitir formulacións realistas, que sen menoscaba-la natureza destes dereitos nin perturba-lo mercado do crédito, moi sensible á protección das garantías en caso de insolvencia do debedor, non impidan senón que fagan viables solucións beneficiosas para os intereses do concurso.

Fórmulas flexibles en interese do concurso e sen prexuízo dos da contraparte establécense tamén para permiti-la rehabilitación dos contratos de crédito ou de adquisición de bens con prezo adiado, así como a enerxación de desafuzamento en arrendamentos urbanos, afectados por incumprimentos do debedor concursado.



Obxecto de especial atención foi tamén a regulación dos efectos da declaración de concurso sobre os contratos, unha das materias máis deficientemente tratadas no anterior dereito e, polo tanto, de maior orixinalidade na nova lei. Conforme esta, a declaración de concurso non afecta, en principio, a vixencia dos contratos con prestacións recíprocas pendentes de cumprimento por ámbalas partes; non obstante, en interese do concurso e con garantías para o dereito da contraparte, prevese tanto a posibilidade dunha declaración xudicial de resolución do contrato como a de enervalo en caso de que exista causa para unha resolución por incumprimento. Non se admiten as cláusulas contractuais de resolución ou extinción en caso de declaración de concurso, pero si a aplicación de normas legais que dispoñan a extinción ou expresamente faculden as partes para pactala ou para denuncia-lo contrato.

Cuestión tratada con especial coidado é a relativa ós contratos de traballo existentes na data de declaración do concurso e nos que sexa empregador o concursado. O abeiro da reforma introducida na Lei orgánica do poder xudicial pola Lei orgánica para a reforma concursal, atribúeselle ó xuíz do concurso xurisdicción para coñecer de materias que, en principio, son da competencia dos xulgados e dos tribunais da orde social, pero que pola súa especial transcendencia na situación patrimonial do concursado e para a unidade do procedemento non se deben resolver por separado. Pero conciliando todo isto coa regulación material actualmente contida na lexislación laboral.

Remítense ó establecido pola súa regulación especial os efectos da declaración de concurso sobre os contratos de carácter administrativo celebrados polo debedor.

A lei dá un novo tratamento ó difícil tema dos efectos da declaración de concurso sobre os actos realizados polo debedor en período sospeitoso pola súa proximidade a esta. O perturbador sistema de retroacción do concurso substitúese por unhas específicas accións de reintegración destinadas a rescindi-los actos prexudiciais para a masa activa, prexuízo que nuns casos a lei presume e nos demais terá que ser probado pola administración concursal ou, subsidiariamente, polos acredores lexitimados para exercer-la correspondente acción. Os terceiros adquirentes de bens ou dereitos afectados por estas accións gozan da protección que derive, se é o caso, da boa fe, das normas sobre irrevindicabilidade ou do rexistro.

#### IV

A lei simplifica a estrutura orgánica do concurso. Só o xuíz e a administración concursal constitúen órganos necesarios no procedemento. A xunta de acredores unicamente terá que se constituír na fase de convenio cando non se aprobase polo sistema de adhesións escritas unha proposta anticipada. A intervención como parte do Ministerio Fiscal límitase á sección sexta, de cualificación do concurso, cando proceda a súa apertura, sen prexuízo da actuación que se establece nesta lei cando interveña en delictos contra o patrimonio ou a orde socioeconómica.

A redución dos órganos concursais ten como lóxica consecuencia a atribución a estes de amplas e importantes competencias. A lei configura o xuíz como órgano rector do procedemento, ó que dota de facultades que aumentan o ámbito das que lle correspondían no dereito anterior e a discrecionalidade con que pode exercelas, sempre motivando as resolucións.

A competencia para coñecer do concurso atribúeselles ós novos xulgados do mercantil, que se crean, ó fío desta lei, na Lei orgánica para a reforma concursal, mediante a pertinente modificación da Lei orgánica do poder xudicial.

Os criterios de competencia territorial parten do dato económico-real da localización do centro dos intereses principais do debedor, xa adoptado en regras internacionais, que se prefire ó do domicilio, de predominante carácter xurídico-formal. Non obstante, se o centro dos intereses principais e o domicilio do debedor non coincisen, concédeselle ó acredor solicitante do concurso a facultade de elixir calquera deles para efectos de competencia territorial. En caso de persoa xurídica, presúmese que ámbolos lugares coinciden, pero considérase ineficaz para estes efectos o cambio de domicilio efectuado nos seis meses anteriores á solicitude de concurso, para evitar que a competencia se configure con criterios ficticios.

Conforme as regras xerais da nova Lei de axuízamento civil, non se admite máis cuestión de competencia que a interposta mediante declinatoria, pero esta non suspenderá o procedemento concursal e todo o actuado será válido aínda que se estime.

A Lei orgánica do poder xudicial, modificada pola Lei orgánica para a reforma concursal, atribúelle ó xuíz do concurso xurisdicción exclusiva e excluínte naquelas materias que se consideran de especial transcendencia para o patrimonio do debedor, aínda que sexan de natureza social, así como as de execución e as cautelares, calquera que sexa o órgano do que dimanasen. O carácter universal do concurso xustifica a concentración nun só órgano xurisdiccional do coñecemento de todas estas materias, a dispersión das cales quebranta a necesaria unidade procedemental e de decisión.

Ademais, a Lei concursal concédeselle ó xuíz do concurso unha ampla discrecionalidade no exercicio das súas competencias, o que contribúe a facilita-la flexibilidade do procedemento e a súa adecuación ás circunstancias de cada caso. As facultades discretoriais do xuíz maniféstanse en cuestións tan importantes como a adopción de medidas cautelares con anterioridade á súa declaración ou á entrada en funcionamento da administración concursal; a ampliación da publicidade que se teña que dar á declaración de concurso e a outras resolucións de interese de terceiros; a acumulación de concursos; o nomeamento, a separación e o réxime de funcionamento dos administradores concursais; a graduación dos efectos da declaración de concurso sobre a persoa do debedor, os acredores e os contratos; a aprobación do plan de liquidación ou o réxime de pagamento de créditos.

A administración concursal régúlase conforme un modelo totalmente diferente do ata agora en vigor e óptase por un órgano colexiado na composición do cal se combina a profesionalidade naquelas materias de relevancia para todo concurso —a xurídica e a económica— coa presenza representativa dun acredor que sexa titular dun crédito ordinario ou con privilexio xeral, que non estea garantido. As únicas excepcións ó réxime de composición deste órgano veñen determinadas pola natureza da persoa do concursado —cando se trate de entidade emisora de valores cotizados en bolsa, empresa de servizos de investimento, entidade de crédito ou aseguradora—, ou pola escasa importancia do concurso — caso no que o xuíz poderá nomear un só administrador, de carácter profesional—.

A administración concursal encoméndanselle funcións moi importantes, que terá que exercer de forma colexiada, salvo as que o xuíz lle atribúa individualizadamente a algún dos seus membros. Cando a complexidade do procedemento o esixa, o xuíz poderá autoriza-la delegación de determinadas funcións en auxiliares.

A lei prevé a regulamentación mediante arancel da retribución dos administradores concursais e fixa como criterios os de contía do activo e do pasivo e a previsible complexidade do concurso. En todo caso, compételle ó xuíz aproba-la retribución.

Regúlase o réxime de responsabilidade dos administradores fronte ó debedor e ós acredores e o da súa separación por xusta causa.

Son funcións esenciais deste órgano as de intervir nos actos realizados polo debedor en exercicio das súas facultades patrimoniais ou substituí-lo debedor cando fose suspendido nese exercicio, así como a de redactar o informe da administración concursal ó que se terán que unir o inventario da masa activa, a lista de acredores e, se é o caso, a avaliación das propostas de convenio presentadas.

A lei establece regras precisas para a elaboración destes documentos. O inventario conterá a relación e a taxación dos bens e dereitos que integran a masa activa. Regúlase o tratamento dos bens conxugais conforme o réxime económico do matrimonio do debedor persoa casada, así como o dereito de separación dos bens de propiedade allea en poder do debedor.

A lista de acredores comprenderá unha relación dos recoñecidos e outra dos excluídos, así como unha adicional, separada, dos que conforme a lei teñen a consideración de créditos contra a masa.

A administración concursal terase que pronunciar sobre a inclusión de tódolos créditos postos de manifesto no procedemento, tanto dos que fosen comunicados no prazo e na forma que a lei establece como dos que resultasen dos libros e documentos do debedor ou que por calquera outro medio consten no concurso. Na relación dos recoñecidos, os créditos clasificaranse, conforme a lei, en privilexiados —con privilexio especial ou xeral—, ordinarios e subordinados.

## V

A regulación desta materia de clasificación dos créditos constitúe unha das innovacións máis importantes que introduce a lei, porque reduce drasticamente os privilexios e preferencias para efectos do concurso, sen prexuízo de que poidan subsistir en execucións singulares, por virtude das tercerías de mellor dereito. Considérase que o principio de igualdade de tratamento dos acredores ten que constituí-la regra xeral do concurso, e que as súas excepcións teñen que ser moi contadas e sempre xustificadas.

As excepcións que a lei admite son positivas ou negativas, en relación cos créditos ordinarios. As primeiras concréntanse nos privilexios, especiais ou xerais, por razón das garantías de que gocen os créditos ou da causa ou natureza destes. Os acredores privilexiados, en principio, só afectará o convenio coa súa conformidade e, en caso de liquidación, pagaráselles con prioridade respecto dos ordinarios. Pero eses privilexios redúcense en número e mesmo limitáanse na súa contía a algúns dos tradicionalmente recoñecidos, como os tributarios e os de cotas da Seguridade Social (ata o 50 por cento do seu importe en cada caso). Pola súa parte, os salarios dos últimos 30 días de traballo anteriores á declaración do concurso e en contía que non supere o dobre do salario mínimo interprofesional, e os devengados con posterioridade á declaración de concurso, así como os de indemnización por extinción do contrato de traballo, acordada polo xuíz do concurso, terán a consideración de créditos contra a masa e serán satisfeitos con preferencia respecto dos créditos concursais; os salarios do artigo 32.1 do Estatuto dos traballadores serán satisfeitos con anterioridade ó resto de créditos concursais; e os salariais do artigo 32.3 do mesmo texto gozarán de privilexio xeral, o mesmo que as indemnizacións derivadas de accidente de traballo e as recargas sobre as prestacións por incumprimento das obrigas en materia de saúde laboral devengadas con anterioridade á declaración do concurso. Preténdese así evitar que o concurso se consuma co pagamento dalgúns créditos, e, sen des-

coñece-lo interese xeral da satisfacción destes, conxugalo co da masa pasiva no seu conxunto, ó mesmo tempo que se fomentan solucións de convenio que estean apoiadas polos traballadores e a Administración pública na parte en que os seus créditos non gozan de privilexio.

As excepcións negativas son as dos créditos subordinados, unha nova categoría que introduce a lei para clasificar aqueles que merecen quedar postergados tras os ordinarios, por razón da súa tardía comunicación, por pacto contractual, polo seu carácter accesorio (intereses), pola súa natureza sancionadora (multas) ou pola condición persoal dos seus titulares (persoas especialmente relacionadas co concursado ou partes de mala fe en actos prexudiciais para o concurso). Para estes efectos, convén precisar que a categoría de créditos subordinados inclúe os xuros devengados e sancións impostas con ocasión da exacción dos créditos públicos, tanto tributarios como da Seguridade Social. Os titulares destes créditos subordinados carecen de dereito de voto na xunta de acredores e, en caso de liquidación, non poderán ser pagados ata que quedasen integramente satisfeitos os ordinarios.

A subordinación por motivo de especiais relacións persoais co concursado non só se basea nas de parentesco ou de convivencia de feito, senón que, en caso de persoa xurídica, se estende ós socios con responsabilidade polas débedas sociais ou cunha participación significativa no capital social, así como ós administradores de dereito ou de feito, ós liquidadores e ás sociedades do mesmo grupo. En todo caso, a clasificación afecta tamén os cesionarios ou adxudicatarios de créditos pertencentes a persoas especialmente relacionadas co concursado se a adquisición se produce dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso.

## VI

As solucións do concurso previstas na lei son o convenio e a liquidación para a respectiva tramitación dos cales se articulan específicas fases no procedemento.

O convenio é a solución normal do concurso, que a lei fomenta cunha serie de medidas, orientadas a alcanzala satisfacción dos acredores a través do acordo contido nun negocio xurídico no que a autonomía da vontade das partes goza dunha grande amplitude.

Entre as medidas para facilitar esta solución do concurso destaca a admisión da proposta anticipada de convenio que o debedor pode presentar coa propia solicitude de concurso voluntario ou, mesmo, cando se trate de concurso necesario, ata a expiración do prazo de comunicación de créditos, sempre que vaia acompañada de adhesións de acredores na porcentaxe que a lei establece. A regulación desta proposta anticipada permite, incluso, a aprobación xudicial do convenio durante a fase común do concurso, cunha notoria economía de tempo e de gastos respecto dos actuais procedementos concursais.

Noutro caso, se non se aproba unha proposta anticipada e o concursado non opta pola liquidación do seu patrimonio, a fase de convenio ábrese unha vez concluído o trámite de impugnación do inventario e da lista de acredores.

A lei procura axilizar a tramitación das propostas de convenio. A proposta anticipada que non alcanzase adhesións suficientes para a súa aprobación poderá ser mantida en xunta de acredores. O concursado que non presentase proposta anticipada nin solicitase a liquidación e os acredores que representen unha parte significativa do pasivo poderán presentar propostas incluso ata 40 días antes do sinalado para a celebración da xunta. Ata o momento do peche da lista de asistentes a esta poderán admitirse adhesións ás propostas, o que contribuirá a axilizarlos cómputos de votos e, en xeral, o desenvolvemento da xunta.

Tamén é flexible a lei na regulación do contido das propostas de convenio, que poderá consistir en proposicións de quitación ou de espera, ou acumular ambas; pero as primeiras non poderán exceder da metade do importe de cada crédito ordinario, nin as segundas de cinco anos a partir da aprobación do convenio, sen prexuízo dos supostos de concurso de empresas de especial transcendencia para a economía e de presentación de proposta anticipada de convenio cando así o autorice o xuíz. Admítense proposicións alternativas, como as ofertas de conversión do crédito en accións, participacións ou cotas sociais, ou en créditos participativos. O que non admite a lei é que, a través de cesións de bens e dereitos en pagamento ou para pagamento de créditos ou outras formas de liquidación global do patrimonio do concursado, o convenio se converta en cobertura de solución distinta daquela que lle é propia. Para asegurar esta e a posibilidade de cumprimento, a proposta de convenio ten que ir acompañada dun plan de pagamentos.

A finalidade de conservación da actividade profesional ou empresarial do concursado pode cumprirse a través dun convenio, á proposta do cal se xuntará un plan de viabilidade. Aínda que o obxecto do concurso non sexa o saneamento de empresas, un convenio de continuación pode ser instrumento para salva-las que se consideren total ou parcialmente viables, en beneficio non só dos acredores, senón do propio concursado, dos traballadores e doutros intereses. O informe preceptivo da administración concursal é unha garantía máis desta solución.

O regula-las maiorías necesarias para a aceptación das propostas de convenio, a lei prima as que menor sacrificio comportan para os acredores, reducindo a maioría á relativa do pasivo ordinario.

O convenio necesita aprobación xudicial. A lei regula a oposición á aprobación, as persoas lexitimadas e os motivos de oposición, así como os de rexeitamento de oficio polo xuíz do convenio aceptado.

A aprobación do convenio non produce a conclusión do concurso, que só se alcanza co cumprimento daquel.

## VII

A lei concédelle ó debedor a facultade de optar por unha solución liquidatoria do concurso, como alternativa á de convenio, pero tamén lle impón o deber de solicita-la liquidación cando durante a vixencia dun convenio coñeza a imposibilidade de cumprilo-pagos comprometidos e as obrigas contraídas con posterioridade á súa aprobación. Nos casos de apertura de oficio ou por solicitude de acredor, a liquidación é sempre unha solución subsidiaria, que opera cando non se alcanza ou se frustra a de convenio. A unidade e a flexibilidade do procedemento permiten nestes supostos pasar de forma rápida e simple á fase de liquidación. É esta unha das principais e máis vantaxosas novidades que introduce a lei, fronte á anterior diversidade de procedementos concursais e, concretamente, fronte á necesidade de solicita-la declaración de quebra nos casos en que non se alcanzase ou se incumprise un convenio no expediente de suspensión de pagamentos.

Os efectos da liquidación son, loxicamente, máis severos. O concursado quedará sometido á situación de suspensión no exercicio das súas facultades patrimoniais de administración e disposición e substituído pola administración concursal; se fose persoa natural, perderá o dereito a alimentos con cargo á masa; se fose persoa xurídica, declararase a súa disolución, de non estar xa acordada, e, en todo caso, o cesamento dos seus administradores ou liquidadores.

A lei reserva para esta fase de liquidación os clásicos efectos concursais de vencemento anticipado dos cré-

ditos adiados e conversión en diñeiro dos que consistan noutras prestacións.

Malia a maior imperatividade das normas que regulan esta fase, a lei dótaas tamén da conveniente flexibilidade, como se reflicte no plan de liquidación, que terá que prepara-la administración concursal e sobre o que poderán formular observacións ou propostas o debedor e os acredores concursais antes da súa aprobación polo xuíz. Só se esta non se produce e, se é o caso, no que non preveña o plan aprobado, aplicaranse supletoriamente as regras legais sobre realización de bens e dereitos da masa activa do concurso.

Aínda neste último caso, a lei procura a conservación das empresas ou unidades productivas de bens ou servizos integradas na masa, mediante o seu alleamento como un todo, salvo que resulte máis conveniente ós intereses do concurso a súa división ou a realización illada de todos ou algún dos seus elementos compoñentes, con preferencia ás solucións que garantan a continuidade da empresa.

A lei quere evita-la excesiva prolongación das operacións liquidatorias, para este fin imponlle á administración concursal a obriga de informar trimestralmente do estado daquelas e sinalalle o prazo dun ano para rematalas, coas sancións, se o incumprise, de separación dos administradores e perda do dereito a retribución.

As operacións de pagamento ós acredores regúlanse dentro da fase de liquidación. Os créditos contra a masa operan co carácter de prededucibles, no sentido de que, antes de proceder ó pagamento dos concursais, teñen que deducirse da masa activa os bens e dereitos, non afectos a créditos singularmente privilexiados, que sexan necesarios para satisfacer aqueles ós seus respectivos vencementos.

Como xa quedou exposto ó tratar dos efectos da declaración de concurso sobre os créditos con garantía real, a lei regula o pagamento dos créditos con privilexio especial de forma moi flexible, para evitar, en interese da masa, a realización dos bens ou dereitos afectos, autorízala con subsistencia do gravame ou mediante venda directa.

A regulación legal establece a orde dos pagamentos con privilexio xeral, dos ordinarios e dos subordinados, e recolle os supostos especiais de pagamentos anticipados, de débedas solidarias e dos realizados en fase de cumprimento de convenio anterior á de liquidación.

## VIII

Unha das materias nas que a reforma foi máis profunda é a de cualificación do concurso. A lei limita a formación da sección de cualificación a supostos moi concretos: a aprobación dun convenio que, pola contía da quitación ou a duración da espera, resulte especialmente gravoso para os acredores, e a apertura da liquidación.

Nestes supostos, o concurso cualificarase como fortuíto ou como culpable. A última cualificación resérvase a aqueles casos nos que na xeración ou agravación do estado de insolvencia mediase dolo ou culpa grave do debedor, ou dos seus representantes legais, administradores ou liquidadores.

A lei formula o criterio xeral de cualificación do concurso como culpable e a continuación enuncia unha serie de supostos que, en todo caso, determinan esa cualificación, pola súa intrínseca natureza, e outra de supostos que, salvo proba en contrario, son presuntivos de dolo ou culpa grave, por constituír incumprimento de determinadas obrigas legais relativas ó concurso.

Se o preceptivo informe da administración concursal e o dictame do Ministerio Fiscal coincidisen na cualificación do concurso como fortuíto, arquivaranse as actuacións sen máis trámites. Noutro caso, a cualifica-



ción como culpable decidírase tras un contradictorio, no que serán partes o Ministerio Fiscal, a administración concursal, o debedor e tódalas persoas que puidesen resultar afectadas pola cualificación. A oposición substanciaríase polos trámites do incidente concursal. A sentenza que cualifique o concurso como culpable terá que determina-las persoas afectadas e, se é o caso, as declaradas cómplices; imporá a todas aquelas a inhabilitación para administrar bens alleos e para representar a calquera persoa, sanción que será temporal, durante un período de dous a 15 anos; imporalles, así mesmo, a perda de calquera dereito que tivesen como acredores concursais ou da masa e a condena a devolve-los bens e dereitos que indebidamente obtivesen do debedor ou recibisen da masa activa, máis a de indemniza-los danos e perdas causados.

É novidade a previsión dun procedemento para ase-gura-lo rexistro público das sentencias que declaren concursados culpables e daquelas resolucións que acorden a designación ou a inhabilitación dos administradores concursais nos casos que a propia lei prevé.

Os efectos da cualificación limitáanse á esfera civil, sen transcender á penal nin constituír condición de prexudicialidade para a persecución das condutas que puideran ser constitutivas de delitos. A lei mantén a neta separación de ilícitos civís e penais nesta materia.

## IX

A lei regula detalladamente as causas de conclusión do concurso, a natureza do cal pode ser moi diversa: ben porque a apertura non se axustou a dereito (revogación do auto de declaración de concurso), ben porque o procedemento alcanzou a súa finalidade (cumprimento do convenio, íntegra satisfacción de tódolos acredores), ben pola súa frustración (inexistencia de bens e dereitos cos que satisfácelos acredores), ben polo exercicio do dereito de disposición das partes sobre o procedemento (desistencia ou renuncia da totalidade dos acredores recoñecidos transacción do debedor con eles, causas estas que, polas súas características, só poden operar unha vez terminada a fase común do procedemento e que existen aceptación ou homologación do xuíz, logo do informe da administración concursal).

Nos casos de conclusión por inexistencia de bens e dereitos, do concursado ou de terceiros responsables, cos que satisfácelos acredores, que conservan o seu dereito a facer efectiva a responsabilidade do debedor sobre os que no futuro aparezan, a lei recolle tamén a reapertura do concurso, tanto se se trata de debedor persoa natural como de persoa xurídica. Neste último caso, posto que a conclusión por inexistencia de activos patrimoniais leva consigo a extinción da persoa xurídica, a reapertura por aparición posterior de bens e dereitos concretarase a liquidalos; pero se se trata de persoa natural, a continuación da súa actividade patrimonial podería reflectirse tanto na aparición de activos como de novos pasivos, o que terá que terse en conta na actualización do inventario e da lista de acredores.

## X

A flexibilidade que inspira todo o procedemento concursal combínase coas características de rapidez e simplicidade. A Lei de axuizamento civil actúa como supletoria da lei concursal, en canto esta non estableza normas procesuais especiais. A finalidade que se persegue é a de reconducir-la complexidade do concurso a un procedemento que permita a súa máis pronta, eficaz e económica tramitación, sen mingua das garantías que esixe a tutela xudicial efectiva de tódolos interesados.

Peza básica neste sistema procesual da nova lei é o incidente concursal, un procedemento especial a través

do cal se ventilarán tódalas cuestións que se susciten durante o concurso e que non teñan sinalada na lei outra tramitación distinta. Este incidente configúrase con dúas modalidades procesuais distintas, segundo a materia sobre a que verse: unha que ten por obxecto resolver aquelas materias de índole laboral que se presenten no marco do procedemento concursal, e outra modalidade para trata-las materias estrictamente concursais. Con estas dúas modalidades de incidente obtense unha maior eficacia do proceso concursal.

A celeridade deste procedemento complementábase cun adecuado sistema de recursos, no que, en principio, só se admite o de reposición contra providencias e autos e o de apelación contra sentencias que aproben ou rexeiten o convenio, o seu cumprimento ou incumprimento e a conclusión do concurso, aínda que neste recurso poden volver suscitarse as cuestións resoltas en reposición ou en incidentes concursais durante a fase común ou a de convenio. Contra as sentencias resolutorias de incidentes suscitados con posterioridade ou durante a fase de liquidación, caberá tamén recurso de apelación.

Só se admite o recurso de casación e o extraordinario de infracción procesal contra as sentencias que resolvan a apelación cando se trate de aprobar ou rexeitar un convenio, declara-lo seu cumprimento ou incumprimento, cualifica-lo concurso, resolver sobre accións de reintegración ou acorda-la conclusión do concurso.

Igualmente, e para facer plenamente efectiva a aplicación da lexislación social ás cuestións desta natureza e unifica-la doutrina en tan sensible materia, introdúcese o recurso de duplicación e os demais que prevé a lei contra as resolucións dos xulgados do mercantil da comunidade autónoma en materia laboral e as que resolvan os incidentes concursais que versen sobre a mesma materia.

Deste modo, en liña coa orientación da nova Lei de axuizamento civil, elimínase a multiplicidade de recursos de apelación interlocutorios, de natureza parcial ou relativos a resolucións non definitivas, que actualmente dificultan e dilatan a tramitación dos procedementos concursais, e ordénase, sen mingua das garantías procesuais, un sistema de recursos que obriga ás partes a concentrar e racionaliza-los seus motivos de desconformidade e facilita a súa resolución coa necesaria visión de conxunto.

## XI

Especial atención dedica a lei ás cuestións que suscita o concurso con elemento estranxeiro, fenómeno carente de adecuada regulación no dereito anterior e cada vez máis frecuente nunha economía globalizada.

A Lei concursal contén unhas normas de dereito internacional privado sobre esta materia, que seguen, coas convenientes adaptacións, o modelo do Regulamento (CE) n.º 1346/2000, sobre procedementos de insolvencia. Así, facilítase a aplicación de ámbolos textos no ámbito intracomunitario e axústase o mesmo modelo normativo á regulación doutras relacións xurídicas que están fóra dese ámbito. Neste sentido, a nova regulación inspírase tamén na Lei modelo da Comisión das Nacións Unidas para o Dereito Mercantil Internacional (CNUDMI-UNCITRAL) sobre Insolvencia Transfronteiriza, recomendada pola Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas na súa Resolución 52/158, do 15 de decembro de 1997.

A competencia internacional para declarar e tramita-lo concurso baséase no lugar de situación do centro dos intereses principais do debedor, tendo o carácter de «principal» o concurso que se declare sobre esa base, sen prexuízo de que se poidan abrir outros concursos «territoriais» naqueles estados nos que o debedor teña establecementos.

Regúlense as relacións entre procedemento principal e territorial e os seus respectivos efectos, o recoñecemento en España dos abertos no estranxeiro e dos seus administradores ou representantes, co fin de establecer a mellor coordinación entre eles, en beneficio da seguridade xurídica e da eficiencia económica no tratamento destes fenómenos, o que constitúe unha das materias nas que con maior relevo se pon de manifesto a modernización introducida pola reforma concursal.

## XII

A profundidade da reforma ten a súa máis clara expresión nas disposicións adicionais, transitorias, derogatoria e derradeiras que cerran a lei. O alcance da nova regulación esténdese a múltiples sectores do noso ordenamento xurídico e afecta numerosas normas, que, en virtude da reforma, teñen que quedar modificadas, nuns casos e, derogadas, noutros. Preténdese así harmonizar o dereito vixente coa reforma introducida por esta lei e, ó propio tempo, limita-lo ámbito desta á materia concursal. Isto explica que das disposicións contidas no título XVII do libro IV do Código civil («Da concorrencia e da prelación de créditos») se derroguen as relativas ós procedementos colectivos de quitación e espera e de concurso e se manteñan as de preferencia de créditos para os supostos de execución singular. Do mesmo modo, subsisten para eses supostos os chamados «privilexios» mercantís, aínda que no concurso non se admitan máis que os expresamente recoñecidos nesta lei. Obxecto de regulación específica son os privilexios sobre buques e aeronaves, ós titulares dos cales se lles recoñece no concurso dereito de separación para a súa execución extraconcursal.

A delimitación dos ámbitos concursal e extraconcursal da concorrencia e prelación de créditos, se ben responde a unha correcta definición da materia propia desta lei, pode ocasionar na práctica problemas de desaxuste, pola moi diversa regulación que mantén o vello dereito respecto da que establece a reforma concursal, pero o alcance desta non se pode estender a unha revisión completa de toda a materia de preferencias de créditos que rexen fóra do concurso. Resulta necesaria esa revisión, e agora non só polo arcaísmo dun sistema formado por sedimentos históricos carente da orde lóxica que debe presidir esta materia, senón pola urxente esixencia da súa harmonización coa reforma concursal. Por iso, a disposición derradeira trixésima primeira encoméndalle ó Goberno que no prazo de seis meses contado desde a data de entrada en vigor desta lei presente ás Cortes Xerais un proxecto de lei sobre reforma dos Códigos civil e de comercio en materia de concorrencia e prelación de créditos en caso de execucións singulares.

A lei respectou a lexislación específica aplicable ás entidades de crédito, ás aseguradoras e ás operacións relativas ós sistemas de pagamentos e de compensación de valores ou instrumentos financeiros derivados, en gran parte imposta polo dereito da Unión Europea, e que afecta determinados aspectos do concurso. Só en defecto de normas especiais e na medida en que sexan compatibles coa natureza daqueles sistemas, aplicaranse nesta materia as desta lei.

Materia especialmente delicada é a relativa ó dereito transitorio, na que a lei optou por respecta-lo principio de irretroactividade con algunhas excepcións, dúas delas moi sinaladas: a primeira, para facer posible a aplicación ós procedementos que se encontran en trámite das normas sobre conclusión do concurso; a segunda, para permiti-la aplicación a aqueles procedementos do réxime máis flexible de proposta de convenio e de adhesións que establece esta lei, o que contribuirá a facilita-la tramitación dos que se encontran en curso e mesmo, nalgúns casos, a conclusión daqueles que se encontren

paralizados. Previuse tamén, transitoriamente, a competencia dos xulgados de primeira instancia, ata a entrada en funcionamento dos xulgados do mercantil.

A través destas medidas lexislativas, con plenas garantías constitucionais, insírese no ordenamento xurídico español a reforma concursal, unha das máis importantes pezas ata agora pendentes no proceso de modernización do noso dereito.

## TÍTULO I

### Da declaración de concurso

#### CAPÍTULO I

#### Dos presupostos do concurso

##### Artigo 1. *Presuposto subxectivo.*

1. A declaración de concurso procederá respecto de calquera debedor, sexa persoa natural ou xurídica.

2. O concurso da herdanza poderá declararse en canto non fose aceptada pura e simplemente.

3. Non poderán ser declaradas en concurso as entidades que integran a organización territorial do Estado, os organismos públicos e demais entes de dereito público.

##### Artigo 2. *Presuposto obxectivo.*

1. A declaración de concurso procederá en caso de insolvencia do debedor común.

2. Encóntrase en estado de insolvencia o debedor que non pode cumprir regularmente as súas obrigas esixibles.

3. Se a solicitude de declaración de concurso a presenta o debedor, deberá xustifica-lo seu endebedamento e o seu estado de insolvencia, que poderá ser actual ou inminente. Encóntrase en estado de insolvencia inminente o debedor que prevexa que non poderá cumprir regular e puntualmente as súas obrigas.

4. Se a solicitude de declaración de concurso a presenta un acredor, deberá fundala en título polo cal se despachase execución ou constrinximento sen que do embargo resultasen bens libres bastantes para o pagamento, ou na existencia dalgún dos seguintes feitos:

1.º O sobresemento xeral no pagamento corrente das obrigas do debedor.

2.º A existencia de embargos por execucións pendentes que afecten dunha maneira xeral o patrimonio do debedor.

3.º O alzamento ou a liquidación apresurada ou ruínosa dos seus bens polo debedor.

4.º O incumprimento xeneralizado de obrigas dalgunha das clases seguintes: as de pagamento de obrigas tributarias esixibles durante os tres meses anteriores á solicitude de concurso; as de pagamento de cotas da Seguridade Social, e demais conceptos de recadación conxunta durante o mesmo período; as de pagamento de salarios e indemnizacións e demais retribucións derivadas das relacións de traballo correspondentes ás tres últimas mensualidades.

##### Artigo 3. *Lexitimación.*

1. Para solicita-la declaración de concurso están lexitimados o debedor e calquera dos seus acredores.

Se o debedor for persoa xurídica, será competente para decidir sobre a solicitude o órgano de administración ou de liquidación.

2. Por excepción ó disposto no punto anterior, non está lexitimado o acredor que, dentro dos seis meses anteriores á presentación da solicitude, adquirise o cré-



dito por actos inter vivos e a título singular, despois do seu vencemento.

3. Para solicita-la declaración de concurso dunha persoa xurídica, están tamén lexitimados os socios, membros ou integrantes que sexan persoalmente responsables, conforme a lexislación vixente, das débedas daquela.

4. Os acredores do debedor falecido, os herdeiros deste e o administrador da herdanza poderán solicita-la declaración de concurso da herdanza non aceptada pura e simplemente. A solicitude formulada por un herdeiro producirá os efectos da aceptación da herdanza a beneficio de inventario.

5. O acredor poderá insta-la declaración xudicial conxunta de concurso de varios dos seus debedores cando exista confusión de patrimonios entre estes, ou, sendo estes persoas xurídicas, formen parte do mesmo grupo, con identidade substancial dos seus membros e unidade na toma de decisións.

#### Artigo 4. *Da intervención do Ministerio Fiscal.*

Cando en actuacións por delitos contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica se poñan de manifesto indicios de estado de insolvencia dalgún presunto responsable penal e da existencia dunha pluralidade de acredores, o Ministerio Fiscal instará do xuíz que estea coñecendo da causa a comunicación dos feitos ó xuíz do mercantil con competencia territorial para coñecer do concurso do debedor, para os efectos pertinentes, por se respecto deste se encontrase en tramitación un procedemento concursal.

Así mesmo, o Ministerio Fiscal instará do xuíz que coñeza da causa a comunicación daqueles feitos ós acredores a identidade dos cales resulte das actuacións penais en curso, co fin de que, se é o caso, poidan solicita-la declaración de concurso ou exercesen as accións que lles correspondan.

#### Artigo 5. *Deber de solicita-la declaración de concurso.*

1. O debedor deberá solicita-la declaración de concurso dentro dos dous meses seguintes á data na que coñecese ou debese coñecer-lo seu estado de insolvencia.

2. Agás proba en contrario, presumirase que o debedor coñeceu o seu estado de insolvencia cando acaecese algún dos feitos que poden servir de fundamento a unha solicitude de concurso necesario conforme o número 4 do artigo 2 e, se se trata dalgún dos previstos no seu número 4.º, transcorrese o prazo correspondente.

#### Artigo 6. *Solicitude do debedor.*

1. No escrito de solicitude de declaración de concurso, o debedor expresará se o seu estado de insolvencia é actual ou se o prevé como inminente.

2. Á solicitude xuntaranse os documentos seguintes:

1.º Poder especial para solicita-lo concurso. Este documento poderá ser substituído mediante a realización de apoderamento *apud acta*.

2.º A memoria expresiva da historia económica e xurídica do debedor, da actividade ou actividades a que se dedicase durante os tres últimos anos e dos establecementos, oficinas e explotacións de que sexa titular, das causas do estado en que se encontre e das valoracións e propostas sobre a viabilidade patrimonial.

Se o debedor for persoa casada, indicará na memoria a identidade do cónxuxe, con expresión do réxime económico do matrimonio.

Se o debedor for persoa xurídica, indicará na memoria a identidade dos socios ou asociados de que teña constancia, dos administradores ou dos liquidadores e, se é o caso, do auditor de contas, así como se forma parte

dun grupo de empresas, enumerando as entidades integradas neste, e se ten admitidos valores a cotización en mercado secundario oficial.

Se se tratase dunha herdanza, indicaranse na memoria os datos do causante.

3.º Un inventario de bens e dereitos, con expresión da súa natureza, lugar no que se encontren, datos de identificación rexistral se é o caso, valor de adquisición, correccións valorativas que procedan e estimación do valor real actual. Indicaránse tamén os gravames, trabas e cargas que afecten estes bens e dereitos, con expresión da súa natureza e os datos de identificación.

4.º Relación de acredores, por orde alfabética, con expresión da identidade de cada un deles, así como da contía e o vencemento dos respectivos créditos e as garantías persoais ou reais constituídas. Se algún acredor reclamase xudicialmente o pagamento, identificarase o procedemento correspondente e indicarse o estado das actuacións.

3. Se o debedor estiver legalmente obrigado a levar contabilidade, presentará ademais:

1.º Contas anuais e, se é o caso, informes de xestión ou informes de auditoría correspondentes ós tres últimos exercicios.

2.º Memoria dos cambios significativos operados no patrimonio con posterioridade ás últimas contas anuais formuladas e depositadas e das operacións que pola súa natureza, obxecto ou contía excedan do xiro ou tráfico ordinario do debedor.

3.º Estados financeiros intermedios elaborados con posterioridade ás últimas contas anuais presentadas, no caso de que o debedor estivese obrigado a comunicalos ou remitilos a autoridades supervisoras.

4.º No caso de que o debedor forme parte dun grupo de empresas, como sociedade dominante ou como sociedade dominada, presentará tamén as contas anuais e o informe de xestión consolidados correspondentes ós tres últimos exercicios sociais e o informe de auditoría emitido en relación coas ditas contas, así como unha memoria expresiva das operacións realizadas con outras sociedades do grupo durante ese mesmo período.

4. No suposto previsto no artigo 142.1.1.º deberá xuntarse proposta de plan de liquidación.

5. Cando non se xunte algún dos documentos mencionados neste artigo ou faltase neles algún dos requisitos ou datos esixidos, o debedor deberá expresar na súa solicitude a causa que o motivase.

#### Artigo 7. *Solicitude do acredor e dos demais lexitimados.*

1. O acredor que inste a declaración de concurso deberá expresar na solicitude a orixe, natureza, importe, datas de adquisición e vencemento e situación actual do crédito, do que xuntará documento acreditativo.

Os demais lexitimados deberán expresar na solicitude o carácter no que a formulan, xuntando o documento do que resulte a súa lexitimación ou propoñendo a proba para acreditarla.

2. En todo caso, expresaranse na solicitude os medios de proba de que se valla ou pretenda valerse o solicitante para acreditarlos feitos en que a fundamenta. A proba testifical non será bastante por si soa.

## CAPÍTULO II

### Do procedemento de declaración

#### SECCIÓN 1.ª XURISDICCIÓN E COMPETENCIA

#### Artigo 8. *Xuíz do concurso.*

Son competentes para coñecer do concurso os xuíces do mercantil. A xurisdicción do xuíz do concurso é exclusiva e excluínte nas seguintes materias:

1.º As accións civís con transcendencia patrimonial que se dirixan contra o patrimonio do concursado con excepción das que se exerzan nos procesos sobre capacidade, filiación, matrimonio e menores ás que se refire o título I do libro IV da Lei de axuízamento civil. Tamén coñecerá da acción a que se refire o artigo 17.1 desta lei.

2.º As accións sociais que teñan por obxecto a extinción, modificación ou suspensión colectivas dos contratos de traballo nos que sexa empregador o concursado, así como a suspensión ou extinción de contratos de alta dirección, sen prexuízo de que cando estas medidas supoñan modifica-las condicións establecidas en convenio colectivo aplicable a estes contratos se requirirá o acordo dos representantes dos traballadores. No axuízamento destas materias, e sen prexuízo da aplicación das normas específicas desta lei, deberanse ter en conta os principios inspiradores da ordenación normativa estatutaria e do proceso laboral.

3.º Toda execución fronte ós bens e dereitos de contido patrimonial do concursado, calquera que sexa o órgano que a ordenase.

4.º Toda medida cautelar que afecte o patrimonio do concursado excepto as que se adopten nos procesos civís que quedan excluídos da súa xurisdicción no parágrafo 1.º

5.º As que no procedemento concursal debe adoptar en relación coa asistencia xurídica gratuíta e, en concreto, as que lle atribúe a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.

6.º As accións tendentes a esixir responsabilidade civil ós administradores sociais, ós auditores ou, se é o caso, ós liquidadores, polos prexuízos causados ó concursado durante o procedemento.

#### Artigo 9. *Extensión da xurisdicción.*

A xurisdicción do xuíz esténdese a tódalas cuestións prexudiciais administrativas ou sociais directamente relacionadas co concurso ou a resolución das cales sexa necesaria para o bo desenvolvemento do procedemento concursal.

#### Artigo 10. *Competencia internacional e territorial.*

1. A competencia para declarar e tramita-lo concurso correspóndelle ó xuíz do mercantil no territorio do cal teña o debedor o centro dos seus intereses principais. Se o debedor tivese ademais en España o seu domicilio e o lugar deste non coincidise co centro dos seus intereses principais, será tamén competente, á elección do acreedor solicitante, o xuíz do mercantil no territorio do cal radique aquel.

Por centro dos intereses principais entenderase o lugar onde o debedor exerce de modo habitual e recoñecible por terceiros a administración de tales intereses. En caso de debedor persoa xurídica, presúmese que o centro dos seus intereses principais está no lugar do domicilio social. Será ineficaz para estes efectos o cambio de domicilio efectuado nos seis meses anteriores á solicitude do concurso.

Os efectos deste concurso, que no ámbito internacional se considerará «concurso principal», terán alcance universal, comprendendo tódolos bens do debedor, estean situados dentro ou fóra de España. No caso de que sobre os bens situados nun Estado estranxeiro se abra un procedemento de insolvencia, teranse en conta as regras de coordinación previstas no capítulo III do título IX desta lei.

2. Se se presentasen solicitudes de declaración do concurso ante dous ou máis xulgados competentes, será preferente aquel ante o que se presentase a primeira solicitude.

3. Se o centro dos intereses principais non se encontrase en territorio español, pero o debedor tivese neste

un establecemento, será competente o xuíz do mercantil no territorio do cal radique e, de existiren varios, onde se encontre calquera deles, á elección do solicitante.

Por establecemento entenderase todo lugar de operacións no que o debedor exerza de forma non transitoria unha actividade económica con medios humanos e bens.

Os efectos deste concurso, que no ámbito internacional se considerará «concurso territorial», limitaranse ós bens do debedor, afectos ou non á súa actividade, que estean situados en España. No caso de que no Estado onde o debedor ten o centro dos seus intereses principais se abra un procedemento de insolvencia, teranse en conta as regras de coordinación previstas no capítulo IV do título IX desta lei.

4. Nos casos de solicitude de declaración conxunta de concurso de varios debedores, será xuíz competente para declaralo o do lugar onde teña o centro dos seus intereses principais o debedor con maior pasivo, e se se trata dun grupo de sociedades, o da sociedade dominante.

A mesma regra aplicarase para determina-lo xuíz competente para a tramitación de concursos acumulados.

5. O xuíz examinará de oficio a súa competencia e determinará se esta se basea no número 1 ou no número 3 deste artigo.

#### Artigo 11. *Alcance internacional da xurisdicción.*

No ámbito internacional, a xurisdicción do xuíz do concurso comprende unicamente o coñecemento daquelas accións que teñan o seu fundamento xurídico na lexislación concursal e garden unha relación inmediata co concurso.

#### Artigo 12. *Declinatoria.*

1. O debedor poderá promover cuestión de competencia territorial por declinatoria dentro dos cinco días seguintes a aquel no que fose emprazado. Tamén a poderán promoverlos demais lexitimados para solicita-la declaración de concurso, no prazo de 10 días desde a última das publicacións ordenadas no número 1 do artigo 23.

2. A interposición de declinatoria, na que o promotor estará obrigado a indicar cal é o órgano competente para coñece-lo concurso, non suspenderá o procedemento concursal. En ningún caso se pronunciará o xuíz sobre a oposición do concursado sen que logo de audiencia do Ministerio Fiscal resolverse a cuestión de competencia promovida. En caso de que estime a cuestión de competencia, deberase inhibir a favor do órgano ó que corresponda a competencia, con emprazamento das partes e remisión do actuado.

3. Todo o actuado no concurso será válido aínda que se estime a declinatoria.

#### SECCIÓN 2.ª DA PROVISIÓN SOBRE A SOLICITUDE

#### Artigo 13. *Prazo para prover.*

1. No mesmo día ou, se non for posible, no seguinte hábil ó da súa repartición, o xuíz examinará a solicitude de concurso e, de a estimar completa, proverá conforme os artigos 14 ou 15.

Se a solicitude se refire a unha entidade de crédito ou a unha empresa de servizos de investimento, o xuíz, ó mesmo tempo de prover sobre ela, comunicarllela ó Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, e solicitará a relación dos sistemas de pagamentos e de liquidación de valores ou instrumentos financeiros derivados ós que pertenza a entidade afectada e a denominación e domicilio do seu xestor, nos termos previstos na lexislación especial aplicable.

O xuíz tamén lles comunicará a solicitude á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, se se refire

a unha entidade aseguradora; ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, se se refire a unha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, se se refire a unha sociedade que teña emitidos valores ou instrumentos financeiros negociados nun mercado secundario oficial.

2. Se o xuíz estimase que a solicitude ou a documentación que a acompaña teñen algún defecto, sinalaralle ó solicitante un prazo de xustificación ou emenda, que non poderá exceder de cinco días.

Xustificado ou emendado dentro do prazo, o xuíz no mesmo día ou, se non for posible, no seguinte hábil proverá conforme os artigos 14 ou 15. Noutro caso, o xuíz dictará auto que declare que non procede a admisión da solicitude. Esta resolución será susceptible de recurso de reposición.

#### Artigo 14. *Provisión sobre a solicitude do debedor.*

1. Cando a solicitude fose presentada polo debedor, o xuíz dictará auto que declare o concurso se da documentación achegada, apreciada no seu conxunto, resulta a existencia dalgún dos feitos previstos no número 4 do artigo 2, ou outros que acrediten a insolvencia alegada polo debedor.

2. Se o xuíz estimase insuficiente a documentación achegada, sinalaralle ó solicitante un prazo, que non poderá exceder de cinco días, para que complementa a acreditación da insolvencia alegada.

3. Contra o auto desestimatorio da solicitude de concurso só caberá recurso de reposición.

#### Artigo 15. *Provisión sobre a solicitude doutro lexitimado e acumulación de solicitudes.*

1. Cando a solicitude fose presentada por calquera lexitimado distinto ó debedor, o xuíz dictará auto admitíndoa a trámite e ordenando o emprazamento do debedor conforme o previsto no artigo 184, con traslado da solicitude, para que compareza no prazo de cinco días, dentro do cal se lle porán de manifesto os autos e poderá formular oposición á solicitude, propoñendo os medios de proba de que se intente valer.

2. Admitida a trámite a solicitude, as que se presenten con posterioridade acumularanse á primeiramente repartida e uníranse ós autos, tendo por comparecidos os novos solicitantes sen retrotraer-las actuacións.

#### Artigo 16. *Formación da sección primeira.*

Declarado o concurso por solicitude do debedor ou admitida a trámite a solicitude da declaración de concurso presentada por calquera outro lexitimado, o xuíz ordenará a formación da sección primeira, conforme o artigo 183, que se encabezará coa solicitude.

#### Artigo 17. *Medidas cautelares anteriores á declaración de concurso.*

1. A pedimento do lexitimado para instalo concurso necesario, o xuíz, ó admitir a trámite a solicitude, poderá adoptar-las medidas cautelares que considere necesarias para asegura-la integridade do patrimonio do debedor, de conformidade co previsto na Lei de axuízamento civil.

2. O xuíz poderá pedir-lle ó solicitante que preste fianza para responder dos eventuais danos e perdas que as medidas cautelares lle puideran producir ó debedor se a solicitude de declaración de concurso resultara finalmente desestimada.

3. Declarado o concurso ou desestimada a solicitude, o xuíz do concurso pronunciarase sobre a eficacia das medidas cautelares.

#### Artigo 18. *Avinza ou oposición do debedor.*

1. No caso de admisión a trámite da solicitude, se o debedor emprazado se aviñese á pretensión do solicitante ou non formulase oposición en prazo, o xuíz dictará auto declarando o concurso de acredores. A mesma resolución adoptará se, con posterioridade á solicitude de calquera lexitimado e antes de ser emprazado, o debedor instase o seu propio concurso.

2. O debedor poderá basea-la súa oposición na inexistencia do feito en que se fundamenta a solicitude ou en que, aínda existindo, non se encontra en estado de insolvencia. Neste último caso, incumbirá ó debedor a proba da súa solvencia e, se estivese obrigado legalmente a levar contabilidade, esta proba terá que basearse na que levara conforme a dereito.

Formulada oposición polo debedor, o xuíz, ó seguinte día, citará as partes a unha vista, prevíndoas para que comparezan a ela con tódolos medios da proba que se poida practicar no acto e, se o debedor estiver obrigado legalmente a leva-la contabilidade, advertindo a este para que compareza cos libros contables de levanza obrigatoria.

#### Artigo 19. *Vista.*

1. A vista celebrarase baixo a presidencia do xuíz, dentro dos 10 días seguintes a aquel en que se formulase oposición.

2. Se o debedor non comparecese, o xuíz dictará auto declarando o concurso. Se comparecese, no caso de que o crédito do acredor instante estiver vencido, o debedor consignará no acto da vista o importe do dito crédito á disposición do acredor, acreditará telo feito antes da vista ou manifestará a causa da falta de consignación.

No caso de que houber varios acredores comparecidos e se acumulasen as súas solicitudes de concurso, o debedor deberá consigna-las cantidades que se lles deben a todos eles, nas mesmas condicións expresadas.

3. No caso de que o solicitante non comparecese ou, facéndoo, non se ratificase na súa solicitude, e o xuíz considerase que concorre presuposto obxectivo para a declaración de concurso, de acordo co previsto no artigo 2, e das actuacións resulte a existencia doutros posibles acredores, antes de dictarse o auto que resolva sobre a solicitude, concederáselles un prazo de cinco días para que formulen as alegacións que lles conviñesen.

4. No caso de falta de consignación e nos que, malia ter sido efectuada, o acredor se ratificase na solicitude, así como cando o crédito do instante non vencese ou non tivese este a condición de acredor, o xuíz oír á partes e os seus avogados sobre a procedencia ou improcedencia da declaración de concurso e decidirá sobre a pertinencia dos medios de proba propostos ou que se propoñan neste acto, acordando a práctica inmediata das que se poidan realizar no mesmo día e sinalando para a das restantes o máis breve prazo posible, sen que poida exceder de 20 días.

5. O xuíz poderá interrogar directamente as partes e os peritos e testemuñas e apreciará as probas que se practiquen conforme as regras de valoración previstas na Lei de axuízamento civil.

#### Artigo 20. *Resolución sobre a solicitude e recursos.*

1. Practicadas as probas declaradas pertinentes ou transcorrido o prazo fixado para iso, o xuíz, dentro dos tres días seguintes, dictará auto declarando o concurso ou desestimando a solicitude. No primeiro caso, as custas terán a consideración de créditos contra a masa; no segundo, seranlle impostas ó solicitante, salvo que



o xuíz aprecie, e así o razoe, que o caso presentaba serias dúbidas de feito ou de dereito. En caso de desestimación da solicitude de concurso, unha vez firme o auto, procederáse a pedimento do debedor e polos trámites dos artigos 712 e seguintes da Lei de axuizamento civil, á determinación dos danos e perdas que, se é o caso, se lle ocasionasen como consecuencia da solicitude de concurso, e, unha vez determinados, requirirase de pagamento ó solicitante do concurso, procedéndose de inmediato, se non os pagase, á súa exacción forzosa.

2. Contra o pronunciamento do auto sobre a estimación ou desestimación da solicitude de concurso caberá, en todo caso, recurso de apelación, que non terá efecto suspensivo salvo que, excepcionalmente, o xuíz acorde o contrario; en tal caso terá que pronunciarse sobre o mantemento, total ou parcial, das medidas cautelares que se adoptasen. Se se trata de recorrer unicamente algún dos demais pronunciamentos contidos no auto de declaración do concurso, as partes poderán oporse ás concretas medidas adoptadas mediante recurso de reposición.

3. Estarán lexitimados para recorrer-lo auto de declaración de concurso o debedor que non a solicítase e calquera persoa que acredite interese lexítimo, aínda que non comparecese con anterioridade.

Para recorrer-lo auto desestimatorio só estará lexitimada a parte solicitante do concurso.

4. O prazo para interpo-lo recurso de reposición e para prepara-lo recurso de apelación contará, respecto das partes que comparecesen, desde a notificación do auto, e, respecto dos demais lexitimados, desde a última das publicacións ordenadas no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 23.

5. A desestimación dos recursos determinará a condena en custas do recorrente.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DA DECLARACIÓN DE CONCURSO

#### Artigo 21. *Auto de declaración de concurso.*

1. O auto de declaración de concurso conterá os seguintes pronunciamentos:

1.º O carácter necesario ou voluntario do concurso, con indicación, se é o caso, de que o debedor solicitou a liquidación.

2.º Os efectos sobre as facultades de administración e disposición do debedor respecto do seu patrimonio, así como o nomeamento e as facultades dos administradores concursais.

3.º En caso de concurso necesario, o requirimento ó debedor para que presente, no prazo de 10 días contados desde a notificación do auto, os documentos enumerados no artigo 6.

4.º Se é o caso, as medidas cautelares que o xuíz considere necesarias para asegura-la integridade, a conservación ou a administración do patrimonio do debedor ata que os administradores concursais acepten o cargo.

5.º O chamamento ós acredores para que poñan en coñecemento da administración concursal a existencia dos seus créditos, no prazo dun mes contado desde a última das publicacións acordadas no auto, dentro das que con carácter obrigatorio establece o punto 1 do artigo 23.

6.º A publicidade que se lle teña que dar á declaración de concurso.

7.º Se é o caso, a decisión sobre a formación de peza separada, conforme o disposto no artigo 77.2 en relación coa disolución da sociedade de gananciais.

8.º Se é o caso, a decisión sobre a procedencia de aplica-lo procedemento especialmente simplificado a que se refire o capítulo II do título VIII desta lei.

2. O auto producirá os seus efectos de inmediato, abrirá a fase común de tramitación do concurso, que

comprenderá as actuacións previstas nos catro primeiros títulos desta lei, e será executivo aínda que non sexa firme.

3. Declarado o concurso, ordenarase a formación das seccións segunda, terceira e cuarta. Cada unha destas seccións encabezarase polo auto ou, se é o caso, a sentenza que ordenase a súa formación.

4. A administración concursal realizará sen demora unha comunicación individualizada a cada un dos acredores a identidade e domicilio dos cales consten no concurso, informándoos da declaración deste e do deber de comunica-los seus créditos na forma establecida no artigo 85.

5. O auto notificaráselles ás partes que comparecesen. Se o debedor non comparecese, a publicación dos edictos a que se refire o artigo 23 producirá, respecto del, os efectos de notificación do auto.

Se o concursado for unha entidade de crédito ou unha empresa de servizos de investimento participante nun sistema de pagamentos e de liquidación de valores ou instrumentos financeiros derivados, o auto notificaráselles, no mesmo día da súa data, ó Banco de España, á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ó xestor dos sistemas ós que pertenza a entidade afectada, nos termos previstos na lexislación especial a que se refire a disposición adicional segunda.

Así mesmo, notificaráselle o auto á Comisión Nacional do Mercado de Valores cando o concursado sexa unha sociedade que emitise valores admitidos a cotización nun mercado oficial.

Se o concursado for unha entidade aseguradora, o auto notificaráselle, coa mesma celeridade, á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, e se for unha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, notificaráselle nos mesmos termos ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

#### Artigo 22. *Concurso voluntario e concurso necesario.*

1. O concurso de acredores terá a consideración de voluntario cando a primeira das solicitudes presentadas fose a do propio debedor. Nos demais casos, o concurso considerarase necesario.

2. Por excepción ó disposto no punto anterior, o concurso de acredores terá a consideración de necesario cando, nos tres meses anteriores á data da solicitude do debedor, se presentase e admitise a trámite outra por calquera lexitimado, aínda que este desistise, non comparecese ou non se ratificase.

#### Artigo 23. *Publicidade.*

1. A publicidade da declaración de concurso, así como das restantes notificacións, comunicacións e trámites do procedemento, poderá realizarse por medios telemáticos, informáticos e electrónicos, na forma que regulamentariamente se determine, garantindo a seguridade e a integridade das comunicacións.

Malia o anterior, a declaración do concurso anunciarase no «Boletín Oficial del Estado» e nun diario dos de maior difusión na provincia onde o debedor teña o centro dos seus principais intereses, así como nun dos de maior difusión na provincia onde radique o seu domicilio. Estes anuncios conterán os datos suficientes para identifica-lo proceso e as formas de comparecer nel.

A publicación no «Boletín Oficial del Estado» e, se é o caso, noutros xornais oficiais, do edicto inserirase coa maior urxencia.

2. No mesmo auto de declaración do concurso ou en resolución posterior, o xuíz, de oficio ou por instancia de interesado, poderá acordar calquera publicidade complementaria que considere oportuna, en medios oficiais ou privados.

3. Os oficios cos edictos seranlle entregados ó procurador do solicitante do concurso, quen deberá remitilos de inmediato ós medios de publicidade correspondentes.

Se o solicitante do concurso fose unha Administración pública que actuase representada e defendida polos seus servicios xurídicos, o traslado do oficio será realizado directamente polo xulgado ós medios de publicidade.

4. As demais resolucións que, conforme esta lei, deban ser publicadas por medio de edictos serano na forma que establece o parágrafo segundo do punto 1 do artigo 236 da Lei orgánica do poder xudicial.

#### Artigo 24. *Publicidade rexistral.*

1. Se o debedor for persoa natural, inscribíranse no rexistro civil a declaración de concurso, a intervención ou, se é o caso, a suspensión das súas facultades de administración e disposición, así como o nomeamento dos administradores concursais.

2. Se o debedor for suxeito inscribíble no rexistro mercantil, inscribíranse neste as mesmas circunstancias expresadas no punto anterior, practicándose previamente a inscrición do suxeito cando esta non constase.

3. Se se tratase de persoas xurídicas non inscribíbles no rexistro mercantil e que consten noutro rexistro público, o xuíz mandará inscribir neste as mesmas circunstancias.

4. Se o debedor tiver bens ou dereitos inscritos en rexistros públicos, anotaranse preventivamente no folio correspondente a cada un deles a intervención ou, se é o caso, a suspensión das súas facultades de administración e disposición, con expresión da súa data, así como o nomeamento dos administradores concursais. Practicada a anotación preventiva, non se poderán anotar respecto daqueles bens ou dereitos máis embargos ou secuestros posteriores á declaración de concurso que os acordados polo xuíz deste, salvo o establecido no punto 1 do artigo 55 desta lei.

5. O xuíz acordará expedir e entregarlle ó procurador do solicitante do concurso os mandamentos necesarios para a práctica inmediata dos asentos rexistrais previstos neste artigo. En canto non sexa firme, o auto de declaración de concurso será obxecto de anotación preventiva nos correspondentes rexistros.

Se o solicitante do concurso fose unha Administración pública que actuase representada e defendida polos seus servicios xurídicos, o traslado do oficio será realizado directamente polo xulgado ós correspondentes rexistros.

#### Artigo 25. *Acumulación de concursos*

1. Nos casos de concurso de debedor persoa xurídica ou de sociedade dominante dun grupo, a administración concursal, mediante escrito razoado, poderá solicitar do xuíz a acumulación ó procedemento dos concursos xa declarados dos socios, membros ou integrantes persoalmente responsables das débedas da persoa xurídica ou das sociedades dominadas pertencentes ó mesmo grupo.

2. Tamén poderán acumularse, por solicitude da administración concursal de calquera deles, os concursos dos que sexan membros ou integrantes dunha entidade sen personalidade xurídica e respondan persoalmente das débedas contraídas no tráfico en nome desta.

3. Declarados os concursos de ámbolos cónxuxes, a administración concursal de calquera deles poderá solicitar do xuíz, mediante escrito razoado, a acumulación ó procedemento do concurso do outro cónxuxe.

4. A acumulación prevista neste artigo procederá aínda que os concursos fosen declarados por diferentes xulgados, sen prexuízo do condicionamento recíproco dos convenios, conforme o previsto no artigo 101.

## TÍTULO II

### Da administración concursal

#### Artigo 26. *Formación da sección segunda.*

Declarado o concurso conforme o disposto nos artigos anteriores, o xuíz ordenará a formación da sección segunda, que comprenderá todo o relativo á administración concursal do concurso, ó nomeamento e ó estatuto dos administradores concursais, á determinación das súas facultades e ó seu exercicio, á rendición de contas e, se é o caso, á responsabilidade dos administradores concursais.

## CAPÍTULO I

### Do nomeamento dos administradores concursais

#### Artigo 27. *Condicións subxectivas para o nomeamento de administradores concursais.*

1. A administración concursal estará integrada polos seguintes membros:

1.º Un avogado con experiencia profesional de, polo menos, cinco anos de exercicio efectivo.

2.º Un auditor de contas, economista ou titulado mercantil colexiado, cunha experiencia profesional de, polo menos, cinco anos de exercicio efectivo.

3.º Un acredor que sexa titular dun crédito ordinario ou con privilexio xeral, que non estea garantido. O xuíz procederá ó nomeamento tan pronto como lle conste a existencia de acredores nos que concorran esas condicións.

Cando o acredor designado administrador concursal sexa unha persoa xurídica, designará, conforme o procedemento previsto no punto 3 deste artigo, un profesional que reúna as condicións previstas no punto 2.º anterior, o cal estará sometido ó mesmo réxime de incapacidades, incompatibilidades e prohibicións que os demais membros da administración concursal.

No caso de que o acredor designado administrador concursal sexa unha persoa natural en quen non conorra a condición de auditor de contas, economista ou titulado mercantil colexiado, poderá participar na administración concursal ou designar un profesional que reúna as condicións previstas no punto 2.º anterior, seguindo para isto o procedemento previsto no punto 3 deste artigo, quedando sometido o profesional así designado ó mesmo réxime de incapacidades, incompatibilidades, prohibicións e remuneración que os demais membros da administración concursal.

2. Por excepción ó disposto no punto 1:

1.º No caso de concurso dunha entidade emisora de valores ou instrumentos derivados que se negocien nun mercado secundario oficial, dunha entidade encargada de rexe-la negociación, compensación ou liquidación deses valores ou instrumentos, ou dunha empresa de servicios de investimento, en lugar do economista, auditor ou titulado mercantil, será nomeado administrador concursal persoal técnico da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou outra persoa proposta por esta de similar cualificación, para este efecto a Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicarlle ó xuíz a identidade daquela. O avogado e o membro da administración concursal representante do acredor serán nomeados polo xuíz por proposta do fondo de garantía ó que estea adherida a entidade ou quen asumise a cobertura propia do sistema de indemnización de investidores.

2.º No caso de concurso dunha entidade de crédito ou dunha entidade aseguradora será nomeado en lugar

do acredor o fondo de garantía de depósitos que corresponda ou o Consorcio de Compensación de Seguros, respectivamente, que deberán comunicar ó xuíz de inmediato a identidade da persoa natural que teña que representalos no exercicio do cargo. Polo que se refire á designación do administrador avogado e ó auditor, economista ou titulado mercantil, o xuíz nomearalos de entre os propostos respectivamente polo Fondo de Garantía de Depósitos e o Consorcio de Compensación de Seguros.

3.º Cando se aplique o procedemento abreviado previsto nos artigos 190 e 191, a administración concursal poderá estar integrada por un único membro, que deberá ser avogado, auditor de contas, economista ou titulado mercantil que reúna os requisitos previstos no punto 1.

3. O nomeamento dos profesionais que teñan que integra-la administración concursal conforme o previsto no punto 1 será realizado polo xuíz do concurso entre os que, reunindo as condicións legais, manifestasen a súa dispoñibilidade para o desempeño de tal función ó rexistro oficial de auditores de contas ou ó correspondente colexio profesional, no caso dos profesionais a colexiación dos cales resulte obrigatoria. Para tal efecto, o referido rexistro e os colexios presentarán no decanato dos xulgados competentes, no mes de decembro de cada ano, para a súa utilización desde o primeiro día do ano seguinte, as respectivas listaxes de persoas dispoñibles. Os profesionais dos que a súa colexiación non resulte obrigatoria inscribíranse nas listas que para tal efecto se elaborarán no decanato dos xulgados competentes. A incorporación dos profesionais ás respectivas listas será gratuíta. Os profesionais implicados acreditarán en todo caso o seu compromiso de formación na materia concursal.

4. Cando o acredor designado administrador concursal sexa unha Administración pública ou unha entidade de dereito público vinculada ou dependente dela, a designación do profesional poderá recaer en calquera funcionario con titulación de licenciado en áreas económicas ou xurídicas. A intervención destes profesionais non dará lugar a ningunha retribución con cargo á masa do concurso.

#### Artigo 28. *Incapacidades, incompatibilidades e prohibicións.*

1. Non poderán ser nomeados administradores concursais os que non poidan ser administradores de sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada, nin os que prestasen calquera clase de servizos profesionais ó debedor ou a persoas especialmente relacionadas con este nos últimos tres anos, incluídos aqueles que durante ese prazo compartisen con aquel o exercicio de actividades profesionais da mesma ou diferente natureza. Tampouco poderán ser nomeados administradores concursais os que, reunindo as condicións subxectivas previstas no punto 1 do artigo 27, se encontren, calquera que sexa a súa condición ou profesión, nalgunha das situacións ás que se refire o artigo 51 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, en relación co propio debedor, os seus directivos ou administradores, ou cun acredor que represente máis do 10 por cento da masa pasiva do concurso.

2. No caso de que existan suficientes persoas dispoñibles na listaxe correspondente, non poderán ser nomeados administradores concursais os avogados, auditores, economistas ou titulados mercantís que fosen designados para o dito cargo polo mesmo xulgado en tres concursos dentro dos dous anos anteriores. Para estes efectos, os nomeamentos efectuados en concursos de sociedades pertencentes ó mesmo grupo de empresas computaranse como un só.

Tampouco poderán ser nomeados administradores concursais os que fosen separados deste cargo dentro dos dous anos anteriores, nin os que se encontren inhabilitados, conforme o artigo 181, por sentenza firme de desaprobación de contas en concurso anterior.

3. O nomeamento do administrador concursal acredor non poderá recaer en persoa especialmente relacionada co debedor, nin en acredor que sexa competidor do debedor ou que forme parte dun grupo de empresas no que figure entidade competidora.

4. Non poderán ser nomeados administradores concursais nun mesmo concurso os que estean entre si vinculados persoal ou profesionalmente. Para aprecia-la vinculación persoal aplicaranse as regras establecidas no artigo 93.

Entenderase que están vinculadas profesionalmente as persoas entre as que existan, de feito ou de dereito, relacións de prestación de servizos, de colaboración ou de dependencia.

5. Aplicaránselles ós representantes da Comisión Nacional do Mercado de Valores, dos fondos de garantía de depósitos, do Consorcio de Compensación de Seguros e de calquera administración pública acreedora, as normas contidas neste artigo, con excepción das prohibicións por razón de cargo ou función pública, das contidas no parágrafo segundo do punto 4 deste artigo e das establecidas no punto 2.2.º do artigo 93.

#### Artigo 29. *Aceptación.*

1. O nomeamento de administrador concursal será comunicado ó designado polo medio máis rápido. Dentro dos cinco días seguintes ó de recibo da comunicación, o designado deberá comparecer ante o xulgado para manifestar se acepta ou non o encargo. De concorrer nel algunha causa de recusación, estará obrigado a manifestala. Aceptado o cargo, o xuíz mandará expedir e entregarlle ó designado documento acreditativo da súa condición de administrador concursal.

Este documento acreditativo deberá ser devolto ó xulgado no momento no que se produza o cesamento por calquera causa do administrador concursal.

2. Se o designado non comparecese ou non aceptase o cargo, o xuíz procederá de inmediato a un novo nomeamento. A quen sen xusta causa non comparecese ou non aceptase o cargo, non se lle poderá designar administrador nos procedementos concursais que se poidan seguir no partido xudicial durante un prazo de tres anos.

3. Aceptado o cargo, o designado só poderá renunciar por causa grave.

4. Non será necesaria a aceptación cando, en aplicación do artigo 27, o nomeamento recaia en persoal técnico da Comisión Nacional do Mercado de Valores, nun fondo de garantía de depósitos ou no Consorcio de Compensación de Seguros.

#### Artigo 30. *Representación das persoas xurídicas administradores.*

1. Cando o nomeamento de administrador concursal recaia nunha persoa xurídica, esta, ó acepta-lo cargo, deberá comunica-la identidade da persoa natural que teña que representala no exercicio do seu cargo.

2. As persoas xurídicas designadas someteranse ó mesmo réxime de incompatibilidades e prohibicións previsto no artigo 28. De igual modo, cando fose designado un administrador persoa natural, teralle que comunicar ó xulgado se se encontra integrado nalgunha persoa xurídica de carácter profesional co obxecto de estende-lo mesmo réxime de incompatibilidades ós restantes socios ou colaboradores.



3. Será de aplicación ó representante da persoa xurídica designada o réxime de incompatibilidades, prohibicións, recusación e responsabilidade e separación establecido para os administradores concursais. Non poderá ser nomeado representante a persoa que actuase no mesmo xulgado como administrador concursal ou representante deste en tres concursos dentro dos dous anos anteriores, coas excepcións indicadas no artigo 28.

4. Cando a persoa xurídica fose nomeada pola súa cualificación profesional, esta deberá concorrer na persoa natural que designe como representante.

#### Artigo 31. *Especialidades da aceptación.*

Ó acepta-lo cargo de administrador concursal, o avogado, o auditor, o economista ou o titulado mercantil designados deberán sinalar un despacho ou oficina para o exercicio do seu cargo nalgunha localidade do ámbito de competencia territorial do xulgado.

#### Artigo 32. *Auxiliares delegados.*

1. Cando a complexidade do concurso así o esixa, a administración concursal poderá solicita-la autorización do xuíz para delegar determinadas funcións, incluídas as relativas á continuación da actividade do debedor, nos auxiliares que aquela propoña, con indicación de criterios para o establecemento da súa retribución.

2. Se o xuíz concedese a autorización, nomeara os auxiliares, especificará as súas funcións delegadas e determinará a súa retribución, a cal correrá a cargo dos administradores concursais e, salvo que expresamente acorde outra cosa, en proporción á correspondente a cada un deles. Contra a decisión do xuíz non cabe ningún recurso, sen prexuízo de que se poida reproducir-la solicitude cando se modifiquen as circunstancias que deron lugar á súa denegación.

3. Será de aplicación ós auxiliares delegados o réxime de incapacidades, incompatibilidades, prohibicións, recusación e responsabilidade establecido para os administradores concursais e para os seus representantes.

4. O nomeamento dos auxiliares delegados realízase sen prexuízo da colaboración cos administradores concursais do persoal ó seu servizo ou dos dependentes do debedor.

#### Artigo 33. *Recusación.*

1. Os administradores concursais poderán ser recusados por calquera das persoas lexitimadas para solicita-la declaración de concurso.

2. Son causas de recusación as circunstancias constitutivas de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición a que se refire o artigo 28, así como as establecidas na lexislación procesual civil para a recusación de peritos.

3. A recusación terá que promoverse tan pronto como o recusante teña coñecemento da causa en que se funde.

4. A recusación non terá efectos suspensivos e substanciarase polas canles do incidente concursal. O recusado seguirá actuando como administrador concursal, sen que a resolución que recaia afecte a validez das actuacións.

## CAPÍTULO II

### Estatuto xurídico dos administradores concursais

#### Artigo 34. *Retribución.*

1. Os administradores concursais terán dereito a retribución con cargo á masa, salvo cando se trate do

persoal das entidades a que se refiren os parágrafos 1.º e 2.º do número 2 do artigo 27.

2. Un arancel regulamentará a retribución correspondente á administración concursal, atendendo á contía do activo e do pasivo e á previsible complexidade do concurso. As participacións dos profesionais designados administradores concursais nesta retribución serán idénticas entre si, e de dobre contía cá do administrador concursal acredor cando se trate de persoa natural e non designe profesional que actúe na súa representación conforme o previsto no último parágrafo do número 1 do artigo 27.

3. O xuíz, logo do informe da administración concursal, fixará por medio de auto e conforme o arancel a contía da retribución, así como os prazos en que deba ser satisfeita.

4. En calquera estado do procedemento, o xuíz, de oficio ou por solicitude de debedor ou de calquera acredor, poderá modifica-la retribución fixada, se concorrere xusta causa e aplicando o arancel a que se refire o número 2 deste artigo.

5. O auto polo que se fixe ou modifique a retribución dos administradores concursais será apelable por calquera destes e polas persoas lexitimadas para solicita-la declaración de concurso.

#### Artigo 35. *Exercicio do cargo.*

1. Os administradores concursais e os auxiliares delegados desempeñarán o seu cargo coa dilixencia dun ordenado administrador e dun representante leal.

2. Cando a administración concursal estea integrada por tres membros, as funcións deste órgano concursal exerceranse de forma colexiada. As decisións adoptaranse por maioría e, de non alcanzarse esta, resolverá o xuíz.

O xuíz, de oficio ou por instancia da administración concursal, poderá atribuír competencias específicas a algún dos seus membros.

3. Se por calquera circunstancia só estivesen no exercicio do cargo dous dos tres membros da administración concursal, e mentres se manteña esta situación, a actuación dos administradores concursais deberá ser mancomunada, salvo para o exercicio daquelas competencias que o xuíz lles atribúa individualizadamente. En caso de desconformidade, resolverá o xuíz.

4. As decisións individuais, mancomunadas ou colexiadas da administración concursal que non sexan de trámite ou xestión ordinaria consignaranse en actas, que se estenderán ou transcribirán nun libro legalizado polo secretario do xulgado.

5. As resolucións xudiciais que se dicten para resolverlas cuestións ás que se refire este artigo revestirán a forma de auto, contra o que non caberá ningún recurso. Tampouco poderá promoverse incidente concursal sobre a materia resolta.

6. A administración concursal estará sometida á supervisión do xuíz do concurso. En calquera momento, o xuíz poderá requirir a todos ou algún dos seus membros unha información específica ou unha memoria sobre o estado da fase do concurso.

#### Artigo 36. *Responsabilidade.*

1. Os administradores concursais e os auxiliares delegados responderán fronte ó debedor e fronte ós acredores dos danos e perdas causados á masa polos actos e omisións contrarios á lei ou realizados sen a debida dilixencia.

2. Será solidaria a responsabilidade derivada do exercicio mancomunado ou colexiado de competencias, quedando exonerado neste último caso o administrador concursal que probe que, non tendo intervido na adop-

ción do acordo lesivo, descoñecía a súa existencia ou, coñecéndoa, fixo todo o conveniente para evita-lo dano ou, polo menos, se opuxo expresamente a aquel.

3. Os administradores concursais responderán solidariamente cos auxiliares delegados dos actos e omisións lesivos destes, salvo que proben que empregaron toda a dilixencia debida para previr ou evita-lo dano.

4. A acción de responsabilidade substanciarase polos trámites do xuízo declarativo que corresponda, ante o xuíz que coñeza ou coñecese do concurso.

5. A acción de responsabilidade prescribirá ós catro anos, contados desde que o actor tivo coñecemento do dano ou perda polo que reclama e, en todo caso, desde que os administradores concursais ou os auxiliares delegados cesasen no seu cargo.

6. Se a sentenza contivese condena a indemnizar danos e perdas, o acredor que exercese a acción en interese da masa terá dereito a que, con cargo á cantidade percibida, se lle reembolsen os gastos necesarios que soportase.

7. Quedan a salvo as accións de responsabilidade que poidan corresponder ó debedor, ós acredores ou a terceiros por actos ou omisións dos administradores concursais e auxiliares delegados que lesionen directamente os intereses daqueles.

#### Artigo 37. *Separación.*

1. Cando concorra xusta causa, o xuíz, de oficio ou por instancia de calquera das persoas lexitimadas para solicita-la declaración de concurso ou de calquera dos demais membros da administración concursal, poderá separar do cargo os administradores concursais ou revogalo nomeamento dos auxiliares delegados.

2. Se o cesado for representante dunha persoa xurídica administrador, o xuíz requirirá a comunicación da identidade da persoa natural que teña que representala no exercicio do seu cargo, a non ser que determine que o cesamento debe afecta-la mesma persoa xurídica que ten o cargo de administrador concursal, neste caso procederá a un novo nomeamento.

3. A resolución xudicial de cesamento revestirá forma de auto, no que se consignarán os motivos nos que o xuíz funde a súa decisión.

4. Do contido do auto ó que se refire o punto anterior daráselle coñecemento ó rexistro público previsto no artigo 198.

#### Artigo 38. *Novo nomeamento.*

1. En tódolos casos de cesamento dun administrador concursal, o xuíz procederá de inmediato a efectuar un novo nomeamento.

2. Se o cesado for o representante dunha persoa xurídica administradora, o xuíz requirirá a comunicación da identidade da nova persoa natural que teña que representala no exercicio do seu cargo.

3. O cesamento e ó novo nomeamento daráselle-la mesma publicidade que tería o nomeamento do administrador concursal substituído.

4. No caso de cesar calquera dos administradores concursais antes da conclusión do concurso, o xuíz ordenaralle render contas da súa actuación nas competencias que lle fosen atribuídas individualmente, se é o caso. Cando o cesamento afecte tódolos membros da administración concursal, o xuíz ordenará a esta que renda contas da súa enteira actuación colexiada ata ese momento, sen prexuízo da responsabilidade que corresponda a cada un dos administradores conforme as regras do artigo 36. Estas rendicións de contas serán presentadas polos citados administradores dentro do prazo dun mes, contado desde que lles sexa notificada a orde xudicial, e serán obxecto dos mesmos trámites, resolucións e efectos previstos no artigo 181 para as rendicións de contas á conclusión do concurso.

#### Artigo 39. *Firmeza das resolucións.*

Contra as resolucións sobre nomeamento, recusación e cesamento dos administradores concursais e auxiliares delegados non se lle dará ningún recurso.

### TÍTULO III

## Dos efectos da declaración de concurso

### CAPÍTULO I

#### Dos efectos sobre o debedor

#### Artigo 40. *Facultades patrimoniais do debedor.*

1. No caso de concurso voluntario, o debedor conservará as facultades de administración e disposición sobre o seu patrimonio, quedando sometido o exercicio destas á intervención dos administradores concursais, mediante a súa autorización ou conformidade.

2. No caso de concurso necesario, suspenderase o exercicio polo debedor das facultades de administración e disposición sobre o seu patrimonio, sendo substituído polos administradores concursais.

3. Malia o disposto nos puntos anteriores, o xuíz poderá acorda-la suspensión en caso de concurso voluntario ou a simple intervención cando se trate de concurso necesario. En ámbolos casos, deberase motiva-lo acordo sinalando os riscos que se pretendan evitar e as vantaxes que se queiran obter.

4. Por solicitude da administración concursal e oído o concursado, o xuíz, mediante auto, poderá acordar en calquera momento o cambio das situacións de intervención ou de suspensión das facultades do debedor sobre o seu patrimonio.

Ó cambio das situacións de intervención ou de suspensión e á conseguinte modificación das facultades da administración concursal daráselle-la mesma publicidade que, conforme os artigos 23 e 24, se dera á declaración de concurso.

5. No caso de concurso da herdanza, corresponderalle á administración concursal o exercicio das facultades patrimoniais de administración e disposición sobre o ben relicto, sen que poida cambiarse esta situación.

6. A intervención e a suspensión referiranse ás facultades de administración e disposición sobre os bens, dereitos e obrigas que se teñan que integrar no concurso e, se é o caso, ás que correspondan ó debedor da sociedade ou comunidade conxugal.

O debedor conservará a facultade de testar, sen prexuízo dos efectos do concurso sobre a herdanza.

7. Os actos do debedor que infrinxan as limitacións establecidas neste artigo só poderán ser anulados por instancia da administración concursal e cando esta non os validase ou confirmase. Calquera acredor e quen fose parte na relación contractual afectada pola infracción poderá requirir da administración concursal que se pronuncie acerca do exercicio da correspondente acción ou da validación ou confirmación do acto. A acción de anulación tramitarase, se é o caso, polas canles do incidente concursal e caducará, de se ter formulado o requirimento, ó se cumprir un mes desde a data deste. Noutro caso, caducará co cumprimento do convenio polo debedor ou, no suposto de liquidación, coa finalización desta.

Os referidos actos non poderán ser inscritos en rexistros públicos mentres non sexan confirmados ou validados, ou se acredite a caducidade da acción de anulación ou a súa desestimación firme.

**Artigo 41. *Efectos sobre as comunicacións, residencia e libre circulación do debedor.***

Os efectos da declaración de concurso sobre os dereitos e liberdades fundamentais do debedor en materia de correspondencia, residencia e libre circulación serán os establecidos na Lei orgánica para a reforma concursal.

**Artigo 42. *Colaboración e información do debedor.***

1. O debedor ten o deber de comparecer persoalmente ante o xulgado do mercantil e ante a administración concursal cantas veces sexa requirido e o de colaborar e informar en todo o necesario ou conveniente para o interese do concurso. Cando o debedor sexa persoa xurídica, estes deberes incumbirán os seus administradores ou liquidadores e os que desempeñasen estes cargos dentro dos dous anos anteriores á declaración do concurso.

2. Os deberes ós que se refire o punto anterior alcanzarán tamén ós apoderados do debedor e ós que o fosen dentro do período sinalado.

**Artigo 43. *Conservación e administración da masa activa.***

1. No exercicio das facultades de administración e disposición sobre a masa activa, atenderase á súa conservación do modo máis conveniente para os intereses do concurso. Para tal fin, os administradores concursais poderán solicitar do xulgado o auxilio que estimen necesario.

2. Ata a aprobación xudicial do convenio ou a apertura da liquidación, non se poderán allear ou gravar los bens e dereitos que integran a masa activa sen autorización do xuíz.

3. Exceptúanse do disposto no punto anterior os actos de disposición inherentes á continuación da actividade profesional ou empresarial do debedor, nos termos establecidos no artigo seguinte.

**Artigo 44. *Continuación do exercicio da actividade profesional ou empresarial.***

1. A declaración de concurso non interromperá a continuación da actividade profesional ou empresarial que viñera exercendo o debedor.

2. No caso de intervención, e co fin de facilitar a continuación da actividade profesional ou empresarial do debedor, a administración concursal poderá determinar os actos ou operacións propios do xiro ou tráfico daquela actividade que, por razón da súa natureza ou contía, quedan autorizados con carácter xeral.

Malia o establecido no punto anterior, e sen prexuízo das medidas cautelares que adoptase o xuíz ó declaralo concurso, ata a aceptación dos administradores concursais o debedor poderá realiza-los actos propios do seu xiro ou tráfico que sexan imprescindibles para a continuación da súa actividade, sempre que se axusten ás condicións normais do mercado.

3. No caso de suspensión das facultades de administración e disposición do debedor, corresponderalle á administración concursal adoptar as medidas necesarias para a continuación da actividade profesional ou empresarial.

4. Como excepción ó disposto nos puntos anteriores, o xuíz, por solicitude da administración concursal e logo de audiencia do debedor e dos representantes dos traballadores da empresa, poderá acordar mediante auto o cerramento da totalidade ou de parte das oficinas, establecementos ou explotacións de que fose titular o debedor, así como, cando exercese unha actividade

empresarial, o cesamento ou a suspensión, total ou parcial, desta.

Cando estas medidas supoñan a extinción, suspensión ou modificación colectivas dos contratos de traballo, o xuíz actuará conforme o establecido no parágrafo 2.º do artigo 8 e no artigo 64.

**Artigo 45. *Libros e documentos do debedor.***

1. O debedor porá á disposición da administración concursal os libros de levanza obrigatoria e calquera outro libro, documento e rexistro relativo ós aspectos patrimoniais da súa actividade profesional ou empresarial.

2. Por solicitude da administración concursal, o xuíz acordará as medidas que estime necesarias para a efectividade do disposto no punto anterior.

**Artigo 46. *Contas anuais do debedor.***

1. Declarado o concurso, subsistirá a obriga de formular e a de audita-las contas anuais.

Non obstante, exímese a sociedade concursada de realiza-la auditoría das primeiras contas anuais que se preparen mentres estea en funcións a administración concursal, excepto que esta sociedade teña os seus valores admitidos á negociación en mercados secundarios de valores ou estea sometida a supervisión pública polo Banco de España, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. A formulación das contas anuais durante a tramitación do concurso corresponderalle ó debedor baixo a supervisión dos administradores concursais, en caso de intervención, e a estes últimos en caso de suspensión.

**Artigo 47. *Dereito a alimentos.***

1. Durante a tramitación do concurso, o debedor persoa natural terá dereito a alimentos con cargo á masa activa, salvo o disposto para o caso de liquidación.

A súa contía e periodicidade serán, en caso de intervención, as que acorde a administración concursal e, en caso de suspensión, as que autorice o xuíz, óidos o concursado e a administración concursal. Neste último caso, o xuíz, con audiencia do concursado ou da administración concursal e logo de solicitude de calquera delas, poderá modifica-la contía e a periodicidade dos alimentos.

2. A obriga de prestar alimentos imposta ó concursado por resolución xudicial dictada nalgún dos procesos sobre capacidade, filiación, matrimonio e menores a que se refire o título I do libro IV da Lei de axuízamento civil, satisfarase con cargo á masa activa.

3. No suposto previsto no punto anterior, as persoas respecto das cales o concursado tivese deber legal de alimentos só poderán obtelos con cargo á masa se non puidesen percibilos doutras persoas legalmente obrigadas a prestarllos, logo de autorización do xuíz do concurso, que resolverá por auto sobre a súa procedencia e contía.

**Artigo 48. *Efectos sobre o debedor persoa xurídica.***

1. Durante a tramitación do concurso, manteranse os órganos da persoa xurídica debedora, sen prexuízo dos efectos que sobre o seu funcionamento produza a intervención ou a suspensión das súas facultades de administración e disposición e salvo o suposto en que, como consecuencia da apertura da fase de liquidación, se declare o cesamento dos administradores ou liquidadores. Os administradores concursais terán dereito de asistencia e de voz nas sesións dos órganos colexiados.



2. Sen prexuízo do exercicio das accións de responsabilidade que, conforme o establecido noutras leis, asistan a persoa xurídica debedora contra os seus administradores, auditores ou liquidadores, estarán tamén lexitimados para exercer esas accións os administradores concursais sen necesidade de previo acordo da xunta ou asemblea de socios.

Corresponderalle ó xuíz do concurso a competencia para coñecer das accións ás que se refire o parágrafo anterior.

A formación da sección de cualificación non afectará as accións de responsabilidade que se exercesen.

3. Desde a declaración de concurso de persoa xurídica, o xuíz do concurso, de oficio ou por solicitude razoada da administración concursal, poderá ordenalo embargo de bens e dereitos dos seus administradores ou liquidadores de dereito ou de feito, e dos que tivesen esta condición dentro dos dous anos anteriores á data daquela declaración, cando do actuado resulte fundada a posibilidade de que o concurso se cualifique como culpable e de que a masa activa sexa insuficiente para satisfacer tódalas débedas. O embargo será acordado pola contía que o xuíz estime bastante e poderá ser substituída, por solicitude do interesado, por aval de entidade de crédito.

4. Corresponderá exclusivamente á administración concursal a reclamación, no momento e contía que estime conveniente, do desembolso das achegas sociais que fosen diferidas, calquera que fose o prazo fixado na escritura ou nos estatutos, e das prestacións accesorias pendentes de cumprimento.

5. De igual maneira, durante a tramitación do concurso da sociedade, a acción contra o socio ou os socios subsidiariamente responsables das débedas desta anteriores á declaración de concurso corresponderá á administración concursal e, subsidiariamente, no suposto previsto no punto 4 do artigo 54, ós acredores, non podendo exercela ata a aprobación do convenio ou a liquidación do patrimonio social. O xuíz, de oficio ou por instancia da administración concursal, poderá ordenalo embargo de bens e dereitos dos referidos socios na contía que estime bastante, cando do actuado resulte fundada a posibilidade de que a masa activa sexa insuficiente para satisfacer tódalas débedas, podendo, por solicitude do interesado, acordarse a substitución do embargo por aval de entidade de crédito.

## CAPÍTULO II

### Dos efectos sobre os acredores

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DA INTEGRACIÓN DOS ACREDORES NA MASA PASIVA

##### Artigo 49. *Integración da masa pasiva.*

Declarado o concurso, tódolos acredores do debedor, ordinarios ou non, calquera que sexa a súa nacionalidade e domicilio, quedarán de dereito integrados na masa pasiva do concurso, sen máis excepcións que as establecidas nas leis.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DOS EFECTOS SOBRE AS ACCIÓNS INDIVIDUAIS

##### Artigo 50. *Novos xuízos declarativos.*

1. Os xuíces da orde civil e da orde social ante os que se interpoña demanda da que deba coñecerlo xuíz do concurso de conformidade co previsto nesta lei abstéranse de coñecer, previndo as partes que usen do seu dereito ante o xuíz do concurso. De se admitiren a trámite as demandas, ordenarase o arquivo de todo o actuado, carecendo de validez as actuacións que se practicasen.

2. Os xuíces ou tribunais das ordes contencioso-administrativa, social ou penal ante os que se exerzan, con

posterioridade á declaración do concurso, accións que puideran ter transcendencia para o patrimonio do debedor emprazarán a administración concursal e terana como parte en defensa da masa, se comparecese.

##### Artigo 51. *Continuación e acumulación de xuízos declarativos pendentes.*

1. Os xuízos declarativos nos que o debedor sexa parte e que se encontren en tramitación no momento da declaración de concurso continuaranse ata a firmeza da sentenza. Non obstante, acumularanse aqueles que, sendo competencia do xuíz do concurso segundo o previsto no artigo 8, se estean tramitando en primeira instancia e respecto dos que o xuíz do concurso estime que a súa resolución ten transcendencia substancial para a formación do inventario ou da lista de acredores.

A acumulación poderá ser solicitada pola administración concursal, antes de emitilo seu informe, ou por calquera parte comparecida, antes da finalización do prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores.

2. No caso de suspensión das facultades de administración e disposición do debedor, a administración concursal, no ámbito das súas competencias, substituirá a este nos procedementos xudiciais en trámite, para este efecto concederáselle, unha vez comparecida, un prazo de cinco días para que se instrúa nas actuacións, pero necesitará a autorización do xuíz do concurso para desistir, avirse, total ou parcialmente, e transixir litixios. Da solicitude presentada pola administración concursal o xuíz daralle traslado ó debedor en todo caso e a aquelas partes comparecidas no concurso que estime deban ser oídas respecto do seu obxecto. As custas impostas a consecuencia da avinza ou da desistencia autorizadas terán a consideración de crédito concursal; no caso de transacción, aplicarase o pactado en materia de custas.

Non obstante, a substitución non impedirá que o debedor manteña a súa representación e defensa separada por medio dos seus propios procurador e avogado, sempre que garanta, de forma suficiente ante o xuíz do concurso, que os gastos da súa actuación procesual e, se é o caso, a efectividade da condena en custas non recaerán sobre a masa do concurso, sen que en ningún caso poida realiza-las actuacións procesuais que, conforme o parágrafo anterior, lle corresponden á administración concursal con autorización do xuíz.

3. No caso de intervención, o debedor conservará a capacidade para actuar en xuízo, pero necesitará a autorización da administración concursal, para desistir, avirse, total ou parcialmente, e transixir litixios cando a materia litixiosa poida afecta-lo seu patrimonio. En canto ás custas, aplicarase o disposto no parágrafo primeiro do punto anterior.

##### Artigo 52. *Procedementos arbitrais.*

1. Os convenios arbitrais nos que sexa parte o debedor quedarán sen valor nin efecto durante a tramitación do concurso, sen prexuízo do disposto nos tratados internacionais.

2. Os procedementos arbitrais en tramitación no momento da declaración de concurso continuaranse ata a firmeza do laudo, sendo de aplicación as normas contidas nos números 2 e 3 do artigo anterior.

##### Artigo 53. *Sentencias e laudos firmes.*

1. As sentencias e os laudos firmes dictados antes ou despois da declaración de concurso vinculan o xuíz deste, o cal dará ás resolucións pronunciadas o tratamento concursal que corresponda.

2. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo da acción que asiste á administración concursal para impugna-los convenios e procedementos arbitrais en caso de fraude.

**Artigo 54. *Exercicio de accións do concursado.***

1. No caso de suspensión das facultades de administración e disposición do debedor, corresponderalle á administración concursal a lexitimación para o exercicio das accións de índole non persoal. Para o exercicio das demais accións comparecerá en xuízo o propio debedor, quen precisará a conformidade dos administradores concursais para interpoñer demandas ou recursos, avirse, transixir ou desistir cando a materia litixiosa poida afectar-lo seu patrimonio.

2. No caso de intervención, o debedor conservará a capacidade para actuar en xuízo, pero necesitará a conformidade da administración concursal para interpoñer demandas ou recursos que poidan afectar-lo seu patrimonio. Se a administración concursal estimara conveniente ós intereses do concurso a interposición dunha demanda e o debedor se negara a formulala, o xuíz do concurso poderá autorizar aquela para interpola.

3. O debedor poderá comparecer e defenderse de forma separada nos xuízos que a administración concursal promovese. As custas que se lle impuxeran ó debedor que actuase de forma separada non terán a consideración de débedas da masa.

4. Os acredores que instasen por escrito a administración concursal para o exercicio dunha acción do concursado de carácter patrimonial, sinalando as pretensións concretas en que consista e a súa fundamentación xurídica, estarán lexitimados para exercela se nin o concursado, se é o caso, nin a administración concursal o fixesen dentro dos dous meses seguintes ó requirimento.

No exercicio desta acción subsidiaria, os acredores litigarán pola súa conta en interese da masa. No caso de que a demanda fose total ou parcialmente estimada, terán dereito a reembolsarse con cargo á masa activa dos gastos e custas en que incorrese, ata o límite do obtido como consecuencia da sentenza, unha vez que esta sexa firme.

As accións exercitadas conforme o parágrafo anterior notificaránselle á administración concursal.

**Artigo 55. *Execucións e constrinximentos.***

1. Declarado o concurso, non poderán iniciarse execucións singulares, xudiciais ou extraxudiciais, nin seguirse constrinximentos administrativos ou tributarios contra o patrimonio do debedor.

Poderán continuarse aqueles procedementos administrativos de execución nos que se dictase providencia de constrinximento e as execucións laborais nas que se embargasen bens do concursado, todo isto con anterioridade á data de declaración do concurso, sempre que os bens obxecto de embargo non resulten necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor.

2. As actuacións que se encontrasen en tramitación quedarán en suspenso desde a data de declaración de concurso, sen prexuízo do tratamento concursal que corresponda dar ós respectivos créditos.

3. As actuacións que se practiquen en contravención do establecido nos puntos 1 e 2 anteriores serán nulas de pleno dereito.

4. Exceptúase das normas contidas nos puntos anteriores o establecido nesta lei para os acredores con garantía real.

**Artigo 56. *Paralización de execucións de garantías reais.***

1. Os acredores con garantía real sobre bens do concursado afectos á súa actividade profesional ou empresarial ou a unha unidade productiva da súa titu-

laridade non poderán iniciar a execución ou realización forzosa da garantía ata que se aprobe un convenio ou contido do cal non afecte o exercicio deste dereito ou transcorra un ano desde a declaración de concurso sen que se produza a apertura da liquidación.

Tampouco se poderán exercer durante ese tempo, cando se refiran ós bens indicados no parágrafo anterior, as accións tendentes a recupera-los bens vendidos en virtude de contratos inscritos no rexistro de bens mobles ou os cedidos en arrendamentos financeiros formalizados en documento que leve aparellada execución ou fose inscrito no referido rexistro, nin as resolutorias de vendas de inmobles por falta de pagamento do prezo adiado, aínda que deriven de condicións explícitas inscritas no rexistro da propiedade.

2. As actuacións xa iniciadas en exercicio das accións a que se refire o punto anterior suspenderanse desde que a declaración do concurso conste no correspondente procedemento e poderán reiniciarse nos termos previstos neste punto. Exceptúase o caso en que no momento da declaración de concurso xa estiveran publicados os anuncios de poxa do ben ou dereito afecto e a execución non recaía sobre bens ou dereitos necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor.

3. Durante a paralización das accións ou a suspensión das actuacións e calquera que sexa o estado de tramitación do concurso, a administración concursal poderá exercer a opción prevista no punto 2 do artigo 155.

4. A declaración de concurso non afectará a execución da garantía cando o concursado teña a condición de terceiro posuidor do ben obxecto desta.

**Artigo 57. *Inicio ou recomezo de execucións de garantías reais.***

1. O exercicio de accións que se inicie ou se restableza conforme o previsto no artigo anterior durante a tramitación do concurso someterase á xurisdicción do xuíz deste, quen por instancia de parte decidirá sobre a súa procedencia e, se é o caso, acordará a súa tramitación en peza separada, acomodando as actuacións ás normas propias do procedemento xudicial ou extraxudicial que corresponda.

2. Iniciadas ou reiniciadas as actuacións, non poderán ser suspendidas por razón de vicisitudes propias do concurso.

3. Aberta a fase de liquidación, os acredores que antes da declaración de concurso non exercesen estas accións perderán o dereito de facelo en procedemento separado. As actuacións que quedasen suspendidas como consecuencia da declaración de concurso reiniciaránse, acumulándose ó procedemento de execución colectiva como peza separada.

**SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DOS EFECTOS SOBRE OS CRÉDITOS EN PARTICULAR****Artigo 58. *Prohibición de compensación.***

Sen prexuízo do previsto no artigo 205, declarado o concurso, non procederá a compensación dos créditos e débedas do concursado, pero producirá os seus efectos a compensación os requisitos da cal existisen con anterioridade á declaración.

No caso de controversia en canto a este extremo, esta resolverase a través das canles do incidente concursal.

**Artigo 59. *Suspensión do devengo de xuros.***

1. Desde a declaración de concurso quedará suspenso o devengo dos xuros, legais ou convencionais,

salvo os correspondentes ós créditos con garantía real, que serán esixibles ata onde alcance a respectiva garantía. Os créditos salariais que resulten recoñecidos devengarán xuros conforme o xuro legal do diñeiro fixado na correspondente Lei de orzamentos. Os créditos derivados dos xuros terán a consideración de subordinados para os efectos do previsto no artigo 92.3.º desta lei.

2. Non obstante, cando no concurso se chegue a unha solución de convenio que non implique quitación, poderá pactarse nel o cobramento, total ou parcial, dos xuros o devengo dos cales resultase suspendido, calculados ó tipo legal ou ó convencional se fose menor. No caso de liquidación, se resultase remanente despois do pagamento da totalidade dos créditos concursais, satisfaranse os referidos xuros calculados ó tipo convencional.

#### Artigo 60. *Interrupción da prescrición.*

1. Desde a declaración ata a conclusión do concurso quedará interrompida a prescrición das accións contra o debedor polos créditos anteriores á declaración.

2. Desde a declaración ata a conclusión do concurso quedará interrompida a prescrición das accións contra socios e contra administradores, liquidadores e auditores da persoa xurídica debedora.

3. No suposto previsto nos puntos anteriores, o cómputo do prazo para a prescrición iniciárase novamente, se é o caso, no momento da conclusión do concurso.

### CAPÍTULO III

#### Dos efectos sobre os contratos

#### Artigo 61. *Vixencia dos contratos con obrigas recíprocas.*

1. Nos contratos celebrados polo debedor, cando no momento da declaración do concurso unha das partes cumprise integramente as súas obrigas e a outra tivese pendente o cumprimento total ou parcial das recíprocas ó seu cargo, o crédito ou a débeda que lle corresponda ó debedor incluírase, segundo proceda, na masa activa ou na pasiva do concurso.

2. A declaración de concurso, por si soa, non afectará a vixencia dos contratos con obrigas recíprocas pendentes de cumprimento tanto a cargo do concursado como da outra parte. As prestacións ás que estea obrigado o concursado realizaranse con cargo á masa.

Malia o disposto no parágrafo anterior, a administración concursal, en caso de suspensión, ou o concursado, en caso de intervención, poderán solicita-la resolución do contrato se o estimaran conveniente ó interese do concurso. O xuíz citará a comparecencia o concursado, a administración concursal e a outra parte no contrato e, de existir acordo en canto á resolución e ós seus efectos, dictará auto declarando resolto o contrato de conformidade co acordado. Noutro caso, as diferenzas substanciaranse polos trámites do incidente concursal e o xuíz decidirá acerca da resolución, acordando, se é o caso, as restitucións que procedan e a indemnización que se teña que satisfacer con cargo á masa.

3. Teranse por non postas as cláusulas que establezan a facultade de resolución ou a extinción do contrato pola soa causa da declaración de concurso de calquera das partes.

#### Artigo 62. *Resolución por incumprimento.*

1. A declaración de concurso non afectará a facultade de resolución dos contratos a que se refire o punto 2 do artigo precedente por incumprimento posterior de calquera das partes. Se se tratase de contratos de tracto sucesivo, a facultade de resolución poderá exercerse

tamén cando o incumprimento fose anterior á declaración de concurso.

2. A acción resolutoria exercerase perante o xuíz do concurso e substanciarase polos trámites do incidente concursal.

3. Aínda que exista causa de resolución, o xuíz, atendendo ó interese do concurso, poderá acorda-lo cumprimento do contrato, sendo a carga da masa as prestacións debidas ou que deba realiza-lo concursado.

4. Acordada a resolución do contrato, quedarán extinguidas as obrigas pendentes de vencemento. En canto ás vencidas, incluírase no concurso o crédito que lle corresponda ó acredor que cumprise as súas obrigas contractuais, se o incumprimento do concursado for anterior á declaración de concurso; se for posterior, o crédito da parte cumpridora satisfarase con cargo á masa. En todo caso, o crédito comprenderá o resarcimento dos danos e perdas que proceda.

#### Artigo 63. *Supostos especiais.*

1. O establecido nos artigos anteriores non afectará o exercicio da facultade de denuncia unilateral do contrato que proceda conforme a lei.

2. Tampouco afectará a aplicación das leis que dispoñan ou expresamente permitan pacta-la extinción do contrato nos casos de situacións concursais ou de liquidación administrativa dalgunha das partes.

#### Artigo 64. *Contratos de traballo.*

1. Os expedientes de modificación substancial das condicións de traballo e de suspensión ou extinción colectiva das relacións laborais, unha vez presentada ante o xuíz do mercantil a solicitude de declaración de concurso, tramitaranse perante este polas regras establecidas neste artigo.

2. A administración concursal, o debedor ou os traballadores da empresa concursada a través dos seus representantes legais, poderán solicitar do xuíz do concurso a modificación substancial das condicións de traballo e a extinción ou suspensión colectivas dos contratos de traballo nos que sexa empregador o concursado.

3. A adopción das medidas previstas no punto anterior só se poderá solicitar do xuíz do concurso unha vez emitido pola administración concursal o informe a que se refire o capítulo I do título IV desta lei, salvo que se estime que a demora na aplicación das medidas colectivas pretendidas pode comprometer gravemente a viabilidade futura da empresa, neste caso, e con acreditación desta circunstancia, poderase realiza-la petición ó xuíz en calquera momento procesual desde a presentación da solicitude de declaración de concurso.

4. A solicitude deberá expor e xustificar, se é o caso, as causas motivadoras das medidas colectivas pretendidas e os obxectivos que se propoñen alcanzar con estas para asegurar, se é o caso, a viabilidade futura da empresa e do emprego, xuntando os documentos necesarios para a súa acreditación.

5. Recibida a solicitude, o xuíz convocará os representantes dos traballadores e a administración concursal a un período de consultas, a duración do cal non será superior a trinta días naturais, ou a quince, tamén naturais, no suposto de empresas que contén con menos de cincuenta traballadores.

Se a medida afecta empresas de máis de 50 traballadores, deberase xuntar á solicitude un plan que recolla a incidencia das medidas laborais propostas na viabilidade futura da empresa e do emprego.

Nos casos nos que a solicitude fose formulada polo empresario ou pola administración concursal, a comunicación ós representantes legais dos traballadores do



inicio do período de consultas deberá incluír copia da solicitude prevista no punto 4 deste artigo e dos documentos que, se é o caso, se xunten.

6. Durante o período de consultas, os representantes dos traballadores e a administración concursal deberán negociar de boa fe para a consecución dun acordo. O acordo requirirá a conformidade da maioría dos membros do comité ou comités de empresa, dos delegados de persoal, se é o caso, ou das representacións sindicais, se as houber, sempre que representen a maioría daqueles.

Ó finaliza-lo prazo sinalado ou no momento en que se consiga un acordo, a administración concursal e os representantes dos traballadores comunicaranlle ó xuíz do concurso o resultado do período de consultas. Recibida esta comunicación o xuíz do concurso solicitará un informe da autoridade laboral sobre as medidas propostas ou o acordo alcanzado, que deberá ser emitido no prazo de quince días, podendo esta oír á administración concursal e ós representantes dos traballadores antes da súa emisión. Recibido o informe polo xuíz do concurso ou transcorrido o prazo de emisión, seguirá o curso das actuacións. Se o informe é emitido fóra de prazo, poderá non obstante ser tido en conta polo xuíz do concurso ó adopta-la correspondente resolución.

7. Cumpridos os trámites ordenados nos puntos anteriores, o xuíz resolverá nun prazo máximo de cinco días, mediante auto, sobre as medidas propostas aceptando, de existir, o acordo alcanzado, salvo que na conclusión deste aprecie a existencia de fraude, dolo, coacción ou abuso de dereito. Neste caso, así como no suposto de non existir acordo, o xuíz determinará o que proceda conforme a lexislación laboral.

O auto, no caso de se acorda-la suspensión ou extinción colectiva dos contratos de traballo, producirá as mesmas consecuencias que a resolución administrativa da autoridade laboral recaída nun expediente de regulación de emprego, para efectos do acceso dos traballadores á situación legal de desemprego.

8. Contra o auto a que se refire o punto anterior caberá a interposición de recurso de suplicación, así como do resto de recursos previstos na Lei de procedemento laboral, que se tramitarán e resolverán ante os órganos xurisdiccionais da orde social, sen que ningún deles teña efectos suspensivos sobre a tramitación do concurso nin dos incidentes concursais.

As accións que os traballadores poidan exercer contra o auto, en cuestións que se refiran estrictamente á relación xurídica individual, substanciaranse polo procedemento do incidente concursal. A sentenza que recaia será recorrible en suplicación.

9. No suposto de se acordar unha modificación substancial de carácter colectivo das previstas no artigo 41 do Estatuto dos traballadores, o dereito de rescisión de contrato con indemnización que, para tal suposto reconece esta norma legal, quedará en suspenso durante a tramitación do concurso e co límite máximo dun ano desde que se dictase o auto xudicial que autorizou a dita modificación.

A suspensión prevista no parágrafo anterior tamén será de aplicación cando se acordase un traslado colectivo que supoña mobilidade xeográfica, sempre que o novo centro de traballo se encontre na mesma provincia que o centro de traballo de orixe e a menos de 60 quilómetros deste, salvo que se acredite que o tempo mínimo de desprazamento, de ida e volta, supera o vintecinco por cento da duración da xornada diaria de traballo.

Tanto neste caso como nos demais supostos de modificación substancial das condicións de traballo, a improcedencia do exercicio da acción de rescisión derivada da modificación colectiva das condicións de traballo non poderá prolongarse por un período superior a doce

meses, contados desde a data en que se dictase o auto xudicial que autorizou esta modificación.

10. As accións individuais interpostas ó abeiro do previsto no artigo 50.1.b) do Estatuto dos traballadores terán a consideración de extinción de carácter colectivo para os efectos da súa tramitación perante o xuíz do concurso polo procedemento previsto neste artigo, cando a extinción afecte un número de traballadores que supere, desde a declaración do concurso, os límites seguintes:

Para as empresas que conten cun cadro de persoal de ata 100 traballadores, dez traballadores. Entenderase en todo caso que son colectivas as accións exercidas pola totalidade do cadro de persoal da empresa.

Para as empresas que conten cun cadro de persoal de 100 a 300, o dez por cento dos traballadores.

Para as empresas que conten cun cadro de persoal de máis de 300, o vintecinco por cento dos traballadores.

11. En todo o non previsto neste artigo aplicarase a lexislación laboral e, especialmente, manterán os representantes dos traballadores cantas competencias lles atribúe esta.

#### Artigo 65. *Contratos do persoal de alta dirección.*

1. Durante a tramitación do concurso, a administración concursal, por propia iniciativa ou por instancia do debedor, poderá extinguir ou suspende-los contratos deste co persoal de alta dirección.

2. No caso de suspensión do contrato, este poderá extinguirse por vontade do alto directivo, con aviso previo dun mes, conservando o dereito á indemnización nos termos do punto seguinte.

3. En caso de extinción do contrato de traballo, o xuíz do concurso poderá modera-la indemnización que corresponda ó alto directivo, quedando neste suposto sen efecto a que se pactase no contrato, co límite da indemnización establecida na lexislación laboral para o despedimento colectivo.

4. A administración concursal poderá solicitar do xuíz que o pagamento deste crédito se adie ata que sexa firme a sentenza de cualificación.

#### Artigo 66. *Convenios colectivos.*

A modificación das condicións establecidas nos convenios regulados no título III do Estatuto dos traballadores só poderá afectar aquelas materias nas que sexa admisible de acordo coa lexislación laboral, e, en todo caso, requirirá o acordo dos representantes legais dos traballadores.

#### Artigo 67. *Contratos con administracións públicas.*

1. Os efectos da declaración de concurso sobre os contratos de carácter administrativo celebrados polo debedor con administracións públicas rexeranse polo establecido na súa lexislación especial.

2. Os efectos da declaración de concurso sobre os contratos de carácter privado subscritos polo debedor con administracións públicas rexeranse en canto ós seus efectos e extinción, polo establecido nesta lei.

#### Artigo 68. *Rehabilitación de créditos.*

1. A administración concursal, por propia iniciativa ou por instancia do concursado, poderá rehabilita-los contratos de préstamo e demais de crédito a favor deste dos que o vencemento anticipado por falta de pagamento de cotas de amortización ou de xuros devengados se producise dentro dos tres meses precedentes á decla-

ración de concurso, sempre que, antes de que finalice o prazo para presenta-la comunicación de créditos, notifique a rehabilitación ó acredor, satisfaga ou consigne a totalidade das cantidades debidas ó momento da rehabilitación e asuma os pagamentos futuros con cargo á masa.

2. Non procederá a rehabilitación cando o acredor se opoña e con anterioridade á apertura do concurso, iniciase o exercicio das accións en reclamación do pagamento contra o propio debedor, contra algún codebedor solidario ou contra calquera garante.

#### Artigo 69. *Rehabilitación de contratos de adquisición de bens con prezo adiado.*

1. A administración concursal, por propia iniciativa ou por instancia do concursado, poderá rehabilitar los contratos de adquisición de bens mobles ou inmobles con contraprestación ou prezo adiado a resolución dos cales se producise dentro dos tres meses precedentes á declaración de concurso, sempre que, antes de que finalice o prazo para a comunicación de créditos, notifique a rehabilitación ó transmitinte, satisfaga ou consigne a totalidade das cantidades debidas no momento da rehabilitación e asuma os pagamentos futuros con cargo á masa. O incumprimento do contrato que fose rehabilitado conferiralle ó acredor o dereito a resolvelo sen posibilidade de ulterior rehabilitación.

2. O transmitinte poderase opoñer á rehabilitación cando, con anterioridade á declaración de concurso, iniciase o exercicio das accións de resolución do contrato ou de restitución do ben transmitido, ou cando, coa mesma antelación, recuperase a posesión material do ben por canles lexítimas e devolvase ou consignase no procedente a contraprestación recibida ou realizase actos dispositivos sobre este en favor de terceiro, o que haberá de acreditar suficientemente se non lle constase á administración concursal.

#### Artigo 70. *Enervación do desafiuzamento en arrendamentos urbanos.*

A administración concursal poderá enerva-la acción de desafiuzamento exercida contra o debedor con anterioridade á declaración do concurso, así como rehabilita-la vixencia do contrato ata o momento mesmo de practicarse o efectivo lanzamento. En tales casos, deberán pagarse con cargo á masa tódalas rendas e conceptos pendentes, así como as posibles custas procesuais causadas ata ese momento.

Non será de aplicación nestes casos a limitación que establece o último parágrafo do artigo 22 da Lei de axuizamento civil.

### CAPÍTULO IV

#### Dos efectos sobre os actos prexudiciais para a masa activa

##### Artigo 71. *Accións de reintegración.*

1. Declarado o concurso, serán rescindibles os actos prexudiciais para a masa activa realizados polo debedor dentro dos dous anos anteriores á data da declaración, aínda que non existise intención fraudulenta.

2. O prexuízo patrimonial presúmese, sen admitir proba en contrario, cando se trate de actos de disposición a título gratuito, salvo as liberalidades de uso, e de pagamentos ou outros actos de extinción de obrigas o vencemento dos cales fose posterior á declaración do concurso.

3. Salvo proba en contrario, o prexuízo patrimonial presúmese cando se trate dos seguintes actos:

1.º Os dispositivos a título oneroso realizados a favor dalgunha das persoas especialmente relacionadas co concursado.

2.º A constitución de garantías reais a favor de obrigas preexistentes ou das novas contraídas en substitución daquelas.

4. Cando se trate de actos non comprendidos nos dous supostos previstos no punto anterior, o prexuízo patrimonial deberá ser probado por quen exerza a acción rescisoria.

5. En ningún caso poderán ser obxecto de rescisión os actos ordinarios da actividade profesional ou empresarial do debedor realizados en condicións normais, nin os actos comprendidos no ámbito de leis especiais reguladoras dos sistemas de pagamentos e compensación e liquidación de valores e instrumentos derivados.

6. O exercicio das accións rescisorias non impedirá o doutras accións de impugnación de actos do debedor que procedan conforme dereito, as cales se poderán exercer perante o xuíz do concurso, conforme as normas de lexitimación e procedemento que para aquelas contén o artigo seguinte.

##### Artigo 72. *Lexitimación e procedemento.*

1. A lexitimación activa para o exercicio das accións rescisorias e demais de impugnación corresponderá á administración concursal. Os acredores que instasen por escrito da administración concursal o exercicio dalgunha acción, sinalando o acto concreto que se trate de rescindir ou impugnar e o fundamento para iso, estarán lexitimados para exercela se a administración concursal non o fixer dentro dos dous meses seguintes ó requirimento. Neste caso, en canto ós gastos e custas dos lexitimados subsidiarios aplicarase a norma prevista no punto 4 do artigo 54.

2. As demandas de rescisión deberanse dirixir contra o debedor e contra os que fosen parte no acto impugnado. Se o ben que se pretenda reintegrar fose transmitido a un terceiro, a demanda tamén se deberá dirixir contra este cando o actor pretenda desvirtua-la presunción de boa fe do adquirente ou ataca-la irreivindicabilidade de que goce ou a protección derivada da publicidade rexistral.

3. As accións rescisorias e demais de impugnación tramitaranse pola canle do incidente concursal. As demandas interpostas polos lexitimados subsidiarios notificaránselle á administración concursal.

##### Artigo 73. *Efectos da rescisión.*

1. A sentenza que estime a acción declarará a ineficacia do acto impugnado e condenará á restitución das prestacións obxecto daquel, cos seus froitos e xuros.

2. Se os bens e dereitos saídos do patrimonio do debedor non se lle puidesen reintegrar á masa por pertencer a terceiro non demandado ou que, conforme a sentenza, procedese de boa fe ou gozase de irreivindicabilidade ou de protección rexistral, condenarase a quen fose parte no acto rescindido a entrega-lo valor que tiveran cando saíron do patrimonio do debedor concursado, máis o xuro legal; se a sentenza apreciase mala fe en quen contratou co concursado, será condenado a indemniza-la totalidade dos danos e perdas causados á masa activa.

3. O dereito á prestación que resulte a favor de calquera dos demandados como consecuencia da rescisión terá a consideración de crédito contra a masa, que terá que satisfacerse simultaneamente á reintegración dos bens e dereitos obxecto do acto rescindido, salvo que a sentenza apreciase mala fe no acredor, neste caso considerarase crédito concursal subordinado.

## TÍTULO IV

## Do informe da administración concursal e da determinación das masas activa e pasiva do concurso

## CAPÍTULO I

## Da presentación do informe da administración concursal

Artigo 74. *Prazo de presentación.*

1. O prazo para a presentación do informe dos administradores concursais será de dous meses, contados a partir da data en que se produza a aceptación de dous deles.

2. Este prazo poderá ser prorrogado polo xuíz, por tempo non superior a un mes, por solicitude da administración concursal, presentada antes da súa expiración e fundada en circunstancias extraordinarias.

3. Ademais da responsabilidade e da causa de separación en que puidesen incorrer conforme os artigos 36 e 37, os administradores concursais que non presenten o informe dentro do prazo perderán o dereito á remuneración fixada polo xuíz do concurso e deberán devolver á masa as cantidades percibidas. Contra a resolución xudicial que acorde impoñer esta sanción caberá recurso de apelación.

Artigo 75. *Estructura do informe.*

1. O informe da administración concursal conterá:

1.º Análise dos datos e circunstancias do debedor expresados na memoria a que se refire o número 2.º do punto 2 do artigo 6.

2.º Estado da contabilidade do debedor e, se é o caso, xuízo sobre as contas, estados financeiros, informes e memoria a que se refire o punto 3 do artigo 6.

Se o debedor non presentase as contas anuais correspondentes ó exercicio anterior á declaración de concurso, serán formuladas pola administración concursal, cos datos que poida obter dos libros e documentos do debedor, da información que este lle facilite e de canta outra obteña nun prazo non superior a quince días.

3.º Memoria das principais decisións e actuacións da administración concursal.

2. Ó informe uniranse os documentos seguintes:

1.º Inventario da masa activa.

2.º Lista de acredores.

3.º Se é o caso, o escrito de avaliación das propostas de convenio que se presentasen.

3. O informe concluirá coa exposición motivada dos administradores concursais acerca da situación patrimonial do debedor e de cantos datos e circunstancias puideran ser relevantes para a ulterior tramitación do concurso.

## CAPÍTULO II

## Da determinación da masa activa

## SECCIÓN 1.ª DA COMPOSICIÓN DA MASA ACTIVA E FORMACIÓN DA SECCIÓN TERCEIRA

Artigo 76. *Principio de universalidade.*

1. Constitúen a masa activa do concurso os bens e dereitos integrados no patrimonio do debedor na data da declaración de concurso e os que se reintegren a este ou adquiera ata a conclusión do procedemento.

2. Exceptúanse do disposto no punto anterior aqueles bens e dereitos que, aínda tendo carácter patrimonial, sexan legalmente inembargables.

3. Os titulares de créditos con privilexios sobre os buques e as aeronaves poderán separar estes bens da masa activa do concurso mediante o exercicio, polo procedemento correspondente, das accións que teñan recoñecidas na súa lexislación específica. Se da execución resultara remanente a favor do concursado, integrarase na masa activa.

Artigo 77. *Bens conxugais.*

1. En caso de concurso de persoa casada, a masa activa comprenderá os bens e dereitos propios ou privativos do concursado.

2. Se o réxime económico do matrimonio fose o de sociedade de gananciais ou calquera outro de comunidade de bens, incluíranse na masa, ademais, os bens gananciais ou comúns cando deban responder de obrigas do concursado. Neste caso, o cónxuxe do concursado poderá pedi-la disolución da sociedade ou comunidade conxugal e o xuíz acordará a liquidación ou división do patrimonio que se levará a cabo de forma coordinada co que resulte do convenio ou da liquidación do concurso.

Artigo 78. *Presunción de doazóns e pacto de sobrevivencia entre os cónxuxes. Vivenda habitual do matrimonio.*

1. Declarado o concurso de persoa casada en réxime de separación de bens, presumírase en beneficio da masa, salvo proba en contrario, que lle doou ó seu cónxuxe a contraprestación satisfeita por este para a adquisición de bens a título oneroso cando esta contraprestación proceda do patrimonio do concursado. De non se poder proba-la procedencia da contraprestación presumírase, salvo proba en contrario, que a metade dela foi doada polo concursado ó seu cónxuxe, sempre que a adquisición dos bens se realizase no ano anterior á declaración de concurso.

2. As presuncións a que se refire este artigo non rexerán cando os cónxuxes estiveran separados xudicialmente ou de feito.

3. Os bens adquiridos por ámbolos cónxuxes con pacto de sobrevivencia consideraranse divisibles no concurso de calquera deles, integrándose na masa activa a metade correspondente ó concursado.

O cónxuxe do concursado terá dereito a adquirirla totalidade de cada un dos bens satisfacéndolle á masa a metade do seu valor. Se se tratar da vivenda habitual do matrimonio, o valor será o do prezo de adquisición actualizado conforme o índice de prezos sobre o consumo específico, sen que poida supera-lo do seu valor de mercado. Nos demais casos, será o que de común acordo determinen o cónxuxe do concursado e a administración concursal ou, no seu defecto, o que como valor de mercado determine o xuíz, oídas as partes e logo de informe de experto cando o estime oportuno.

4. Cando a vivenda habitual do matrimonio tivese carácter ganancial ou lles pertencese en comunidade conxugal e procedese a liquidación da sociedade de gananciais ou a disolución da comunidade, o cónxuxe do concursado terá dereito a que aquela se inclúa con preferencia no seu haber, ata onde este alcance ou aboando o exceso.

Artigo 79. *Contas indistintas.*

1. Os saldos acredores de contas nas que o concursado figure como titular indistinto integrarase na masa activa, salvo proba en contrario apreciada como suficiente pola administración concursal.

2. Contra a decisión que se adopte poderá promoverse incidente concursal.



**Artigo 80. Separación.**

1. Os bens de propiedade allea que se encontren en poder do concursado e sobre os cales este non teña dereito de uso, garantía ou retención serán entregados pola administración concursal ós seus lexítimos titulares, por solicitude destes.

2. Contra a decisión denegatoria da administración concursal poderá promoverse incidente concursal.

**Artigo 81. Imposibilidade de separación.**

1. Se os bens e dereitos susceptibles de separación fosen alleados polo debedor antes da declaración de concurso a terceiro de quen non se poidan reivindicar, o titular prexudicado poderá optar entre esixir a cesión do dereito a recibirla contraprestación se aínda o adquirente non a realizase, ou comunicarlle á administración concursal, para o seu recoñecemento no concurso, o crédito correspondente ó valor que tiveran os bens e dereitos no momento do alleamento ou noutro posterior, a elección do solicitante, máis o xuro legal.

2. O crédito que resulte a favor do titular prexudicado terá a consideración de crédito concursal ordinario. Os efectos da falta de comunicación oportuna do crédito produciranse transcorrido un mes desde a aceptación pola administración concursal ou desde a firmeza da resolución xudicial que recoñecese os dereitos do titular prexudicado.

**SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DO INVENTARIO DA MASA ACTIVA****Artigo 82. Formación do inventario.**

1. A administración concursal elaborará coa maior brevidade posible un inventario que conterá a relación e a taxación dos bens e dereitos do debedor integrados na masa activa na data de cerramento, que será o día anterior ó de emisión do seu informe. En caso de concurso de persoa casada en réxime de gananciais ou calquera outro de comunidade de bens, incluíranse no inventario a relación e a taxación dos bens e dereitos privativos do debedor concursado, así como as dos bens e dereitos gananciais ou comúns, con expresa indicación do seu carácter.

2. De cada un dos bens e dereitos relacionados no inventario expresarase a súa natureza, características, lugar en que se encontre e, se é o caso, datos de identificación rexistral. Indicaranse tamén os gravames, trabas e cargas que afecten estes bens e dereitos, con expresión da súa natureza e os datos de identificación.

3. A taxación de cada un dos bens e dereitos realizarase de acordo co seu valor de mercado, tendo en conta os dereitos, gravames ou cargas de natureza perpetua, temporal ou redimible que directamente lles afecten e inflúan no seu valor, así como as garantías reais e as trabas ou embargos que garantan ou aseguren débedas non incluídas na masa pasiva.

4. Ó inventario engadiráselle unha relación de tódolos litixios o resultado dos cales poida afectalo seu contido e outra comprensiva de cantas accións se deberan promover, a xuízo da administración concursal, para a reintegración da masa activa. En ámbalas relacións informarase sobre a viabilidade, os riscos, os custos e as posibilidades de financiamento das correspondentes actuacións xudiciais.

**Artigo 83. Asesoramento de expertos independentes.**

1. Se a administración concursal considera necesario o asesoramento de expertos independentes para a estimación dos valores de bens e dereitos ou da via-

bilidade das accións ás que se refire o artigo anterior, proporá ó xuíz o seu nomeamento e os termos do encargo. Contra a decisión do xuíz non caberá ningún recurso.

2. Os informes emitidos polos expertos e o detalle dos honorarios devengados con cargo á masa uniranse ó inventario.

**CAPÍTULO III****Da determinación da masa pasiva****SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DA COMPOSICIÓN DA MASA PASIVA E DA FORMACIÓN DA SECCIÓN CUARTA****Artigo 84. Créditos concursais e créditos contra a masa.**

1. Constitúen a masa pasiva os créditos contra o debedor común que conforme esta lei non teñan a consideración de créditos contra a masa. En caso de concurso de persoa casada en réxime de gananciais ou calquera outro de comunidade de bens, non se integrarán na masa pasiva os créditos contra o cónxuxe do concursado, aínda que sexan, ademais, créditos a cargo da sociedade ou comunidade conxugal.

2. Teñen a consideración de créditos contra a masa, e serán satisfeitos conforme o disposto no artigo 154:

1.<sup>o</sup> Os créditos por salarios polos últimos trinta días de traballo anteriores á declaración de concurso e en contía que non supere o dobre do salario mínimo interprofesional.

2.<sup>o</sup> Os de custas e gastos xudiciais ocasionados pola solicitude e a declaración de concurso, a adopción de medidas cautelares, a publicación das resolucións xudiciais previstas nesta lei, e a asistencia e a representación do concursado e da administración concursal durante toda a tramitación do procedemento e os seus incidentes, ata a eficacia do convenio ou, noutro caso, ata a conclusión do concurso, con excepción dos ocasionados polos recursos que interpoñan contra resolucións do xuíz cando fosen total ou parcialmente desestimados con expresa condena en custas.

3.<sup>o</sup> Os de custas e gastos xudiciais ocasionados pola asistencia e representación do debedor, da administración concursal ou de acredores lexitimados nos xuízos que, en interese da masa, continúen ou inicien conforme o disposto nesta lei, salvo o previsto para os casos de desistencia, avinza, transacción e defensa separada do debedor e, se é o caso, ata os límites cuantitativos nela establecidos.

4.<sup>o</sup> Os de alimentos do debedor e das persoas respecto das cales tivera o deber legal de prestalos, conforme o disposto nesta lei sobre a súa procedencia e contía así como, en toda a extensión que se fixe na correspondente resolución xudicial posterior á declaración do concurso, os dos alimentos a cargo do concursado acordados polo xuíz de primeira instancia nalgún dos procesos ós que se refire o título I do libro IV da Lei de axuízamento civil.

5.<sup>o</sup> Os xerados polo exercicio da actividade profesional ou empresarial do debedor trala declaración do concurso, incluíndo os créditos laborais, comprendidas neles as indemnizacións debidas en caso de despedimento ou extinción dos contratos de traballo, así como as recargas sobre as prestacións por incumprimento das obrigas en materia de saúde laboral, ata que o xuíz acorde o cesamento da actividade profesional ou empresarial, aprobe un convenio ou, noutro caso, declare a conclusión do concurso.

Os créditos por indemnizacións derivadas de extincións colectivas de contratos de traballo ordenados polo xuíz do concurso entenderanse comunicados e recoñe-

cidos pola propia resolución que os aprobe, sexa cal sexa o momento.

6.º Os que, conforme esta lei, resulten de prestacións a cargo do concursado nos contratos con obrigas recíprocas pendentes de cumprimento que continúen en vigor trala declaración de concurso, e de obrigas de restitución e indemnización en caso de resolución voluntaria ou por incumprimento do concursado.

7.º Os que, nos casos de pagamento de créditos con privilexio especial sen realización dos bens ou dereitos afectos, nos de rehabilitación de contratos ou de enervación de desafiuzamento e nos demais previstos nesta lei, correspondan polas cantidades debidas e as de vencemento futuro a cargo do concursado.

8.º Os que, nos casos de rescisión concursal de actos realizados polo debedor, correspondan á devolución de contraprestacións recibidas por este, salvo que a sentenza apreciase mala fe no titular deste crédito.

9.º Os que resulten de obrigas validamente contraídas durante o procedemento pola administración concursal ou, coa autorización ou conformidade desta, polo concursado sometido a intervención.

10.º Os que resulten de obrigas nacidas da lei ou de responsabilidade extracontractual do concursado con posterioridade á declaración de concurso e ata a eficacia do convenio ou, se é o caso, ata a conclusión do concurso.

11.º Calquera outro crédito ó que esta lei lle atribúa expresamente tal consideración.

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DA COMUNICACIÓN E DO RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS

### Artigo 85. *Comunicación de créditos.*

1. Dentro do prazo sinalado no número 5.º do punto 1 do artigo 21, os acredores do concursado comunicaranlle á administración concursal a existencia dos seus créditos.

2. A comunicación será formulada por escrito asinado polo acredor, por calquera outro interesado no crédito ou por quen acredite representación suficiente deles, e presentarse no xulgado.

3. O escrito expresará nome, domicilio e demais datos de identidade do acredor, así como os relativos ó crédito, ó seu concepto, á contía, ás datas de adquisición e vencemento, ás características e á cualificación que se pretenda. Se se invocase un privilexio especial, indicaranse, ademais, os bens ou dereitos a que afecte e, se é o caso, os datos rexistrados.

4. Xuntaranse os orixinais ou copias autenticadas do título ou dos documentos relativos ó crédito. Se se solicitase a devolución dos títulos, documentos ou escrituras de poder acompañados, quedarán nas actuacións testemuños bastantes autorizados polo secretario.

Non obstante, cando os orixinais dos títulos ou documentos fosen achegados ou consten noutro procedemento xudicial ou administrativo, poderanse xuntar copias non autenticadas deles sempre que se xustifique a solicitude efectuada ante o xulgado ou organismo correspondente para a obtención de testemuño ou a devolución de orixinais.

5. No caso de concursos simultáneos de debedores solidarios, o acredor ou o interesado poderán comunicar a existencia dos créditos á administración concursal de cada un dos concursos. O escrito presentado en cada concurso expresará se se efectuou ou se vai efectuar a comunicación nos demais, e xuntarse, se é o caso, copia do escrito ou dos escritos presentados e dos que se recibisen.

### Artigo 86. *Recoñecemento de créditos.*

1. Corresponderalle á administración concursal determina-la inclusión ou exclusión na lista de acredores dos créditos postos de manifesto no procedemento. Esta decisión adoptárase respecto de cada un dos créditos, tanto dos que se comunicasen expresamente como dos que resultasen dos libros e documentos do debedor ou por calquera outra razón constasen no concurso.

Tódalas cuestións que se susciten en materia de recoñecemento de créditos serán tramitadas e resoltas por medio do incidente concursal.

2. Incluíranse necesariamente na lista de acredores aqueles créditos que fosen recoñecidos por laudo ou por sentenza, aínda que non foran firmes, os que consten en documento con forza executiva, os recoñecidos por certificación administrativa, os asegurados con garantía real inscrita en rexistro público, e os créditos dos traballadores a existencia e contía dos cales resulten dos libros e documentos do debedor ou por calquera outra razón consten no concurso. Non obstante, a administración concursal poderá impugnar en xuízo ordinario e dentro do prazo para emitilo seu informe, os convenios ou procedementos arbitrais en caso de fraude, conforme o previsto no punto 2 do artigo 53, e a existencia e validez dos créditos consignados en título executivo ou asegurados con garantía real, así como, a través das canles admitidas para o efecto pola súa lexislación específica, os actos administrativos.

3. Cando o concursado fose persoa casada en réxime de gananciais ou calquera outro de comunidade de bens, a administración concursal expresará, respecto de cada un dos créditos incluídos na lista, se só se poden facer efectivos sobre o seu patrimonio privativo ou tamén sobre o patrimonio común.

### Artigo 87. *Supostos especiais de recoñecemento.*

1. Os créditos sometidos a condición resolutoria recoñeceranse como condicionais e gozarán dos dereitos concursais que correspondan á súa contía e cualificación, mentres non se cumpra a condición. Cumprida esta, poderán anularse, por pedimento de parte, as actuacións e decisións nas que o acto, a adhesión ou o voto do acredor condicional fora decisivo. Tódalas demais actuacións manteranse, sen prexuízo do deber de devolución á masa, se é o caso, das cantidades cobradas polo acredor condicional, e da responsabilidade en que este acredor puidese incorrer fronte á masa ou fronte ós acredores.

2. Ós créditos de dereito público das administracións públicas e dos seus organismos públicos recorridos en vía administrativa ou xurisdiccional seralles de aplicación o disposto no punto anterior.

3. Os créditos sometidos a condición suspensiva e os litixiosos serán recoñecidos no concurso como créditos continxentes sen contía propia e coa cualificación que corresponda, admitíndose os seus titulares como acredores lexitimados no xuízo sen máis limitacións que a suspensión dos dereitos de adhesión, de voto e de cobramento. En todo caso, a confirmación do crédito continxente ou o seu recoñecemento en sentenza firme ou susceptible de execución provisional, outorgaralle ó seu titular a totalidade dos dereitos concursais que correspondan á súa contía e cualificación.

4. Cando o xuízo do concurso estime probable o cumprimento da condición resolutoria ou a confirmación do crédito continxente, poderá, por pedimento de parte, adoptar as medidas cautelares de constitución de provisiones con cargo á masa, de prestación de fianzas polas partes e calquera outra que considere oportuna en cada caso.

5. Os créditos que non poidan ser feitos efectivos contra o concursado sen a previa excusión do patrimonio do debedor principal recoñeceranse como créditos contingentes mentres o acredor non lle xustifique cumpridamente á administración concursal ter esgotada a excusión, confirmándose, en tal caso, o recoñecemento do crédito no concurso polo saldo subsistente.

6. Os créditos nos que o acredor desfrute de fianza de terceiro recoñeceranse polo seu importe sen ningunha limitación e sen prexuízo da substitución do titular do crédito en caso de pagamento polo fiador. Na cualificación destes créditos optárase, en todo caso, pola que resulte menos gravosa para o concurso entre as que correspondan ó acredor e ó fiador.

7. Por solicitude do acredor que cobrase parte do seu crédito dun avalista, fiador ou debedor solidario do concursado, poderanse incluír ó seu favor na lista de acredores tanto o resto do seu crédito non satisfeito como a totalidade do que, por reembolso ou por cota de solidariedade, lle corresponda a quen fixese o pagamento parcial, aínda que este non comunicase o seu crédito ou fixese remisión da débeda.

#### Artigo 88. *Cómputo dos créditos en diñeiro.*

1. Para os seus efectos da cuantificación do pasivo, tódolos créditos se computarán en diñeiro e se expresarán en moeda de curso legal, sen que isto supoña a súa conversión nin modificación.

2. Os créditos expresados noutra moeda computaranse na de curso legal segundo o tipo de cambio oficial na data da declaración de concurso.

3. Os créditos que tivesen por obxecto prestacións que non sexan en diñeiro ou prestacións en diñeiro determinadas por referencia a un ben distinto do diñeiro computaranse polo valor das prestacións ou do ben na data da declaración de concurso.

4. Os créditos que tiveran por obxecto prestacións en diñeiro futuras computaranse polo seu valor na data da declaración de concurso, efectuándose a actualización conforme o tipo de xuro legal vixente nese momento.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DA CLASIFICACIÓN DOS CRÉDITOS

#### Artigo 89. *Clases de créditos.*

1. Os créditos incluídos na lista de acredores clasificaranse, para efectos do concurso, en privilexiados, ordinarios e subordinados.

2. Os créditos privilexiados clasificaranse, pola súa vez, en créditos con privilexio especial, se afectan determinados bens ou dereitos, e créditos con privilexio xeral, se afectan a totalidade do patrimonio do debedor. Non se admitirá no concurso ningún privilexio ou preferencia que non estea recoñecido nesta lei.

3. Entenderanse clasificados como créditos ordinarios aqueles que non se encontren cualificados nesta lei como privilexiados nin como subordinados.

#### Artigo 90. *Créditos con privilexio especial.*

1. Son créditos con privilexio especial:

1.<sup>o</sup> Os créditos garantidos con hipoteca voluntaria ou legal, inmobiliaria ou mobiliaria, ou con peñor sen desprazamento, sobre os bens hipotecados ou pignorados.

2.<sup>o</sup> Os créditos garantidos con anticrese, sobre os froitos do inmovible gravado.

3.<sup>o</sup> Os créditos refaccionarios, sobre os bens refaccionados, incluídos os dos traballadores sobre os obxectos por eles elaborados mentres sexan propiedade ou estean en posesión do concursado.

4.<sup>o</sup> Os créditos por cotas de arrendamento financeiro ou prazos de compravenda con prezo adiado de bens mobles ou inmoibles, a favor dos arrendadores ou vendedores e, se é o caso, dos financiadores, sobre os bens arrendados con reserva de dominio, con prohibición de dispoñer ou con condición resolutoria en caso de falta de pagamento.

5.<sup>o</sup> Os créditos con garantía de valores representados mediante anotacións en conta, sobre os valores gravados.

6.<sup>o</sup> Os créditos garantidos con peñor constituído en documento público, sobre os bens ou dereitos pignorados que estean en posesión do acredor ou dun terceiro. Se se tratar de peñor de créditos, bastará con que conste en documento con data fidedigna para gozar de privilexio sobre os créditos pignorados.

2. Para que os créditos mencionados nos números 1.<sup>o</sup> a 5.<sup>o</sup> do punto anterior poidan ser clasificados con privilexio especial, a respectiva garantía deberá estar constituída cos requisitos e formalidades previstos na súa lexislación específica para a súa oponibilidade a terceiros, salvo que se trate de hipoteca legal tácita ou dos refaccionarios dos traballadores.

#### Artigo 91. *Créditos con privilexio xeral.*

Son créditos con privilexio xeral:

1.<sup>o</sup> Os créditos por salarios que non teñan recoñecido privilexio especial, na contía que resulte de multiplicalo triple do salario mínimo interprofesional polo número de días de salario pendentes de pagamento, as indemnizacións derivadas da extinción dos contratos, na contía correspondente ó mínimo legal calculada sobre unha base que non supere o triple do salario mínimo interprofesional, as indemnizacións derivadas de accidente de traballo e enfermidade profesional, e as recargas sobre as prestacións por incumprimento das obrigas en materia de saúde laboral devengados con anterioridade á declaración de concurso.

2.<sup>o</sup> As cantidades correspondentes a retencións tributarias e de Seguridade Social debidas polo concursado en cumprimento dunha obriga legal.

3.<sup>o</sup> Os créditos por traballo persoal non dependente e os que correspondan ó propio autor pola cesión dos dereitos de explotación da obra obxecto de propiedade intelectual, devengados durante os seis meses anteriores á declaración do concurso.

4.<sup>o</sup> Os créditos tributarios e demais de dereito público, así como os créditos da Seguridade Social que non gocen de privilexio especial conforme o punto 1 do artigo 90, nin do privilexio xeral do número 2.<sup>o</sup> deste artigo. Este privilexio poderán exercerse para o conxunto dos créditos da Facenda Pública e para o conxunto dos créditos da Seguridade Social, respectivamente, ata o cincuenta por cento do seu importe.

5.<sup>o</sup> Os créditos por responsabilidade civil extracontractual. Non obstante, os danos persoais non asegurados tramitaranse en concorrencia cos créditos recollidos no número 4.<sup>o</sup> deste artigo.

6.<sup>o</sup> Os créditos de que fose titular o acredor que solicitase a declaración de concurso e que non tivesen o carácter de subordinados, ata a cuarta parte do seu importe.

#### Artigo 92. *Créditos subordinados.*

Son créditos subordinados:

1.<sup>o</sup> Os créditos que, sendo comunicados tardiamente, sexan incluídos pola administración concursal na lista de acredores ou que, non sendo comunicados oportunamente, sexan incluídos na dita lista polo xuíz ó resolver



sobre a impugnación desta, salvo que se trate de créditos a existencia dos cales resultase da documentación do debedor, constasen doutro modo no concurso ou noutro procedemento xudicial, ou que para a súa determinación sexa precisa a actuación inspectora das administracións públicas, tendo en todos estes casos o carácter que lles corresponda segundo a súa natureza.

2.º Os créditos que por pacto contractual teñan o carácter de subordinados respecto de tódolos demais créditos contra o debedor.

3.º Os créditos por xuros de calquera clase, incluídos os moratorios, salvo os correspondentes a créditos con garantía real ata onde alcance a respectiva garantía.

4.º Os créditos por multas e demais sancións pecuniarias.

5.º Os créditos de que for titular algunha das persoas especialmente relacionadas co debedor ás que se refire o artigo seguinte, excepto os comprendidos no número 1.º do artigo 91 cando o concursado sexa persoa natural.

6.º Os créditos que como consecuencia de rescisión concursal resulten a favor de quen na sentenza fose declarado parte de mala fe no acto impugnado.

#### Artigo 93. *Persoas especialmente relacionadas co concursado.*

1. Considéranse persoas especialmente relacionadas co concursado persoa natural:

1.º O cónxuxe do concursado ou que o tiver sido dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso, ou as persoas que convivan con análoga relación de afectividade ou conviven habitualmente con el dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso.

2.º Os ascendentes, descendentes e irmáns do concursado ou de calquera das persoas a que se refire o número anterior.

3.º Os cónxuxes dos ascendentes, dos descendentes e dos irmáns do concursado.

2. Considéranse persoas especialmente relacionadas co concursado persoa xurídica:

1.º Os socios que conforme a lei sexan persoal e ilimitadamente responsables das débedas sociais e aqueles outros que sexan titulares de, polo menos, un cinco por cento do capital social, se a sociedade declarada en concurso tiver valores admitidos a negociación en mercado secundario oficial, ou un dez por cento se non os tiver.

2.º Os administradores, de dereito ou de feito, os liquidadores do concursado persoa xurídica e os aponderados con poderes xerais da empresa, así como os que o fosen dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso.

3.º As sociedades que formen parte do mesmo grupo que a sociedade declarada en concurso e os seus socios.

3. Salvo proba en contrario, presúmense persoas especialmente relacionadas co concursado os cesionarios ou adxudicatarios de créditos pertencentes a calquera das persoas mencionadas nos puntos anteriores, sempre que a adquisición se producise dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso.

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> DA LISTA DE ACREDORES

#### Artigo 94. *Estructura e contido.*

1. Ó informe da administración concursal xuntarase a lista de acredores, referida á data de solicitude do concurso, que comprenderá unha relación dos incluídos e outra dos excluídos, ambas ordenadas alfabeticamente.

2. A relación dos acredores incluídos expresará a identidade de cada un deles, a causa, a contía por principal e por xuros, datas de orixe e vencemento dos créditos recoñecidos de que for titular, as súas garantías persoais ou reais e a súa cualificación xurídica, indicándose, se é o caso, o seu carácter de litixiosos, condicionais ou pendentes da previa excusión do patrimonio do debedor principal. Faranse constar expresamente, se as houber, as diferencias entre a comunicación e o recoñecemento e as consecuencias da falta de comunicación oportuna.

Cando o concursado for persoa casada en réxime de gananciais ou calquera outro de comunidade de bens, relacionaranse separadamente os créditos que só se poden facer efectivos sobre o seu patrimonio privativo e os que se poden facer efectivos tamén sobre o patrimonio común.

3. A relación dos excluídos expresará a identidade de cada un deles e os motivos da exclusión.

4. En relación separada, detallaranse e cuantificaranse os créditos contra a masa devengados e pendentes de pagamento.

### CAPÍTULO IV

#### Da publicidade e da impugnación do informe

#### Artigo 95. *Publicidade do informe e da documentación complementaria.*

1. A administración concursal, simultaneamente á presentación do informe, dirixirá comunicación persoal, por calquera medio que acredite a súa recepción, a cada un dos interesados que fosen excluídos, incluídos sen comunicación previa do crédito ou por contía inferior ou con cualificación distinta ás pretendidas, indicándolles estas circunstancias e sinalándolles un prazo de dez días desde a súa recepción para que formulen as reclamacións que teñan por conveniente.

2. A presentación ó xuíz do informe da administración concursal e da documentación complementaria comunicarase de acordo co disposto no artigo 23 e publicarse no taboleiro de anuncios do xulgado.

3. O xuíz poderá acordar, de oficio ou por instancia de interesado, calquera publicidade complementaria que considere oportuna, en medios oficiais ou privados.

#### Artigo 96. *Impugnación do inventario e da lista de acredores.*

1. Dentro do prazo de dez días contado desde a comunicación a que se refire o punto 2 do artigo anterior, calquera interesado poderá impugna-lo inventario e a lista de acredores, para este fin poderá obter copia pola súa conta.

2. A impugnación do inventario poderá consistir na solicitude da inclusión ou da exclusión de bens ou dereitos, ou do aumento ou diminución do taxación dos incluídos.

3. A impugnación da lista de acredores poderá referirse á inclusión ou á exclusión de créditos, así como á contía ou á clasificación dos recoñecidos.

4. As impugnacións substanciaranse polos trámites do incidente concursal e o xuíz poderá de oficio acumulalas para resolvelas conxuntamente. Dentro dos cinco días seguintes á notificación da última sentenza resolutoria das impugnacións, a administración concursal introducirá no inventario, na lista de acredores e na exposición motivada do seu informe as modificacións que, se é o caso, procedan e presentará ó xuíz os textos definitivos correspondentes así como unha relación actualizada dos créditos contra a masa devengados e pendentes de pagamento, todo o cal quedará de manifesto na secretaría do xulgado.

**Artigo 97. Consecuencias da falta de impugnación.**

1. Os que non impugnaren en tempo e forma o inventario ou a lista de acredores non poderán formular pretensións de modificación do contido destes documentos, aínda que si poderán recorrer contra as modificacións introducidas polo xuíz ó resolver outras impugnacións.

2. Se o acredor cualificado na lista de acredores como especialmente relacionado co debedor non impugnase en tempo e forma esta cualificación, o xuíz do concurso, vencido o prazo de impugnación e sen máis trámites, dictará auto declarando extinguidas as garantías de calquera clase constituídas a favor dos créditos de que aquel fose titular, ordenando, se é o caso, a restitución posesoria e a cancelación dos asentos nos rexistros correspondentes. Quedan exceptuados deste suposto os créditos comprendidos no número 1.º do artigo 91 cando o concursado sexa persoa natural.

**TÍTULO V****Das fases de convenio ou de liquidación****CAPÍTULO I****Da fase de convenio****SECCIÓN 1.ª DA FINALIZACIÓN DA FASE COMÚN DO CONCURSO****Artigo 98. Resolución xudicial.**

Transcorrido o prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores sen que se presentasen impugnacións ou, de se ter presentado, unha vez postos de manifesto na secretaría do xulgado os textos definitivos daqueles documentos, o xuíz dictará a resolución que proceda de conformidade co disposto neste título.

**SECCIÓN 2.ª DA PROPOSTA DE CONVENIO E DAS ADHESIÓN****Artigo 99. Requisitos formais da proposta de convenio.**

1. Toda proposta de convenio, que poderá conter distintas alternativas, formularase por escrito e asinada polo debedor ou, se é o caso, por tódolos acredores proponentes, ou polos seus respectivos representantes con poder suficiente. Das propostas presentadas daráselles traslado ás partes comparecidas.

Cando a proposta contivese compromisos de pagamento a cargo de terceiros para prestar garantías ou financiamento, realizar pagamentos ou asumir calquera outra obriga, deberá ir asinada, ademais, polos compromitentes ou polos seus representantes con poder suficiente.

2. As sinaturas da proposta e, se é o caso, a xustificación do seu carácter representativo deberán estar lexitimadas.

**Artigo 100. Contido da proposta de convenio.**

1. A proposta de convenio deberá conter proposicións de quitación ou de espera, podendo acumular ambas. Respecto dos créditos ordinarios, as proposicións de quitación non poderán exceder da metade do importe de cada un deles, nin as de espera de cinco anos a partir da firmeza da resolución xudicial que aprobe o convenio.

Excepcionalmente, cando se trate do concurso de empresas a actividade das cales poida ter especial transcendencia para a economía, sempre que o recolla o plan

de viabilidade que se presente e se xunte informe emitido para o efecto pola Administración económica competente, o xuíz do concurso poderá, por solicitude de parte, autorizar motivadamente a superación dos ditos límites.

2. A proposta de convenio poderá conter, ademais, proposicións alternativas para tódolos acredores ou para os dunha ou varias clases, incluídas as ofertas de conversión do crédito en accións, participacións ou cotas sociais, ou en créditos participativos.

Tamén se poderán incluír na proposta de convenio proposicións de alleamento, ben do conxunto de bens e dereitos do concursado afectos á súa actividade empresarial ou profesional ou de determinadas unidades productivas a favor dunha persoa natural ou xurídica determinada. As proposicións incluírán necesariamente a asunción polo adquirente da continuidade da actividade empresarial ou profesional propia das unidades productivas ás que afecte e do pagamento dos créditos dos acredores, nos termos expresados na proposta de convenio. Nestes casos, deberán ser oídos os representantes legais dos traballadores.

3. En ningún caso a proposta poderá consistir na cesión de bens e dereitos ós acredores en pagamento ou para pagamento dos seus créditos, nin en calquera forma de liquidación global do patrimonio do concursado para satisfacción das súas débedas, nin na alteración da clasificación de créditos establecida pola lei, nin da contía destes fixada no procedemento, sen prexuízo das quitacións que se puideran acordar e da posibilidade de fusión ou escisión da persoa xurídica concursada, e sen prexuízo, así mesmo, do previsto no parágrafo segundo do punto 5 deste artigo.

4. As propostas deberán presentar xunto cun plan de pagamentos con detalle dos recursos previstos para o seu cumprimento, incluídos, se é o caso, os procedentes do alleamento de determinados bens ou dereitos do concursado.

5. Cando para atender ó cumprimento do convenio se prevexa contar cos recursos que xere a continuación, total ou parcial, no exercicio da actividade profesional ou empresarial, a proposta deberá ir acompañada, ademais, dun plan de viabilidade no que se especifiquen os recursos necesarios, os medios e condicións da súa obtención e, se é o caso, os compromisos da súa prestación por terceiros.

Os créditos que se concedan ó concursado para financiarlo plan de viabilidade satisfaranse nos termos fixados no convenio.

**Artigo 101. Propostas condicionadas.**

1. A proposta que someta a eficacia do convenio a calquera clase de condición terase por non presentada.

2. Por excepción ó disposto no punto anterior, en caso de concursos que se declarasen conxuntamente ou a tramitación dos cales se acumulase, a proposta que presente un dos concursados poderá condicionarse á aprobación xudicial do convenio doutro ou doutros.

**Artigo 102. Propostas con contidos alternativos.**

1. Se a proposta de convenio ofrecese a tódolos acredores ou ós dalgunha clase a facultade de elixir entre diversas alternativas, deberá determina-la aplicable en caso de falta de exercicio da facultade de elección.

2. A facultade de elección será exercida por cada acredor na propia xunta de acredores que acepte o convenio ou no prazo que este sinale, que non poderá exceder de dez días contados desde a firmeza da resolución xudicial que o aprobe.

**Artigo 103. Adhesións á proposta de convenio.**

1. Os acredores poderanse adherir a calquera proposta de convenio nos prazos e cos efectos establecidos nesta lei.

2. A adhesión será pura e simple, sen introducir ningunha modificación nin condicionamento. Noutro caso, terase o acredor por non adherido.

3. A adhesión expresará a contía do crédito ou dos créditos de que for titular o acredor, así como a súa clase, e terá que se efectuar mediante comparecencia ante o secretario do xulgado no que se tramite o concurso, ou mediante instrumento público.

4. A adhesión a estes convenios por parte das administracións e organismos públicos farase respectando as normas legais e regulamentarias especiais que as regulan.

**SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DA PROPOSTA ANTICIPADA DE CONVENIO****Artigo 104. Prazo de presentación.**

1. Desde a solicitude de concurso voluntario ou desde a declaración de concurso necesario e, en ámbolos dous casos, ata a expiración do prazo de comunicación de créditos, o debedor que non pedise a liquidación e non se encontrase afectado por algunha das prohibicións establecidas no artigo seguinte poderá presentar perante o xuíz proposta anticipada de convenio.

2. En caso de presentación de proposta anticipada de convenio, cando se dea o suposto previsto no número 5 do artigo 100, sempre que o plan de viabilidade recolla expresamente unha quitación ou unha espera superior ós límites previstos no punto 1 do dito artigo, o xuíz poderá, por solicitude do debedor, autorizar motivadamente a superación dos límites que para o convenio se establecen nesta lei.

**Artigo 105. Prohibicións.**

1. Non poderá presentar proposta anticipada de convenio o concursado que se encuentre nalgún dos seguintes casos:

1.º Ter sido condenado en sentenza firme por delicto contra o patrimonio, contra a orde socioeconómica, de falsidade documental, contra a Facenda Pública, a Seguridade Social ou contra os dereitos dos traballadores. En caso de debedor persoa xurídica, darase esta causa de prohibición se fose condenado por calquera destes delitos algún dos seus administradores ou liquidadores, ou dos que o fosen nos tres anos anteriores á presentación da proposta de convenio.

2.º Ter incumprido nalgún dos tres últimos exercicios a obriga do depósito das contas anuais.

3.º Non figurar inscrito no rexistro mercantil, cando se trate de persoa ou entidade de inscrición obrigatoria.

4.º Ter estado sometido a outro concurso de acredores sen que na data da solicitude do que se encontra en tramitación transcorresen tres anos desde a conclusión daquel.

5.º Ter realizado dentro dos tres anos anteriores á data de solicitude do concurso algún dos seguintes actos:

a) Disposición de bens ou dereitos a título gratuito que exceda das liberalidades ó uso.

b) Disposición de bens ou dereitos a título oneroso a favor dun terceiro ou dalgunha das persoas especialmente relacionadas co concursado a que se refire o artigo 93, realizada en condicións que, no momento da súa celebración, non fosen as normais de mercado.

c) Pagamento de obrigas non vencidas.

d) Constitución ou ampliación de garantías reais para o aseguramento de obrigas preexistentes.

e) Outros actos que fosen declarados en fraude de acredores por sentenza, aínda que non alcanzase firmeza.

6.º Ter incumprido o deber de solicita-la declaración de concurso ou ter infrinxido durante a tramitación do concurso algún dos deberes ou obrigas que impón esta lei.

2. Se admitida a trámite a proposta anticipada de convenio, o concursado incorrese en causa de prohibición ou se comprobase que con anterioridade incorrera nalgunha delas, o xuíz de oficio, por instancia da administración concursal ou de parte interesada e, en todo caso, oído o debedor, declarará sen efecto a proposta e porá fin á súa tramitación.

**Artigo 106. Admisión a trámite.**

1. Para a súa admisión a trámite, a proposta deberá ir acompañada de adhesións de acredores ordinarios ou privilexiados, prestadas na forma establecida nesta lei e os créditos dos cales superen a quinta parte do pasivo presentado polo debedor.

2. Cando a proposta anticipada de convenio se presentase coa solicitude de concurso voluntario ou antes da declaración xudicial deste, o xuíz resolverá sobre a súa admisión no mesmo auto de declaración de concurso.

Nos demais casos, o xuíz, dentro dos tres días seguintes ó da presentación da proposta anticipada de convenio, resolverá mediante auto motivado sobre a súa admisión a trámite.

No mesmo prazo, de apreciar algún defecto, o xuíz notificarallo ó concursado para que nos tres días seguintes ó da notificación poida emendalo.

3. O xuíz rexeitará a admisión a trámite cando as adhesións presentadas na forma establecida nesta lei non alcancen a proporción do pasivo esixida, cando aprecie infracción legal no contido da proposta de convenio ou cando o debedor estiver incurso nalgunha prohibición.

4. Contra o pronunciamento xudicial que resolverse sobre a admisión a trámite non se dará ningún recurso.

**Artigo 107. Informe da administración concursal.**

1. Admitida a trámite a proposta anticipada de convenio, o xuíz daralle traslado dela á administración concursal para que nun prazo non superior a dez días proceda á súa avaliación.

2. A administración concursal avaliará o contido da proposta de convenio en atención ó plan de pagamentos e, se é o caso, ó plan de viabilidade que a acompañen. Se a avaliación for favorable, unirse ó informe da administración concursal. Se for desfavorable ou contiver reservas, presentarase no máis breve prazo ó xuíz, quen poderá deixar sen efecto a admisión da proposta anticipada ou a continuación da súa tramitación con unión do escrito de avaliación ó referido informe. Contra o auto que resolva sobre estes extremos non se dará ningún recurso.

**Artigo 108. Adhesións de acredores.**

1. Desde a admisión a trámite da proposta anticipada de convenio e ata a expiración do prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores, calquera acredor poderá manifesta-la súa adhesión á proposta cos requisitos e na forma establecidos nesta lei.

2. Cando a clase ou a contía do crédito expresadas na adhesión resultasen modificadas na redacción definitiva da lista de acredores, poderá o acredor revoga-la súa adhesión dentro dos cinco días seguintes á posta de manifesto da dita lista na secretaría do xulgado. Noutro caso, será tido por adherido nos termos que resulten da redacción definitiva da lista.



**Artigo 109. Aprobación xudicial do convenio.**

1. Dentro dos cinco días seguintes a aquel en que finalizase o prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores se non se presentasen impugnacións ou, de se ter presentado, dentro dos cinco días seguintes a aquel en que finalizase o prazo para a revogación das adhesións, o xuíz verificará se as adhesións presentadas alcanzan a maioría legalmente esixida. O xuíz, mediante providencia, proclamará o resultado. Noutro caso, dictará auto abrindo a fase de convenio ou liquidación, segundo corresponda.

2. Se a maioría resultase obtida, o xuíz, nos cinco días seguintes ó vencemento do prazo de oposición á aprobación xudicial do convenio previsto no punto 1 do artigo 128 dictará sentenza aprobatoria, salvo que se formulase oposición ó convenio ou este sexa rexeitado de oficio polo xuíz, segundo o disposto nos artigos 128 a 131. A sentenza porá fin á fase común do concurso e, sen apertura da fase de convenio, declarará aprobado este cos efectos establecidos nos artigos 133 a 136.

A sentenza notificaráselles ó concursado, á administración concursal e a tódalas partes comparecidas no procedemento, e publicaráse conforme o previsto nos artigos 23 e 24 desta lei.

**Artigo 110. Mantemento de propostas non aprobadas.**

1. Se non procedese a aprobación do convenio, o xuíz requirirá de inmediato o debedor para que, no prazo de tres días, manifeste se mantén a proposta anticipada de convenio para o seu sometemento á xunta de acredores ou desexa solicitá-la liquidación.

2. Os acredores adheridos á proposta anticipada teranse por presentes na xunta para efectos de quórum e as súas adhesións contaránse como votos a favor para o cómputo do resultado da votación, a non ser que asistan á xunta de acredores ou que, con anterioridade á súa celebración, conste en autos a revogación da súa adhesión.

SECCIÓN 4.<sup>a</sup> DA APERTURA DA FASE DE CONVENIO  
E APERTURA DA SECCIÓN QUINTA

**Artigo 111. Auto de apertura e convocatoria da xunta de acredores.**

1. Cando o concursado non solicitase a liquidación e non fose aprobada nin mantida unha proposta anticipada de convenio conforme o establecido na sección precedente, o xuíz, dentro dos quince días seguintes á expiración do prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores se non se presentasen impugnacións ou, de se ter presentado, na data en que se poñan de manifesto na secretaría do xulgado os textos definitivos daqueles documentos, dictará auto pondo fin á fase común do concurso, abrindo a fase de convenio e ordenando a formación da sección quinta.

2. O auto ordenará convocar xunta de acredores de acordo co establecido no artigo 23, e fixará o lugar, o día e a hora da reunión. Na notificación da convocatoria expresárase ós acredores que se poderán adherir á proposta de convenio nos termos do artigo 115.3.

Cando se trate do suposto previsto no artigo precedente e no punto 1 do artigo 113, a xunta deberá ser convocada para a súa celebración dentro do segundo mes contado desde a data do auto. Nos demais casos, deberá selo para a súa celebración dentro do terceiro mes contado desde a mesma data.

Cando o debedor mantivese a proposta de convenio anticipado, o xuíz, sen necesidade de nova resolución sobre esta proposta nin informe da administración concursal, dictará auto convocando a xunta de acredores.

3. O auto notificaráselle ó concursado, á administración concursal e a tódalas partes comparecidas no procedemento, e contra el non caberá ningún recurso, sen prexuízo de que se poidan invocar os motivos de impugnación en recurso de apelación contra a sentenza que resolva sobre a aprobación do convenio.

**Artigo 112. Efectos do auto de apertura.**

Declarada a apertura da fase de convenio e durante a súa tramitación seguirán sendo aplicables as normas establecidas para a fase común do concurso no título III desta lei.

**Artigo 113. Presentación da proposta de convenio.**

1. Transcorrido o prazo de comunicación de créditos e ata a finalización do prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores se non se presentasen impugnacións ou, de se ter presentado, ata a data na que se poñan de manifesto na secretaría do xulgado os textos definitivos daqueles documentos, poderá presentar ante o xulgado que tramite o concurso proposta de convenio o concursado que non presentase proposta anticipada nin tiver solicitada a liquidación. Tamén o poderán face-los acredores os créditos dos cales consten no concurso e superen, conxunta ou individualmente, unha quinta parte do total pasivo resultante da lista definitiva de acredores, salvo que o concursado tiver solicitada a liquidación.

2. Cando non fose presentada ningunha proposta de convenio conforme o previsto no punto anterior nin solicitase a liquidación o concursado, este e os acredores os créditos dos cales superen, conxunta ou individualmente, unha quinta parte do total pasivo resultante da lista definitiva poderán presentar propostas de convenio desde a convocatoria da xunta ata corenta días antes da data sinalada para a súa celebración.

**Artigo 114. Admisión a trámite da proposta.**

1. Dentro dos cinco días seguintes á súa presentación, o xuíz admitirá a trámite as propostas de convenio se cumpren as condicións de tempo, forma e contido establecidas nesta lei. De apreciar algún defecto, dentro do mesmo prazo notificarallo ó concursado ou, se é o caso, ós acredores para que, nos tres días seguintes ó da notificación, o poidan emendar. Se estivese solicitada a liquidación polo concursado, o xuíz rexeitará a admisión a trámite de calquera proposta.

2. Unha vez admitidas a trámite, non se poderán revogar nin modifica-las propostas de convenio.

3. Non se tendo presentado dentro do prazo legal que fixa o artigo anterior ningunha proposta de convenio, ou non se tendo admitido ningunha das propostas, o xuíz, de oficio, acordará a apertura da fase de liquidación, nos termos previstos no artigo 143.

**Artigo 115. Tramitación da proposta.**

1. Na mesma providencia de admisión a trámite acordárase dar traslado da proposta de convenio á administración concursal para que, no prazo improrrogable de dez días, emita escrito de avaliación sobre o seu contido, en relación co plan de pagamentos e, se é o caso, co plan de viabilidade que a acompañe.

2. Os escritos de avaliación emitidos antes da presentación do informe da administración concursal uniránse a este, conforme o punto 2 do artigo 75, e os emitidos con posterioridade poránsese de manifesto na secretaría do xulgado desde o día da súa presentación ó xuíz.

3. Desde que, conforme o establecido no punto anterior, quede de manifesto na secretaría do xulgado o correspondente escrito de avaliación e ata o momento do cerramento da lista de asistentes á xunta, admitiranse adhesións de acredores á proposta de convenio cos requisitos e na forma establecidos nesta lei. Salvo no caso previsto no punto 2 do artigo 110, as adhesións serán irrevogables, pero non vincularán o sentido do voto dos que as formulasen e asistan á xunta.

#### SECCIÓN 5.<sup>a</sup> DA XUNTA DE ACREDORES

##### Artigo 116. *Constitución da xunta.*

1. A xunta reunirse no lugar, día e hora fixados na convocatoria.

O presidente poderá acorda-la prórroga das sesións durante un ou máis días hábiles consecutivos.

2. A xunta será presidida polo xuíz ou, excepcionalmente, polo membro da administración concursal que el designe.

3. Actuará como secretario o que o sexa do xulgado.

4. A xunta entenderase constituída coa concurrencia de acredores que titulen créditos por importe, polo menos, da metade do pasivo ordinario do concurso.

##### Artigo 117. *Deber de asistencia.*

1. Os membros da administración concursal terán o deber de asistir á xunta. O seu incumprimento dará lugar á perda do dereito á remuneración fixada, coa devolución á masa das cantidades percibidas. Contra a resolución xudicial que acorde impoñer esta sanción caberá recurso de apelación.

2. O concursado deberá asistir á xunta de acredores persoalmente ou facerse representar por apoderado con facultades para negociar e aceptar convenios. O concursado ou o seu representante poderán asistir acompañados de letrado que interveña no seu nome durante as deliberacións.

3. En calquera caso, a non comparecencia dos membros da administración concursal non determinará a suspensión da xunta, salvo que o xuíz así o acordase, debendo sinalar, nese caso, a data do seu recomezo.

##### Artigo 118. *Dereito de asistencia.*

1. Os acredores que figuren na relación de incluídos do texto definitivo da lista terán dereito de asistencia á xunta.

2. Os acredores con dereito de asistencia poderanse facer representar na xunta por medio de apoderado, sexa ou non acredor. Admitirase a representación de varios acredores por unha mesma persoa. Non poderán ser apoderados o concursado nin as persoas especialmente relacionadas con este, aínda que sexan acredores.

O procurador que comparecese no concurso por un acredor só o poderá representar se estivese expresamente facultado para asistir a xuntas de acredores en procedementos concursais.

O apoderamento deberase conferir por comparecencia ante o secretario do xulgado ou mediante escritura pública e entenderase que as facultades representativas para asistir á xunta comprenden as de intervir nela e votar calquera clase de convenio.

3. Os acredores asinantes dalgunhas das propostas e os adheridos en tempo e forma a calquera delas que non asistan á xunta teranse por presentes para efectos do quórum de constitución.

4. As administracións públicas, os seus organismos públicos, os órganos constitucionais e, se é o caso, as empresas públicas que sexan acredores consideraranse representadas polos que, conforme a lexislación que lles sexa aplicable, os poidan representar e defender en procedementos xudiciais.

##### Artigo 119. *Lista de asistentes.*

1. A lista de asistentes á xunta formarase sobre a base do texto definitivo da lista de acredores, especificando en cada caso os que asistan persoalmente, os que o fagan por representante, con identificación do acto polo que se conferiu a representación, e os que se teñan por presentes conforme o punto 3 do artigo 118.

2. A lista de asistentes inserirase como anexo á acta ben en soporte físico ou informático, dilixenciado, en todo caso, polo secretario.

##### Artigo 120. *Dereito de información.*

Os acredores asistentes á xunta ou os seus representantes poderán solicitar aclaracións sobre o informe da administración concursal e sobre a actuación desta, así como sobre as propostas de convenio e os escritos de avaliación emitidos.

##### Artigo 121. *Deliberación e votación.*

1. O presidente abrirá a sesión, dirixirá as deliberacións e decidirá sobre a validez dos apoderamentos, acreditación dos comparecentes e demais extremos que poidan resultar controvertidos. A sesión comezará coa exposición polo secretario da proposta ou propostas admitidas a trámite que se someten a deliberación, indicando a súa procedencia e, se é o caso, a contía e a clasificación dos créditos titulados polos que as presentasen.

2. Deliberarase e votarase en primeiro lugar sobre a proposta presentada polo concursado; se non fose aceptada, procederase do mesmo modo coas presentadas polos acredores, sucesivamente e pola orde que resulte da contía maior a menor do total dos créditos titulados polos seus asinantes.

3. Tomada razón das solicitudes de voz para intervencións a favor e en contra da proposta sometida a debate, o presidente concederálle-la palabra ós solicitantes e poderá considerar suficientemente debatida a proposta unha vez que se producisen alternativamente tres intervencións en cada sentido.

4. Concluído o debate, o presidente someterá a proposta a votación nominal e por chamamento dos acredores asistentes con dereito a voto. Os acredores asistentes poderán emiti-lo voto no sentido que estimen conveniente, aínda que asinasen a proposta ou se adherisen a ela.

Computaranse como votos favorables á correspondente proposta de convenio os dos acredores asinantes e os dos adheridos que non asistindo á xunta fosen tidos por presentes.

5. Aceptada unha proposta, non procederá deliberar sobre as restantes.

##### Artigo 122. *Acredores sen dereito a voto.*

1. Non terán dereito de voto na xunta:

1.<sup>o</sup> Os titulares de créditos subordinados.

2.<sup>o</sup> Os que adquirisen o seu crédito por actos entre vivos despois da declaración do concurso, salvo que a adquisición tiver lugar por un título universal ou como consecuencia dunha realización forzosa.

2. Os acredores comprendidos no punto anterior poderán exercer-lo dereito de voto que lles corresponda por outros créditos de que sexan titulares.

**Artigo 123. Acredores privilexiados.**

1. A asistencia á xunta dos acredores privilexiados e a súa intervención nas deliberacións non afectarán o cómputo do quórum de constitución, nin os someterán ós efectos do convenio que resulte aprobado.

2. O voto dun acredor privilexiado a favor dunha proposta producirá, no caso de que sexa aceptada pola xunta e de que o xuíz aprobe o correspondente convenio, os efectos que resulten do contido deste respecto do seu crédito e privilexio.

3. O voto dun acredor que, simultaneamente, sexa titular de créditos privilexiados e ordinarios presumirase emitido en relación a estes últimos e só afectará os privilexiados se así se manifestase expresamente no acto de votación.

**Artigo 124. Maiorías necesarias para a aceptación de propostas de convenio.**

Para que se considere aceptada pola xunta unha proposta de convenio será necesario o voto favorable de, polo menos, a metade do pasivo ordinario do concurso.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando a proposta consista no pagamento íntegro dos créditos ordinarios en prazo non superior a tres anos ou no pagamento inmediato dos créditos ordinarios vencidos con quitación inferior ó vinte por cento, será suficiente que vote ó seu favor unha porción do pasivo ordinario superior á que vote en contra.

Para que se considere aceptada unha proposta anticipada de convenio será necesaria, en todo caso, a adhesión de acredores que titulen créditos por importe, polo menos, da metade do pasivo ordinario do concurso.

Para efectos do cómputo das maiorías en cada votación, considéranse incluídos no pasivo ordinario do concurso os acredores privilexiados que voten a favor da proposta.

**Artigo 125. Regras especiais.**

1. Para que se considere aceptada unha proposta de convenio que atribúa un trato singular a certos acredores ou a grupos de acredores determinados polas súas características será preciso, ademais da obtención da maioría que corresponda conforme o artigo anterior, o voto favorable, na mesma proporción, do pasivo non afectado polo trato singular. Para estes efectos, non se considerará que existe un trato singular cando a proposta de convenio manteña a favor dos acredores privilexiados que voten ó seu favor vantaxes propias do seu privilexio, sempre que eses acredores queden suxeitos a quitación, a espera ou a ámbalas dúas, na mesma medida que os ordinarios.

2. Non se poderá someter á deliberación a proposta de convenio que implique novas obrigas a cargo dun ou varios acredores sen a previa conformidade destes, mesmo no caso de que a proposta teña contidos alternativos ou atribúa trato singular ós que acepten as novas obrigas.

**Artigo 126. Acta da xunta.**

1. O secretario redactará acta da xunta, na que relatará de maneira breve o acaecido na deliberación de cada proposta e expresará o resultado das votacións con indicación do sentido do voto dos acredores que así o solicitaren. Os acredores poderán solicitar tamén que se una á acta texto escrito das súas intervencións cando non figurasen xa en autos.

Calquera que fose o número de sesións, redactarase unha soa acta da xunta.

2. Lida e asinada a acta polo secretario, o presidente levantará a sesión.

3. O acto será gravado en soporte audiovisual, conforme o previsto para a gravación de vistas na Lei de axuízamento civil.

4. O concursado, a administración concursal e calquera acredor terán dereito a obter, pola súa conta, testemuño da acta, literal ou en relación, total ou parcial, que será expedida polo secretario do xulgado dentro dos tres días seguintes ó de presentación da solicitude. Así mesmo, poderán obter unha copia da gravación realizada.

5. O secretario do xulgado dará fe da documentación destas actuacións conforme o disposto nos artigos 146 e 147 da Lei de axuízamento civil.

**SECCIÓN 6.<sup>a</sup> DA APROBACIÓN XUDICIAL DO CONVENIO****Artigo 127. Sometemento á aprobación xudicial.**

No mesmo día de conclusión da xunta ou no seguinte hábil, o secretario elevará ó xuíz a acta e, se é o caso, someterá á aprobación deste o convenio aceptado.

**Artigo 128. Oposición á aprobación do convenio.**

1. Poderase formular oposición á aprobación xudicial do convenio no prazo de dez días, contado desde o seguinte á data en que o xuíz verificase que as adhesións presentadas alcanzan a maioría legal para a aceptación do convenio, no caso de proposta anticipada, ou desde a data de conclusión da xunta, no caso de que nela se acepte unha proposta de convenio.

Estarán activamente lexitimados para formular esta oposición a administración concursal, os acredores non asistentes á xunta, os que nela fosen ilexitimamente privados do voto e os que votasen en contra da proposta de convenio aceptada por maioría, así como, en caso de proposta anticipada de convenio, os que non se adherisen a ela.

A oposición só se poderá fundar na infracción das normas que esta lei establece sobre o contido do convenio, a forma e o contido das adhesións, a constitución da xunta ou a súa celebración.

Considéranse incluídos entre os motivos de infracción legal a que se refire o parágrafo anterior aqueles supostos nos que a adhesión ou adhesións decisivas para a aprobación dunha proposta anticipada de convenio ou, se é o caso, o voto ou votos decisivos para a aceptación do convenio pola xunta, fosen emitidos por quen non for titular lexitimo do crédito ou obtidos mediante manobras que afecten a paridade de trato entre os acredores ordinarios.

2. A administración concursal e os acredores mencionados no punto anterior que, individualmente ou agrupados, sexan titulares, polo menos, do cinco por cento dos créditos ordinarios poderán ademais opoñerse á aprobación xudicial do convenio cando o cumprimento deste sexa obxectivamente inviable.

3. Dentro do mesmo prazo, o concursado que non formulase a proposta de convenio aceptada pola xunta nin lle prestase conformidade poderase opoñer á aprobación do convenio por calquera das causas previstas no punto 1 ou solicita-la apertura da fase de liquidación. Noutro caso quedará suxeito ó convenio que resulte aprobado.

4. Salvo no suposto previsto no último parágrafo do punto 1, non poderá formular oposición fundada en infracción legal na constitución ou na celebración da xunta quen, tendo asistido a esta, non a denunciase no momento da súa comisión, ou, de ser anterior á constitución da xunta, no de declararse constituída.



**Artigo 129. Tramitación da oposición.**

1. A oposición ventilarase polas canles do incidente concursal e resolverase mediante sentenza que aprobará ou rexeitará o convenio aceptado, sen que en ningún caso poida modificalo, aínda que si fixa-la súa correcta interpretación cando sexa necesario para resolver sobre a oposición formulada. En todo caso, o xuíz poderá emendar erros materiais ou de cálculo.

2. Se a sentenza estimase a oposición por infracción legal na constitución ou na celebración da xunta, o xuíz convocará nova xunta cos mesmos requisitos de publicidade e antelación establecidos no punto 2 do artigo 111, que se terá que celebrar dentro do mes seguinte á data da sentenza.

Nesta xunta someterase a deliberación e voto a proposta de convenio que obtivese maioría na anterior e, de resultar rexeitada, someteranse, pola orde establecida no punto 2 do artigo 121, tódalas demais propostas admitidas a trámite.

3. A sentenza que estime a oposición por infracción legal no contido do convenio ou inviabilidade obxectiva do seu cumprimento declarará rexeitado o convenio. Contra ela poderá presentarse recurso de apelación.

4. O xuíz, ó admitir a trámite a oposición e empra-las demais partes para que contesten, poderá tomar cantas medidas cautelares procedan para evitar que a demora derivada da tramitación da oposición impida, por si soa, o cumprimento futuro do convenio aceptado, en caso de desestimarse a oposición. Entre tales medidas cautelares poderá acordar que se inicie o cumprimento do convenio aceptado, baixo as condicións provisionais que determine.

**Artigo 130. Resolución xudicial en defecto de oposición.**

Transcorrido o prazo de oposición sen que se formulase ningunha, o xuíz dictará sentenza mediante a que se aprobe o convenio aceptado pola xunta, salvo o establecido no artigo seguinte.

**Artigo 131. Rexeitamento de oficio do convenio aceptado.**

1. O xuíz, fose ou non formulada oposición, rexeitará de oficio o convenio que obtivese adhesións suficientes de acredores ou que fose aceptado pola xunta, se apreciase que se infrinxiu algunha das normas que esta lei establece sobre o contido do convenio, sobre a forma e o contido das adhesións e sobre a constitución da xunta ou a súa celebración.

2. Se a infracción apreciada afectase a forma e o contido dalgunhas das adhesións, o xuíz, mediante auto, concederá o prazo dun mes para que aquelas se formulen cos requisitos e na forma establecidos na lei, transcorrido o cal dictará a oportuna resolución.

3. Se a infracción apreciada afectase a constitución ou a celebración da xunta, o xuíz dictará auto acordando a convocatoria de nova xunta para a súa celebración conforme o establecido no punto 2 do artigo 129.

**Artigo 132. Publicidade da sentenza aprobatoria.**

Daráselle á sentenza pola que se aprobe o convenio a publicidade prevista nos artigos 23 e 24 desta lei.

**SECCIÓN 7.<sup>a</sup> DA EFICACIA DO CONVENIO****Artigo 133. Comezo e alcance da eficacia do convenio.**

1. O convenio adquirirá plena eficacia desde a data da sentenza da súa aprobación, salvo que, recorrida

esta, quede afectado polas consecuencias do acordo de suspensión que, se é o caso, adopte o xuíz conforme o disposto no punto 5 do artigo 197.

2. Desde a eficacia do convenio cesarán tódolos efectos da declaración de concurso, quedando substituídos polos que, se é o caso, se establezan no propio convenio e sen prexuízo dos deberes xerais que para o debedor establece o artigo 42.

Así mesmo, cesarán no seu cargo os administradores concursais, sen prexuízo das funcións que o convenio puidese encomendar a todos ou algún deles ata o seu íntegro cumprimento e do previsto no capítulo II do título VI. Producido o cesamento, os administradores concursais renderán contas da súa actuación perante o xuíz do concurso, dentro do prazo que este sinale.

3. A eficacia parcial do convenio poderá ser acordada provisionalmente polo xuíz conforme o previsto no artigo 129.4, pero en tal caso non será de aplicación o punto anterior.

**Artigo 134. Extensión subxectiva.**

1. O contido do convenio vinculará o debedor e os acredores ordinarios e subordinados, respecto dos créditos que fosen anteriores á declaración de concurso, aínda que, por calquera causa, non fosen recoñecidos.

Os acredores subordinados quedarán afectados polas mesmas quitacións e esperas establecidas no convenio para os ordinarios, pero os prazos de espera computaranse a partir do íntegro cumprimento do convenio respecto destes últimos. Queda a salvo a súa facultade de aceptar, conforme o previsto no artigo 102, propostas alternativas de conversión dos seus créditos en accións, participacións ou cotas sociais, ou en créditos participativos.

2. Os acredores privilexiados só quedarán vinculados ó contido do convenio se votasen a favor da proposta ou se a súa sinatura ou adhesión a aquela se computase como voto favorable. Ademais, poderanse vincular ó convenio xa aceptado polos acredores ou aprobado polo xuíz, mediante adhesión prestada en forma antes da declaración xudicial do seu cumprimento, neste caso quedarán afectados polo convenio.

**Artigo 135. Límites subxectivos.**

1. Os acredores que non votasen a favor do convenio non quedarán vinculados por este en canto á subsistencia plena dos seus dereitos fronte ós obrigados solidariamente co concursado e fronte ós seus fiadores ou avalistas, os que non poderán invocar nin a aprobación nin os efectos do convenio en prexuízo daqueles.

2. A responsabilidade dos obrigados solidarios, fiadores ou avalistas do concursado fronte ós acredores que votasen a favor do convenio rexerese polas normas aplicables á obriga que contraesen ou polos convenios, que sobre o particular establecesen.

**Artigo 136. Eficacia novatoria.**

Os créditos dos acredores privilexiados que votasen a favor do convenio, os dos acredores ordinarios e os dos subordinados quedarán extinguidos na parte a que alcance a quitación, adiados na súa esixibilidade polo tempo de espera e, en xeral, afectados polo contido do convenio.

**SECCIÓN 8.<sup>a</sup> DO CUMPRIMENTO DO CONVENIO****Artigo 137. Facultades patrimoniais do concursado convindo.**

1. O convenio poderá establecer medidas prohibitivas ou limitativas do exercicio das facultades de admi-

nistración e disposición do debedor. A súa infracción constituirá incumprimento do convenio, a súa declaración poderá ser solicitada do xuíz por calquera acredor.

2. As medidas prohibitivas ou limitativas serán inscribibles nos rexistros públicos correspondentes e, en particular, nos que figuren inscritos os bens ou dereitos afectados por elas. A inscrición non impedirá o acceso ós rexistros públicos dos actos contrarios, pero prexudicará a calquera titular rexistral a acción de reintegración da masa que, se é o caso, se exerza.

#### Artigo 138. *Información.*

Con periodicidade semestral, contada desde a data da sentenza aprobatoria do convenio, o debedor informará o xuíz do concurso acerca do seu cumprimento.

#### Artigo 139. *Cumprimento.*

1. O debedor, unha vez que estime integramente cumprido o convenio, presentaralle ó xuíz do concurso o informe correspondente coa xustificación adecuada e solicitará a declaración xudicial de cumprimento. O xuíz acordará pór de manifesto na secretaría do xulgado o informe e a solicitude.

2. Transcorridos quince días desde a posta de manifesto, o xuíz, se estimase cumprido o convenio, declararáo mediante auto, ó que dará a mesma publicidade que á súa aprobación.

#### Artigo 140. *Incumprimento.*

1. Calquera acredor que estime incumplido o convenio no que o afecte poderá solicitar do xuíz a declaración de incumprimento. A acción poderase exercer desde que se produza o incumprimento e caducará ós dous meses contados desde a última das publicacións do auto de cumprimento ó que se refire o artigo anterior.

2. O xuíz tramitará a solicitude pola canle do incidente concursal.

3. Contra a sentenza que resolva o incidente caberá recurso de apelación.

4. A declaración de incumprimento do convenio suporá a rescisión deste e a desaparición dos efectos sobre os créditos a que se refire o artigo 136.

#### Artigo 141. *Conclusión do concurso por cumprimento do convenio.*

Firme o auto de declaración de cumprimento e transcorrido o prazo de caducidade das accións de declaración de incumprimento ou, se é o caso, rexeitadas por resolución xudicial firme as que se exercesen, o xuíz dictará auto de conclusión do concurso ó que se lle dará a publicidade prevista nos artigos 23 e 24 desta lei.

## CAPÍTULO II

### Da fase de liquidación

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DA APERTURA DA FASE DE LIQUIDACIÓN

#### Artigo 142. *Apertura da liquidación por solicitude do debedor ou do acredor.*

1. O debedor poderá pedi-la liquidación:

1.<sup>o</sup> Coa solicitude de concurso voluntario.

2.<sup>o</sup> Desde que se dicte o auto de declaración de concurso e ata a expiración do prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores se non se presentasen impugnacións ou, de se ter presentado, ata

a data en que se poñan de manifesto na secretaría do xulgado os textos definitivos daqueles documentos, sempre que no momento da solicitude non presentase proposta de convenio ou, de ter presentado unha anticipada, se denegase a súa admisión a trámite.

3.<sup>o</sup> Se non mantivese a proposta anticipada de convenio, de conformidade co previsto no punto 1 do artigo 110.

4.<sup>o</sup> Dentro dos cinco días seguintes a aquel en que os acredores presentasen proposta de convenio conforme o punto 1 do artigo 113, salvo que o propio debedor presentase unha súa.

2. Dentro dos quince días seguintes á expiración do prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores se non se presentasen impugnacións ou, de se ter presentado, na data en que se poñan de manifesto na secretaría do xulgado os textos definitivos daqueles documentos, se o debedor así o pedise conforme o punto anterior, o xuíz dictará auto pondo fin á fase común do concurso, abrindo a fase de liquidación.

3. O debedor deberá pedi-la liquidación cando, durante a vixencia do convenio, coñeza a imposibilidade de cumprirlos pagamentos comprometidos e as obrigas contraídas con posterioridade á aprobación daquel. Presentada a solicitude, o xuíz dictará auto abrindo a fase de liquidación.

4. Se o debedor non solicitase a liquidación durante a vixencia do convenio, poderao facer calquera acredor que acredite a existencia dalgún dos feitos que poden fundamentar unha declaración de concurso segundo o disposto no punto 4 do artigo 2 desta lei. O xuíz daralle á solicitude o trámite previsto nos artigos 15 e 19 desta lei e resolverá mediante auto se procede ou non abri-la liquidación.

#### Artigo 143. *Apertura de oficio da liquidación.*

1. Procederá de oficio a apertura da fase de liquidación nos seguintes casos:

1.<sup>o</sup> Non se ter presentado dentro de prazo legal ningunha das propostas de convenio a que se refire o artigo 113 ou non ter sido admitidas a trámite as que fosen presentadas.

2.<sup>o</sup> Non se ter aceptado en xunta de acredores ningunha proposta de convenio.

3.<sup>o</sup> Terse rexeitado por resolución xudicial firme o convenio aceptado en xunta de acredores sen que proceda acordar nova convocatoria.

4.<sup>o</sup> Terse declarado por resolución xudicial firme a nulidade do convenio aprobado polo xuíz.

5.<sup>o</sup> Terse declarado por resolución xudicial firme o incumprimento do convenio.

2. Nos casos 1.<sup>o</sup> e 2.<sup>o</sup> do punto anterior, a apertura da fase de liquidación será acordada polo xuíz sen máis trámites, no momento en que proceda, mediante auto que se lles notificará ó concursado, á administración concursal e a tódalas partes comparecidas no procedemento.

En calquera dos demais casos, a apertura da fase de liquidación será acordada na propia resolución xudicial que a motive.

#### Artigo 144. *Publicidade da apertura da liquidación.*

Á resolución xudicial que declare a apertura da fase de liquidación, sexa por solicitude do debedor, de acredor ou de oficio, daráselle a publicidade prevista nos artigos 23 e 24 desta lei.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DOS EFECTOS DA LIQUIDACIÓNArtigo 145. *Efectos sobre o concursado.*

1. A situación do concursado durante a fase de liquidación será a de suspensión do exercicio das facultades de administración e disposición sobre o seu patrimonio, con tódolos efectos establecidos para ela no título III desta lei.

Cando en virtude da eficacia do convenio, e conforme o previsto no punto 2 do artigo 133, os administradores concursais cesasen, o xuíz, unha vez acordada a apertura da liquidación, reporaos no exercicio do seu cargo ou nomeará outros.

2. Se o concursado fose persoa natural, a apertura da liquidación producirá a extinción do dereito a alimentos con cargo á masa activa.

3. Se o concursado fose persoa xurídica, a resolución xudicial que abra a fase de liquidación contera a declaración de disolución se non estivese acordada e, en todo caso, o cesamento dos administradores ou liquidadores, que serán substituídos pola administración concursal para proceder de conformidade co establecido nesta lei.

Artigo 146. *Efectos sobre os créditos concursais.*

Ademais dos efectos establecidos no capítulo II do título III desta lei, a apertura da liquidación producirá o vencemento anticipado dos créditos concursais adiados e a conversión en diñeiro daqueles que consistan noutras presentacións.

Artigo 147. *Efectos xerais. Remisión.*

Durante a fase de liquidación seguirán aplicándose as normas contidas no título III desta lei en canto non se o poñan ás específicas deste capítulo.

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DAS OPERACIÓNS DE LIQUIDACIÓNArtigo 148. *Plan de liquidación.*

1. Dentro dos quince días seguintes ó de notificación da resolución de apertura da fase de liquidación á administración concursal, esta presentaralle ó xuíz un plan para a realización dos bens e dereitos integrados na masa activa do concurso que, sempre que sexa factible, deberá recolle-lo alleamento unitario do conxunto dos establecementos, explotacións e calquera outra unidade productiva de bens e servizos do concursado ou dalgúns deles. Se a complexidade do concurso o xustificara o xuíz, por solicitude da administración concursal, poderá acorda-la prórroga deste prazo por un novo período de igual duración.

O xuíz acordará pór de manifesto o plan na secretaría do xulgado e nos lugares que para este efecto designe e que se anunciarán na forma que estime conveniente.

2. Durante os quince días seguintes á data en que quedase de manifesto na secretaría do xulgado o plan de liquidación, o debedor e os acredores concursais poderán formular observacións ou propostas de modificación. Transcorrido este prazo sen que se formularan, o xuíz, sen máis trámite, dictará auto declarando aprobado o plan e a el terán que aterse as operacións de liquidación da masa activa. Noutro caso, a administración concursal informará, no prazo de dez días, sobre as observacións e propostas formuladas e o xuíz, segundo estime conveniente ós intereses do concurso, resolverá mediante auto aproba-lo plan nos termos en que fose presentado, introducir nel modificacións en función daquelas ou acorda-la liquidación conforme as regras legais suple-

torias. Contra este auto poderá interpoñerse recurso de apelación.

3. Así mesmo, o plan de liquidación someterase a informe dos representantes dos traballadores, para efectos de que poidan formular observacións ou propostas de modificación, aplicándose o disposto no punto anterior, segundo que se formulen ou non estas observacións ou propostas.

4. No caso de que as operacións previstas no plan de liquidación supoñan a extinción ou suspensión de contratos laborais, ou a modificación das condicións de traballo, previamente á aprobación do plan, deberase dar cumprimento ó disposto no artigo 64 desta lei.

Artigo 149. *Regras legais supletorias.*

1. De non se aprobar un plan de liquidación e, se é o caso, no que non previse o aprobado, as operacións de liquidación axustaranse ás seguintes regras:

1.<sup>a</sup> O conxunto dos establecementos, explotacións e calquera outra unidade productiva de bens ou de servizos pertencentes ó debedor allearase como un todo, salvo que, logo de informe da administración concursal, o xuíz estime máis conveniente para os intereses do concurso a súa previa división ou a realización illada de tódolos elementos compoñentes ou só dalgúns deles. O alleamento do conxunto ou, se é o caso, de cada unidade productiva farase mediante poxa e se esta quedase deserta o xuíz poderá acordar que se proceda ó alleamento directo.

As resolucións que o xuíz adopte nestes casos deberán ser dictadas logo de audiencia, por prazo de quince días, dos representantes dos traballadores e cumprindo, se é o caso, o previsto no punto 3 do artigo 148. Estas resolucións revestirán a forma de auto e contra elas non caberá ningún recurso.

2.<sup>a</sup> No caso de que as operacións de liquidación supoñan a extinción ou suspensión de contratos laborais, ou a modificación nas condicións de traballo, aplicarase o disposto no artigo 64 desta lei.

3.<sup>a</sup> Os bens a que se refire a regra 1.<sup>a</sup>, así como os demais bens e dereitos do concursado allearanse, segundo a súa natureza, conforme as disposicións establecidas na Lei de axuizamento civil para o procedemento de constrinximento. Para os bens e dereitos afectos a créditos con privilexio especial aplicarase o disposto no punto 4 do artigo 155.

En caso de alleamento do conxunto da empresa ou de determinadas unidades productivas dela fixarase un prazo para a presentación de ofertas de compra da empresa, sendo consideradas con carácter preferente as que garantan a continuidade da empresa, ou, se é o caso, das unidades productivas, e dos postos de traballo, así como a mellor satisfacción dos créditos dos acredores. En todo caso serán oídos polo xuíz os representantes dos traballadores.

2. Cando, como consecuencia do alleamento a que se refire a regra 1.<sup>a</sup> do punto anterior, unha entidade económica manteña a súa identidade, entendida como un conxunto de medios organizados a fin de levar a cabo unha actividade económica esencial ou accesoria, considerarase, para os efectos laborais, que existe sucesión de empresa. En tal caso, o xuíz poderá acordar que o adquirente non se subrogue na parte da contía dos salarios ou indemnizacións pendentes de pagamento anteriores ó alleamento que sexa asumido polo Fondo de Garantía Salarial de conformidade co artigo 33 do Estatuto dos traballadores. Igualmente, para asegurar-la viabilidade futura da actividade e o mantemento do emprego, o cesionario e os representantes dos traballadores poderán subscribir acordos para a modificación das condicións colectivas de traballo.



**Artigo 150. Bens e dereitos litixiosos.**

Os bens ou dereitos sobre a titularidade ou dispoñibilidade dos cales exista promovida cuestión litixiosa poderanse allear con tal carácter, quedando o adquirente ás resultas do litixio. A administración concursal comunicalle o alleamento ó xulgado ou tribunal que estea coñecendo do litixio. Esta comunicación producirá, de pleno dereito, a sucesión procesual, sen que se poida opoñela contraparte e aínda que o adquirente non compareza.

**Artigo 151. Prohibición de adquirir bens e dereitos da masa activa.**

1. Os administradores concursais non poderán adquirir por si ou por persoa interposta, nin aínda en poxa, os bens e dereitos que integren a masa activa do concurso.

2. Os que infrinxisen a prohibición de adquirir quedarán inhabilitados para o exercicio do seu cargo, reintegrarán á masa, sen ningunha contraprestación, o ben ou dereito que adquirisen e o acredor administrador concursal perderá o crédito de que for titular.

3. Do contido do auto polo que se acorde a inhabilitación a que se refire o punto anterior daráselle coñecemento ó rexistro público previsto no artigo 198.

**Artigo 152. Informes sobre a liquidación.**

Cada tres meses, contados desde a apertura da fase de liquidación, a administración concursal presentaralle ó xuíz do concurso un informe sobre o estado das operacións, que quedará de manifesto na secretaría do xulgado.

O incumprimento desta obriga poderá determina-la aplicación das sancións previstas nos artigos 36 e 37 desta lei.

**Artigo 153. Separación dos administradores concursais por prolongación indebida da liquidación.**

1. Transcorrido un ano desde a apertura da fase de liquidación sen que rematase esta, calquera interesado poderá solicitar ó xuíz do concurso a separación dos administradores concursais e o nomeamento doutros novos.

2. O xuíz, logo de audiencia dos administradores concursais, acordará a separación se non existise causa que xustifique a dilación e procederá ó nomeamento dos que os teñan que substituír.

3. Os administradores concursais separados por prolongación indebida da liquidación perderán o dereito a percibi-las retribucións devengadas, debendo reintegrar á masa activa as cantidades que nese concepto percibisen desde a apertura da fase de liquidación.

4. Do contido do auto polo que se acorde a separación a que se refiren os puntos anteriores, daráselle coñecemento ó rexistro público mencionado no artigo 198.

**SECCIÓN 4.<sup>a</sup> DO PAGAMENTO ÓS ACREDORES****Artigo 154. Pagamento de créditos contra a masa.**

1. Antes de proceder ó pagamento dos créditos concursais, a administración concursal deducirá da masa activa os bens e dereitos necesarios para satisfacerlos créditos contra esta.

2. Os créditos contra a masa, calquera que sexa a súa natureza, terán que satisfacerse ós seus respectivos vencementos, calquera que sexa o estado do concurso.

Os créditos do artigo 84.2.1.º pagaranse de forma inmediata. As accións relativas á cualificación ou ó pagamento destes créditos exerceranse perante o xuíz do concurso polos trámites do incidente concursal, pero non se poderán iniciar execucións para facelos efectivos ata que se aprobe un convenio, se abra a liquidación ou transcorra un ano desde a declaración de concurso sen que se producise ningún destes actos.

3. As deducións para atende-lo pagamento dos créditos contra a masa faranse con cargo ós bens e dereitos non afectos ó pagamento de créditos con privilexio especial. No caso de resultar insuficientes, o obtido distribuirase entre tódolos acredores da masa pola orde dos seus vencementos.

**Artigo 155. Pagamento de créditos con privilexio especial.**

1. O pagamento dos créditos con privilexio especial farase con cargo ós bens e ós dereitos afectos, xa sexan obxecto de execución separada ou colectiva.

2. Malia o disposto no punto anterior, mentres non transcorran os prazos sinalados no punto 1 do artigo 56 ou subsista a suspensión da execución iniciada antes da declaración de concurso, conforme o punto 2 do mesmo artigo, a administración concursal poderalles comunicar ós titulares destes créditos con privilexio especial que opta por atende-lo seu pagamento con cargo á masa e sen realización dos bens e dereitos afectos. Comunicada esta opción, a administración concursal terá que satisfacer de inmediato a totalidade dos prazos de amortización e xuros vencidos e asumirá a obriga de atende-los sucesivos como créditos contra a masa. No caso de incumprimento, realizaranse os bens e dereitos afectos para satisfacerlos créditos con privilexio especial.

3. Cando se teña que proceder dentro do concurso, mesmo antes da fase de liquidación, ó alleamento de bens e dereitos afectos a créditos con privilexio especial, o xuíz, por solicitude da administración concursal e logo de audiencia dos interesados, poderá autorizala con subsistencia do gravame e con subrogación do adquirente na obriga do debedor, que quedará excluída da masa pasiva. De non autorizala nestes termos, o prezo obtido no alleamento destinarase ó pagamento do crédito con privilexio especial e, de quedar remanente, ó pagamento dos demais créditos.

Se un mesmo ben ou dereito se encontrase afecto a máis dun crédito con privilexio especial, os pagamentos realizaranse conforme a prioridade temporal que para cada crédito resulte do cumprimento dos requisitos e formalidades previstos na súa lexislación específica para a súa opoñibilidade a terceiros. A prioridade para o pagamento dos créditos con hipoteca legal tácita será a que resulte da regulación desta.

4. A realización en calquera estado do concurso dos bens e dereitos afectos a créditos con privilexio especial farase en poxa, salvo que, por solicitude da administración concursal, oídos o concursado e o acredor titular do privilexio, o xuíz autorice a venda directa ó oferente dun prezo superior ó mínimo que se pactase e con pagamento ó contado. A autorización xudicial e as súas condicións anunciaranse coa mesma publicidade que corresponda á poxa do ben e dereito afecto e se dentro dos dez días seguintes ó último dos anuncios se presentase mellor licitador, o xuíz abrirá licitación entre tódolos ofertantes e acordará a fianza que teñan que prestar.

**Artigo 156. Pagamento de créditos con privilexio xeral.**

Deducidos da masa activa os bens e dereitos necesarios para satisfacerlos créditos contra a masa e con

cargo ós bens non afectos a privilexio especial ou ó remanente que deles quedase unha vez pagados estes créditos, atenderase ó pagamento daqueles que gozan de privilexio xeral, pola orde establecida no artigo 91 e, se é o caso, a pro rata dentro de cada número.

**Artigo 157. *Pagamento de créditos ordinarios.***

1. O pagamento dos créditos ordinarios efectuarase con cargo ós bens e dereitos da masa activa que queden unha vez satisfeitos os créditos contra a masa e os privilexiados. O xuíz, por solicitude da administración concursal, en casos excepcionais poderá motivadamente autoriza-la realización de pagamentos de créditos ordinarios con antelación cando estime suficientemente cuberto o pagamento dos créditos contra a masa e dos privilexiados.

2. Os créditos ordinarios serán satisfeitos a pro rata, conxuntamente cos créditos con privilexio especial na parte en que estes non fosen satisfeitos con cargo ós bens e dereitos afectos.

3. A administración concursal atenderá ó pagamento destes créditos en función da liquidez da masa activa e poderá dispoñer de entregas de cotas o importe das cales non sexa inferior ó cinco por cento do nominal de cada crédito.

**Artigo 158. *Pagamento de créditos subordinados.***

1. O pagamento dos créditos subordinados non se realizará ata que quedasen integramente satisfeitos os créditos ordinarios.

2. O pagamento destes créditos realizarase pola orde establecida no artigo 92 e, se é o caso, a pro rata dentro de cada número.

**Artigo 159. *Pagamento anticipado.***

Se o pagamento dun crédito se realizase antes do vencemento que tiver na data de apertura da liquidación, fíxase co desconto correspondente, calculado ó tipo de xuro legal.

**Artigo 160. *Dereito do acredor á cota do debedor solidario.***

O acredor que, antes da declaración de concurso, cobrase parte do crédito dun fiador ou avalista ou dun debedor solidario terá dereito a obter no concurso do debedor os pagamentos correspondentes a aqueles ata que, sumados ós que perciba polo seu crédito, cubran, o importe total deste.

**Artigo 161. *Pagamento de crédito recoñecido en dous ou máis concursos de debedores solidarios.***

1. No caso de que o crédito fose recoñecido en dous ou máis concursos de debedores solidarios, a suma do percibido en tódolos concursos non poderá exceder do importe do crédito.

2. A administración concursal poderá rete-lo pagamento ata que o acredor presente certificación acreditativa do percibido nos concursos dos demais debedores solidarios. Unha vez efectuado o pagamento, porao en coñecemento dos administradores dos demais concursos.

3. O debedor solidario concursado que efectuase pagamento parcial ó acredor non poderá obte-lo pagamento nos concursos dos codebedores mentres o acredor non fose integramente satisfeito.

**Artigo 162. *Coordinación con pagamentos anteriores en fase de convenio.***

1. Se no momento da liquidación precedese o cumprimento parcial dun convenio, presumiranse lexítimos os pagamentos realizados nel, agás que se probase a existencia de fraude, contravención ó convenio ou alteración da igualdade de trato ós acredores.

2. Os que recibisen pagamentos parciais dos que a presunción de lexitimidade non resultase desvirtuada por sentenza firme de revogación, reterannos no seu poder, pero non poderán participar nos cobramentos das operacións de liquidación ata que o resto dos acredores da súa mesma clasificación recibise pagamentos nunha porcentaxe equivalente.

## TÍTULO VI

### Da cualificación do concurso

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

**Artigo 163. *Cualificación do concurso e formación da sección sexta.***

1. Procederá a formación da sección de cualificación do concurso:

1.º Cando teña lugar a aprobación xudicial dun convenio no que se estableza, para tódolos acredores ou para os dunha ou varias clases, unha quitación superior a un tercio do importe dos seus créditos ou unha espera superior a tres anos.

2.º En tódolos supostos de apertura da fase de liquidación.

2. O concurso cualificarase como fortuíto ou como culpable. A cualificación non vinculará os xuíces e tribunais da orde xurisdiccional penal que, se é o caso, entendan de actuacións do debedor que puideran ser constitutivas de delicto.

**Artigo 164. *Concurso culpable.***

1. O concurso cualificarase como culpable cando na xeración ou agravación do estado de insolvencia mediase dolo ou culpa grave do debedor ou, se os tiver, dos seus representantes legais e, en caso de persoa xurídica, dos seus administradores ou liquidadores, de dereito ou de feito.

2. En todo caso, o concurso cualificarase como culpable cando concorra calquera dos seguintes supostos:

1.º Cando o debedor legalmente obrigado á levanza de contabilidade incumprise substancialmente esta obriga, levara dobre contabilidade ou cometese irregularidade relevante para a comprensión da súa situación patrimonial ou financeira na que levara.

2.º Cando o debedor cometese inexactitude grave en calquera dos documentos acompañados á solicitude de declaración de concurso ou presentados durante a tramitación do procedemento, ou acompañase ou presentase documentos falsos.

3.º Cando a apertura da liquidación fose acordada de oficio por incumprimento do convenio debido a causa imputable ó concursado.

4.º Cando o debedor se alzase coa totalidade ou parte dos seus bens en prexuízo dos seus acredores ou realizase calquera acto que atrase, dificulte ou impida a eficacia dun embargo en calquera clase de execución iniciada ou de previsible iniciación.

5.º Cando durante os dous anos anteriores á data da declaración de concurso saísen fraudulentamente do patrimonio do debedor bens ou dereitos.

6.º Cando antes da data da declaración de concurso o debedor realizase calquera acto xurídico dirixido a simular unha situación patrimonial ficticia.

3. Do contido da sentenza de cualificación do concurso como culpable daráselle coñecemento ó rexistro público mencionado no artigo 198.

#### Artigo 165. *Presuncións de dolo ou culpa grave.*

Presúmese a existencia de dolo ou culpa grave, salvo proba en contrario, cando o debedor ou, se é o caso, os seus representantes legais, administradores ou liquidadores:

1.º Incumprisen o deber de solicita-la declaración do concurso.

2.º Incumprisen o deber de colaboración co xuíz do concurso e coa administración concursal, non lles facilitasen a información necesaria ou conveniente para o interese do concurso ou non asistisen, por si ou por medio de apoderado, á xunta de acredores.

3.º Se o debedor obrigado legalmente á levanza de contabilidade, non formulase as contas anuais, non as sometese a auditoría, debendo facelo, ou, unha vez aprobadas, non as depositase no Rexistro Mercantil nalgún dos tres últimos exercicios anteriores á declaración de concurso.

#### Artigo 166. *Cómplices.*

Considéranse cómplices as persoas que, con dolo ou culpa grave, cooperasen co debedor ou, se os tiver, cos seus representantes legais e, en caso de persoa xurídica, cos seus administradores ou liquidadores, tanto de dereito como de feito, ou cos seus apoderados xerais, á realización de calquera acto que fundase a cualificación do concurso como culpable.

## CAPÍTULO II

### Da sección de cualificación

#### SECCIÓN 1.ª DA FORMACIÓN E TRAMITACIÓN

#### Artigo 167. *Resolución xudicial.*

1. A formación da sección sexta ordenarase na mesma resolución xudicial pola que se aprobe un convenio co contido previsto no número 1.º do punto 1 do artigo 163, ou na que se ordene a liquidación a que se refire o número 2.º do punto 1 do artigo 163.

A sección encabezarase con testemuño da resolución xudicial e incorporaranse a ela testemuños da solicitude de declaración de concurso, da documentación que presentase o debedor coa súa solicitude ou por requirimento do xuíz, e do auto de declaración de concurso.

2. Cando se formase a sección de cualificación como consecuencia da aprobación dun convenio co contido previsto no número 1.º do punto 1 do artigo 163 e, con posterioridade, este resultase incumplido, procederáse do seguinte modo, para os efectos de determina-las causas do incumplimento e as responsabilidades que procedese:

1.º Se se dictase auto de arquivo ou sentenza de cualificación, na mesma resolución xudicial que acorde a apertura da liquidación por razón do incumplimento do convenio ordenarase a reapertura da sección, con incorporación a ela das actuacións anteriores e da propia resolución.

2.º Noutro caso, a referida resolución xudicial ordenará a formación dunha peza separada dentro da sección de cualificación que se encontrase aberta, para a súa tramitación de forma autónoma e conforme as normas establecidas neste capítulo que lle sexan de aplicación.

#### Artigo 168. *Comparecencia de interesados.*

1. Dentro dos dez días seguintes ó da última publicación que, conforme o establecido nesta lei, se lle dese á resolución xudicial de aprobación do convenio ou, se é o caso, de apertura da liquidación, calquera acreedor ou persoa que acredite interese lexítimo poderá comparecer na sección alegando por escrito canto considere relevante para a cualificación do concurso como culpable.

2. Nos casos ós que se refire o punto 2 do artigo precedente, os interesados poderán comparecer na sección ou na peza separada dentro do mesmo prazo contado desde a última publicación que se lle dea á resolución xudicial de apertura da liquidación, pero os seus escritos limitaranse a determinar se o concurso debe ser cualificado como culpable en razón de incumplimento do convenio por causa imputable ó concursado.

#### Artigo 169. *Informe da administración concursal e dictame do Ministerio Fiscal.*

1. Dentro dos quince días seguintes ó de expiración dos prazos para comparecencia dos interesados, a administración concursal presentarlle ó xuíz un informe razoado e documentado sobre os feitos relevantes para a cualificación do concurso, con proposta de resolución. Se propuxese a cualificación do concurso como culpable, o informe expresará a identidade das persoas ás que deba afecta-la cualificación e a das que teñan que ser consideradas cómplices, xustificando a causa, así como a determinación dos danos e perdas que, se é o caso, fosen causados polas persoas anteriores.

2. Unha vez unido o informe da administración concursal, daráselle traslado do contido da sección sexta ó Ministerio Fiscal para que emita dictame no prazo de dez días. O xuíz, atendidas as circunstancias, poderá acorda-la prórroga do dito prazo por un máximo de dez días máis. Se o Ministerio Fiscal non emitise dictame nese prazo, seguirá o seu curso o proceso e entenderase que non se opón á proposta de cualificación.

3. Nos casos ós que se refire o punto 2 do artigo 167, o informe da administración concursal e, se é o caso, o dictame do Ministerio Fiscal limitaranse a determina-las causas do incumplimento e se o concurso debe ser cualificado como culpable.

#### Artigo 170. *Tramitación da sección.*

1. Se o informe da administración concursal e o dictame que, se é o caso, emitise o Ministerio Fiscal coincidisen en cualifica-lo concurso como fortuíto, o xuíz, sen máis trámites, ordenará o arquivo das actuacións mediante auto, contra o que non caberá ningún recurso.

2. Noutro caso, o xuíz daralle audiencia ó debedor por prazo de dez días e ordenará emprazar a tódalas persoas que, segundo resulte do actuado, puideran ser afectadas pola cualificación do concurso ou declaradas cómplices, co fin de que, no prazo de cinco días, comparezan na sección se non o fixeran con anterioridade.

3. Ós que comparezan en prazo daráselles vista do contido da sección para que, dentro dos dez días seguintes, aleguen canto conveña ó seu dereito. Se comparecen con posterioridade ó vencemento do prazo, serán tidos por parte sen retrocede-lo curso das actuacións. Se non comparecen, serán declarados en rebeldía e seguirán o seu curso as actuacións sen volvelos citar.



**Artigo 171. Oposición á cualificación.**

1. Se o debedor ou algún dos comparecidos formulase oposición, o xuíz substanciaráa polos trámites do incidente concursal. De seren varias as oposicións, substanciaranse xuntas no mesmo incidente.

2. Se non se formulase oposición, o xuíz dictará sentenza no prazo de cinco días.

**Artigo 172. Sentencia de cualificación.**

1. A sentenza declarará o concurso como fortuíto ou como culpable. Se o cualificara como culpable, expresará a causa ou as causas en que se fundamente a cualificación.

2. A sentenza que cualifique o concurso como culpable conterá, ademais, os seguintes pronunciamentos:

1.º A determinación das persoas afectadas pola cualificación, así como, se é o caso, a das declaradas cómplices. Se algunha das persoas afectadas o for como administrador ou liquidador de feito da persoa xurídica debedora, a sentenza deberá motiva-la atribución desa condición.

2.º A inhabilitación das persoas afectadas pola cualificación para administra-los bens alleos durante un período de dous a 15 anos, así como para representar ou administrar a calquera persoa durante o mesmo período, atendendo, en todo caso, á gravidade dos feitos e á entidade do prexuízo.

3.º A perda de calquera dereito que as persoas afectadas pola cualificación ou declaradas cómplices tivesen como acredores concursais ou da masa e a condena a devolve-los bens ou dereitos que obtivesen indebidamente do patrimonio do debedor ou recibisen da masa activa, así como a indemniza-los danos e perdas causados.

3. Se a sección de cualificación fose formada ou reaberta como consecuencia da apertura da fase de liquidación, a sentenza poderá, ademais, condena-los administradores ou liquidadores, de dereito ou de feito, da persoa xurídica da que o concurso se cualifique como culpable, e os que tivesen esta condición dentro dos dous anos anteriores á data da declaración de concurso, a lles pagar ós acredores concursais, total ou parcialmente, o importe que dos seus créditos non perciban na liquidación da masa activa.

4. Os que fosen parte na sección de cualificación poderán interpoñer contra a sentenza recurso de apelación.

**Artigo 173. Substitución dos inhabilitados.**

Os administradores e os liquidadores da persoa xurídica concursada que sexan inhabilitados cesarán nos seus cargos. Se o cesamento impedise o funcionamento do órgano de administración ou liquidación, a administración concursal convocará xunta ou asemblea de socios para o nomeamento dos que teñan que cubri-las vacantes dos inhabilitados.

**SECCIÓN 2.ª DA CUALIFICACIÓN EN CASO DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA****Artigo 174. Formación da sección de cualificación.**

1. Nos casos de adopción de medidas administrativas que comporten a disolución e liquidación dunha entidade e exclúan a posibilidade de declara-lo concurso, a autoridade supervisora que as acordase comunicará inmediatamente a resolución ó xuíz que for competente para a declaración de concurso desa entidade.

2. Recibida a comunicación e, aínda que a resolución administrativa non sexa firme, o xuíz, de oficio

ou por solicitude do Ministerio Fiscal ou da autoridade administrativa, dictará auto acordando a formación dunha sección autónoma de cualificación, sen previa declaración de concurso.

Daráselle ó auto a publicidade prevista nesta lei para a resolución xudicial de apertura da liquidación.

**Artigo 175. Especialidades da tramitación.**

1. A sección encabezarase coa resolución administrativa que acordase as medidas.

2. O prazo de comparecencia dos interesados será de 15 días contados desde a última publicación das previstas no artigo anterior.

3. O informe sobre a cualificación será emitido pola autoridade supervisora que acordase a medida de intervención.

**TÍTULO VII****Da conclusión e da reapertura do concurso****CAPÍTULO ÚNICO****Artigo 176. Causas de conclusión do concurso.**

1. Procederá a conclusión do concurso e o arquivo das actuacións nos seguintes casos:

1.º Unha vez firme o auto da Audiencia Provincial que revoque en apelación o auto de declaración de concurso.

2.º Unha vez firme o auto que declare o cumprimento do convenio e, se é o caso, caducadas ou rexeitadas por sentenza firme as accións de declaración de incumprimento.

3.º En calquera estado do procedemento, cando se produza ou comprobe o pagamento ou a consignación da totalidade dos créditos recoñecidos ou a íntegra satisfacción dos acredores por calquera outro medio.

4.º En calquera estado do procedemento, cando se comprobe a inexistencia de bens e dereitos do concursado nin de terceiros responsables cos que satisface-los acredores.

5.º En calquera estado do procedemento, unha vez terminada a fase común do concurso, cando quede firme a resolución que acepte a desistencia ou a renuncia da totalidade dos acredores recoñecidos.

2. Nos tres últimos casos do punto anterior, a conclusión acordarase por auto e logo do informe da administración concursal, que se porá de manifesto por 15 días a tódalas partes comparecidas.

3. Non se poderá dictar auto de conclusión por inexistencia de bens e dereitos mentres se estea tramitando a sección de cualificación ou estean pendentes demandas de reintegración da masa activa ou de esixencia de responsabilidade de terceiros, salvo que as correspondentes accións fosen obxecto de cesión.

4. O informe da administración concursal favorable á conclusión do concurso por inexistencia de bens e dereitos afirmará e razoará inescusablemente que non existen accións viables de reintegración da masa activa nin de responsabilidade de terceiros pendentes de seren exercidas. As demais partes comparecidas pronunciaranse necesariamente sobre tal extremo no trámite de audiencia e o xuíz, á vista de todo iso, adoptará a decisión que proceda.

5. Se no prazo de audiencia concedido ás partes se formulase oposición á conclusión do concurso, o xuíz daralle a tramitación do incidente concursal.

**Artigo 177. Recursos e publicidade.**

1. Contra o auto que acorde a conclusión do concurso non caberá ningún recurso.

2. Contra a sentenza que resolva a oposición á conclusión do concurso, caberán os recursos previstos nesta lei para as sentencias dictadas en incidentes concursais.

3. A resolución firme que acorde a conclusión do concurso notificaráselle mediante comunicación persoal que acredite a súa recepción ou polos medios a que se refire o primeiro parágrafo do artigo 23.1 desta lei e daráselle a esta a publicidade prevista no segundo parágrafo do dito precepto e no artigo 24.

#### Artigo 178. *Efectos da conclusión do concurso.*

1. En tódolos casos de conclusión do concurso, cesarán as limitacións das facultades de administración e disposición do debedor subsistentes, salvo as que se conteñan na sentenza firme de cualificación.

2. Nos casos de conclusión do concurso por inexistencia de bens e dereitos, o debedor quedará responsable do pagamento dos créditos restantes. Os acredores poderán iniciar execucións singulares, mentres non se acorde a reapertura do concurso ou non se declare novo concurso.

3. Nos casos de conclusión do concurso por inexistencia de bens e dereitos do debedor persoa xurídica, a resolución xudicial que a declare acordará a súa extinción e disporá o cerramento da súa folla de inscrición nos rexistros públicos que corresponda, para este efecto expedirase mandamento contendo testemuño da resolución firme.

#### Artigo 179. *Reapertura do concurso.*

1. A declaración de concurso de debedor persoa natural dentro dos cinco anos seguintes á conclusión doutro anterior por inexistencia de bens e dereitos terá a consideración de reapertura deste. O xuíz competente, desde que se coñeza esta circunstancia, acordará a incorporación ó procedemento en curso de todo o actuado no anterior.

2. A reapertura do concurso de debedor persoa xurídica concluído por inexistencia de bens e dereitos será declarada polo mesmo xulgado que coñeceu deste, tramitarse no mesmo procedemento e limitarase á fase de liquidación dos bens e dereitos aparecidos con posterioridade. A esta reapertura daráselle a publicidade prevista nos artigos 23 e 24.

#### Artigo 180. *Inventario e lista de acredores en caso de reapertura.*

1. Os textos definitivos do inventario e da lista de acredores formados no procedemento anterior terán que ser actualizados pola administración concursal no prazo de dous meses a partir da incorporación daquelas actuacións ó novo concurso. A actualización limitarase, en canto ó inventario, a suprimir da relación os bens e dereitos que saísen do patrimonio do debedor, a corrixi-la valoración dos subsistentes e a incorporar e valoralos que aparecen con posterioridade; en canto á lista de acredores, a indica-la contía actual e demais modificacións acaecidas respecto dos créditos subsistentes e a incorporar á relación os acredores posteriores.

2. A actualización realizarase e aprobarase de conformidade co disposto nos capítulos II e III do título IV desta lei. A publicidade do novo informe da administración concursal e dos documentos actualizados e a impugnación destes rexeranse polo disposto no capítulo IV do título IV, pero o xuíz rexeitará de oficio e sen ulterior recurso aquelas pretensións que non se refiran estrictamente ás cuestións obxecto de actualización.

#### Artigo 181. *Rendición de contas.*

1. Incluírase unha completa rendición de contas, que xustificará cumpridamente a utilización que se fixese

das facultades de administración conferidas, en tódolos informes da administración concursal previos ó auto de conclusión do concurso. Igualmente, informárase neles do resultado e saldo final das operacións realizadas, solicitando a súa aprobación.

2. Tanto o debedor como os acredores poderán formular oposición razoada á aprobación das contas no prazo de 15 días a que se refire o punto 2 do artigo 176.

3. Se non se formulase oposición, o xuíz, no auto de conclusión do concurso, declararaas aprobadas. Se houber oposición, substanciaraa polos trámites do incidente concursal e resolveraa con carácter previo na sentenza, que tamén resolverá sobre a conclusión do concurso. Se houber oposición á aprobación das contas e tamén á conclusión do concurso, ambas substanciaranse no mesmo incidente e resolveranse na mesma sentenza, sen prexuízo de levar testemuño desta á sección segunda.

4. A aprobación ou a desaprobación das contas non prexulga a procedencia ou improcedencia da acción de responsabilidade dos administradores concursais, pero a desaprobación comportará a súa inhabilitación temporal para seren nomeados noutros concursos durante un período que determinará o xuíz na sentenza de desaprobación e que non poderá ser inferior a seis meses nin superior a dous anos.

#### Artigo 182. *Falecemento do concursado.*

1. A morte ou declaración de falecemento do concursado non será causa de conclusión do concurso, que continuará a súa tramitación como concurso da herdanza, correspondendo á administración concursal o exercicio das facultades patrimoniais de administración e disposición do ben relicto.

2. A representación da herdanza no procedemento corresponderalle a quen a posúa conforme dereito e, se é o caso, a quen designen os herdeiros.

3. A herdanza manterase indivisa durante a tramitación do concurso.

## TÍTULO VIII

### Das normas procesuais xerais e do sistema de recursos

#### CAPÍTULO I

#### Da tramitación do procedemento

#### Artigo 183. *Seccións.*

O procedemento de concurso dividirase nas seguintes seccións, ordenándose as actuacións de cada unha delas en cantas pezas separadas sexan necesarias ou convenientes:

1.º A sección primeira comprenderá o relativo á declaración de concurso, ás medidas cautelares, á resolución final da fase común, á conclusión e, se é o caso, á reapertura do concurso.

2.º A sección segunda comprenderá todo o relativo á administración concursal do concurso, ó nomeamento e ó estatuto dos administradores concursais, á determinación das súas facultades e ó seu exercicio, á rendición de contas e, se é o caso, á responsabilidade dos administradores concursais.

3.º A sección terceira comprenderá o relativo á determinación da masa activa, á substanciación, decisión e execución das accións de reintegración e de redución, á realización dos bens e dereitos que integran a masa activa, ó pagamento dos acredores e ás débedas da masa.

4.º A sección cuarta comprenderá o relativo á determinación da masa pasiva, á comunicación, recoñece-

mento, graduación e clasificación de créditos. Nesta sección incluíranse tamén, en peza separada os xuízos declarativos contra o debedor que se acumulasen ó concurso de acredores e as execucións que se inicien ou retomen contra o concursado.

5.º A sección quinta comprenderá o relativo ó convenio ou, se é o caso, á liquidación.

6.º A sección sexta comprenderá o relativo á cualificación do concurso e ós seus efectos.

**Artigo 184. Representación e defensa procesuais. Emprazamento e indagación de domicilio do debedor.**

1. En tódalas seccións serán recoñecidos como parte, sen necesidade de comparecencia en forma, o debedor e os administradores concursais. O Fondo de Garantía Salarial deberá ser citado como parte cando do proceso se puidese deriva-la súa responsabilidade para o aboamento de salarios ou indemnizacións dos traballadores. Na sección sexta será parte, ademais, o Ministerio Fiscal.

2. O debedor actuará sempre representado por procurador e asistido de letrado sen prexuízo do establecido no punto 6 deste artigo.

3. Para solicita-la declaración de concurso, comparecer no procedemento, interpoñer recursos, promover incidentes ou impugnar actos de administración, os acredores e os demais lexitimados actuarán representados por procurador e asistidos de letrado. Sen necesidade de comparecer en forma, poderán, se é o caso, comunicar créditos e formular alegacións, así como asistir e intervir na xunta.

4. Calquera outro que teña interese lexítimo no concurso poderá comparecer sempre que o faga representado por procurador e asistido de letrado.

5. Os administradores concursais serán oídos sempre sen necesidade de comparecencia en forma, pero cando interveñan en recursos ou incidentes deberano facer asistidos de letrado. Como regra xeral, a dirección técnica destes recursos entenderase incluída nas funcións do letrado membro da administración concursal.

6. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do establecido para a representación e defensa dos traballadores na Lei de procedemento laboral, incluídas as facultades atribuídas ós graduados sociais e ós sindicatos, e das administracións públicas na normativa procesual específica.

7. Se non se coñecera o domicilio do debedor ou o resultado do emprazamento for negativo, o xuíz, de oficio ou por instancia de parte, poderá realiza-las indagacións de domicilio previstas no artigo 156 da Lei de axuízamento civil. Se o debedor for persoa física e falecese aplicaranse as normas sobre sucesión previstas na Lei de axuízamento civil. Cando se trate de persoa xurídica que se encontrara en paradiro descoñecido o xuíz poderase dirixir ós rexistros públicos para determinar quen eran os administradores ou apoderados da entidade co obxecto de emprazala a través das ditas persoas. Cando o xuíz esgotara tódalas vías para emprazalo debedor poderá dicta-lo auto de admisión do concurso con base nos documentos e alegacións achegadas polos acredores e as indagacións que se realizasen nesta fase de admisión.

**Artigo 185. Dereito ó exame dos autos.**

Os acredores non comparecidos en forma poderán solicitar do xulgado o exame daqueles documentos ou informes que consten nos autos sobre os seus respectivos créditos, acudindo para isto á secretaría do xulgado persoalmente ou por medio de letrado ou procurador que os represente, os cales para este trámite non estarán obrigados a comparecer.

**Artigo 186. Substanciación de oficio.**

1. Declarado o concurso, o impulso procesual será de oficio.

2. O xuíz resolverá sobre a desistencia ou a renuncia do solicitante do concurso, logo de audiencia dos demais acredores recoñecidos na lista definitiva. Durante a tramitación do procedemento, os incidentes non terán carácter suspensivo, salvo que o xuíz, de forma excepcional, así o acorde motivadamente.

3. Cando a lei non fixe prazo para dictar unha resolución xudicial, deberase dictar sen dilación.

**Artigo 187. Extensión de facultades do xuíz do concurso.**

1. O xuíz poderá habilita-los días e horas necesarios para a práctica das dilixencias que considere urxentes en beneficio do concurso.

2. O xuíz poderá realizar actuacións de proba fóra do ámbito da súa competencia territorial, poñéndoo previamente en coñecemento do xuíz competente, cando non se prexudique a competencia do xuíz correspondente e veña xustificado por razóns de economía procesual.

**Artigo 188. Autorizacións xudiciais.**

1. Nos casos nos que a lei estableza a necesidade de obter autorización do xuíz ou os administradores concursais a consideren conveniente, a solicitude formularase por escrito.

2. Da solicitude presentada daráselles traslado a tódalas partes que deban ser oídas respecto do seu obxecto, concedéndolles para alegacións prazo de igual duración non inferior a tres días nin superior a dez, atendidas a complexidade e importancia da cuestión. O xuíz resolverá sobre a solicitude mediante auto dentro dos cinco días seguintes ó último vencemento.

3. Contra o auto que conceda ou denegue a autorización solicitada non caberá máis recurso que o de reposición, sen prexuízo do dereito das partes a promover-la cuestión a través do incidente concursal.

**Artigo 189. Prexudicialidade penal.**

1. A incoación de procedementos criminais relacionados co concurso non provocará a suspensión da tramitación deste.

2. Admitida a trámite querela ou denuncia criminal sobre feitos que teñan relación ou influencia no concurso, será de competencia do xuíz deste adopta-las medidas de retención de pagamentos ós acredores inculcados ou outras análogas que permitan continua-la tramitación do procedemento concursal, sempre que non fagan imposible a execución dos pronunciamentos patrimoniais da eventual condena penal.

**CAPÍTULO II**

**Do procedemento abreviado**

**Artigo 190. Ámbito de aplicación.**

1. O xuíz poderá aplicar un procedemento especialmente simplificado cando o debedor sexa unha persoa natural ou persoa xurídica que, conforme a lexislación mercantil, estea autorizada a presentar balance abreviado e, en ámbolos casos, a estimación inicial do seu pasivo non supere 1.000.000 de euros.

2. En calquera momento da tramitación dun concurso ordinario no que quede de manifesto a concorrencia dos requisitos mencionados no punto anterior, o xuíz do concurso poderá, de oficio ou por instancia de parte,



ordena-la conversión ó procedemento abreviado sen retrotrae-las actuacións practicadas ata entón. Tamén poderá, con idénticos presupostos e efectos, ordena-la conversión inversa cando quede de manifesto que nun procedemento abreviado non concorre algún dos requisitos esixidos.

#### Artigo 191. *Contido.*

1. Con carácter xeral, acordado o procedemento abreviado, os prazos previstos nesta lei reduciranse á metade, redondeada á alza se non é un número enteiro, salvo aqueles que, por razóns especiais, o xuíz acorde manter para o mellor desenvolvemento do procedemento.

En todo caso, o prazo para a presentación do informe pola administración concursal será dun mes contado desde a aceptación do cargo e só poderá ser autorizada unha prórroga polo xuíz do concurso non superior a quince días.

2. No procedemento abreviado a administración concursal estará integrada por un único membro de entre os previstos no punto 3.º do número 2 do artigo 27, salvo que o xuíz, apreciando no caso motivos especiais que o xustifican, resolverse expresamente o contrario.

### CAPÍTULO III

#### Do incidente concursal

#### Artigo 192. *Ámbito e carácter do incidente concursal.*

1. Tódalas cuestións que se susciten durante o concurso e non teñan sinalada nesta lei outra tramitación ventiláranse pola canle do incidente concursal.

Tamén se tramitarán por esta canle as accións que deban ser exercidas perante o xuíz do concurso conforme o disposto no punto 1 do artigo 50 e os xuízos que se acumulen en virtude do previsto no punto 1 do artigo 51.

Neste último caso, o xuíz do concurso disporá o necesario para que se continúe o xuízo sen repetir actuacións e permitindo a intervención, desde ese momento, das partes do concurso que non o fosen no xuízo acumulado.

2. Os incidentes concursais non suspenderán o procedemento de concurso, sen prexuízo de que o xuíz, de oficio ou por instancia de parte, acorde a suspensión daquelas actuacións que estime que se poidan ver afectadas pola resolución que se dicte.

3. Non se admitirán os incidentes que teñan por obxecto solicitar actos de administración ou impugnalos por razóns de oportunidade.

#### Artigo 193. *Partes no incidente.*

1. No incidente concursal consideraranse partes demandadas aquelas contra as que se dirixa a demanda e calquera outra que sosteña posicións contrarias ó pedido pola demandante.

2. Calquera persoa comparecida en forma no concurso poderá intervir con plena autonomía no incidente concursal coadxuvando coa parte que o promove se ou coa contraria.

3. Cando nun incidente se acumulen demandas ou pedimentos das cales non resulten coincidentes, tódalas partes que interveñan terán que contesta-las demandas ás pretensións das cales se opoñan, se o momento da súa intervención o permitise, e expresar con claridade e precisión a tutela concreta que soliciten. De non o facer así, o xuíz rexeitará de plano a súa intervención, sen que contra a súa resolución caiba ningún recurso.

#### Artigo 194. *Demanda incidental e admisión a trámite.*

1. A demanda presentarase na forma prevista no artigo 399 da Lei de axuizamento civil.

2. Se o xuíz estima que a cuestión promovida é impertinente ou carece de entidade necesaria para tramitala pola vía incidental, resolverá, mediante auto, a súa non admisión dándolle á cuestión promovida a tramitación que corresponda. Contra este auto caberá recurso de apelación nos termos establecidos no punto 1 do artigo 197.

3. Noutro caso, dictará providencia admitindo a trámite o incidente e emprazando as demais partes comparecidas, con entrega de copia da demanda ou demandas, para que no prazo común de 10 días contesten na forma prevista no artigo 405 da Lei de axuizamento civil.

4. Contestada a demanda ou transcorrido o prazo para iso, o proceso continuará conforme os trámites do xuízo verbal da Lei de axuizamento civil.

#### Artigo 195. *Incidente concursal en materia laboral.*

1. Se se promove o incidente concursal a que se refire o artigo 64.8 desta lei, a demanda formularase de acordo co establecido no artigo 437 da Lei de axuizamento civil; o xuíz advertirá a parte, se é o caso, dos defectos, omisións ou imprecisións en que incorrese ó redacta-la demanda, co fin de que os emende dentro do prazo de catro días, con apercibimento de que, se non o efectuase, se ordenará o seu arquivo. Neste incidente non será de aplicación o punto 2 do artigo anterior.

2. Se a demanda fose admitida, o xuíz sinalará dentro dos 10 días seguintes o día e a hora en que deberá ter lugar o acto do xuízo, citando os demandados con entrega de copia da demanda e demais documentos, debendo mediar en todo caso un mínimo de catro días entre a citación e a efectiva celebración do xuízo, que comezará co intento de conciliación ou avinza sobre o obxecto do incidente. De non se lograr esta o demandante ratificarase na súa demanda ou a ampliará sen alterar substancialmente as súas pretensións, contestando oralmente o demandado, e proponendo as partes a continuación as probas sobre os feitos nos que non houber conformidade, continuando o procedemento conforme os trámites do xuízo verbal da Lei de axuizamento civil, se ben trala práctica da proba se lles outorgará ás partes un trámite de conclusións.

#### Artigo 196. *Sentencia.*

1. Terminado o xuízo, o xuíz dictará sentenza no prazo de dez días resolvendo o incidente.

2. A sentenza que recaia no incidente a que se refire o artigo 194 rexerese en materia de custas polo disposto na Lei de axuizamento civil, tanto respecto da súa imposición como no relativo á súa exacción, e serán inmediatamente esixibles, unha vez firme a sentenza, con independencia do estado en que se encontre o concurso.

3. A sentenza que recaia no incidente a que se refire o artigo 195 rexerese en materia de custas polo disposto na Lei de procedemento laboral.

4. Unha vez firmes, as sentencias que poñan fin ós incidentes concursais producirán efectos de cosa xulgada.

### CAPÍTULO IV

#### Dos recursos

#### Artigo 197. *Recursos procedentes e tramitación.*

1. Os recursos contra as resolucións dictadas no concurso substanciaranse na forma prevista pola Lei de axuizamento civil, coas modificacións que se indican a

seguir e sen prexuízo do previsto no artigo 64 desta lei.

2. Contra as providencias e os autos que dicte o xuíz do concurso só caberá o recurso de reposición, salvo que nesta lei se exclúa todo recurso ou se outorgue outro distinto.

3. Contra os autos resolutorios de recursos de reposición e contra as sentencias dictadas en incidentes concursais promovidos na fase común ou na de convenio non caberá ningún recurso, pero as partes poderán reproducirla cuestión na apelación máis próxima sempre que formulasen protesta no prazo de cinco días.

4. Contra as sentencias que aproben o convenio, ou contra as que resolvan incidentes concursais promovidos con posterioridade ou durante a fase de liquidación caberá recurso de apelación que se tramitará con carácter preferente, e na forma prevista para as apelacións de sentencias dictadas en xuízo ordinario.

5. O xuíz do concurso, de oficio ou por instancia de parte, poderá acordar motivadamente ó admitilo recurso de apelación a suspensión daquelas actuacións que se poidan ver afectadas pola súa resolución. A súa decisión poderá ser revisada pola Audiencia Provincial por solicitude de parte formulada no escrito de interposición da apelación ou oposición a esta, neste caso esta cuestión deberá ser resolta con carácter previo ó exame do fondo do recurso e dentro dos 10 días seguintes á recepción dos autos polo tribunal, sen que contra o auto que se dicte se poida interpoñer ningún recurso.

6. Caberá recurso de casación e extraordinario por infracción procesal, de acordo cos criterios de admisión previstos na Lei de axuizamento civil, contra as sentencias dictadas polas audiencias relativas á aprobación ou ó cumprimento do convenio, á cualificación ou á conclusión do concurso, ou que resolvan accións das comprendidas nas seccións terceira e cuarta.

7. Contra a sentenza que resolva incidentes concursais relativos a accións sociais o coñecemento dos cales corresponda ó xuíz do concurso, caberá o recurso de suplicación e os demais recursos previstos na Lei de procedemento laboral, sen que ningún deles teña efectos suspensivos sobre a tramitación do concurso nin de ningunha das súas pezas.

## CAPÍTULO V

### Rexistro de Resolucións Concurais

#### Artigo 198. *Rexistro público.*

Regulamentariamente, articularase un procedemento para que o Ministerio de Xustiza asegure o rexistro público das resolucións dictadas en procedementos concursais declarando concursados culpables e acordando a designación ou inhabilitación dos administradores concursais, nos casos previstos nesta lei.

## TÍTULO IX

### Das normas de dereito internacional privado

#### CAPÍTULO I

##### Aspectos xerais

#### Artigo 199. *Das relacións entre ordenamentos.*

As normas deste título aplicaranse sen prexuízo do establecido no Regulamento (CE) 1346/2000 sobre procedementos de insolvencia e demais normas comunitarias ou convencionais que regulen a materia.

A falta de reciprocidade ou cando se produza unha falta sistemática á cooperación polas autoridades dun Estado estranxeiro, non se aplicarán respecto dos procedementos seguidos no dito Estado, os capítulos III e IV deste título.

#### Artigo 200. *Regra xeral.*

Sen prexuízo do disposto nos artigos seguintes, a lei española determinará os orzamentos e efectos do concurso declarado en España, o seu desenvolvemento e a súa conclusión.

## CAPÍTULO II

### Da lei aplicable

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DO PROCEDEMENTO PRINCIPAL

#### Artigo 201. *Dereitos reais e reservas de dominio.*

1. Os efectos do concurso sobre dereitos reais dun acreedor ou dun terceiro que recaian en bens ou dereitos de calquera clase pertencentes ó debedor, comprendidos os conxuntos de bens dos que a súa composición poida variar no tempo, e que no momento de declaración do concurso se encontren no territorio doutro Estado rexeranse exclusivamente por lei deste.

A mesma regra aplicarase ós dereitos do vendedor respecto dos bens vendidos ó concursado con reserva de dominio.

2. A declaración de concurso do vendedor dun ben con reserva de dominio que xa fose entregado e que no momento da declaración se encontre no territorio doutro Estado non constitúe, por si soa, causa de resolución nin de rescisión da venda e non lle impedirá ó comprador a adquisición da súa propiedade.

3. O disposto nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo das accións de reintegración que, se é o caso, procedan.

#### Artigo 202. *Dereitos do debedor sometidos a rexistro.*

Os efectos do concurso sobre dereitos do debedor que recaian en bens inmoebles, buques ou aeronaves suxeitos a inscrición en rexistro público acomodaranse ó disposto na lei do Estado baixo a autoridade do cal se leve o rexistro.

#### Artigo 203. *Terceiros adquirentes.*

A validez dos actos de disposición a título oneroso do debedor sobre bens inmoebles ou sobre buques ou aeronaves que estean suxeitos a inscrición en rexistro público, realizados con posterioridade á declaración de concurso, rexeranse, respectivamente, pola lei do Estado no territorio do cal se encontre o ben inmoeble ou pola daquela baixo a autoridade do cal se leve o rexistro de buques ou aeronaves.

#### Artigo 204. *Dereitos sobre valores e sistemas de pagamentos e mercados financeiros.*

Os efectos do concurso sobre dereitos que recaian en valores negociables representados mediante anotacións en conta rexeranse pola lei do Estado do rexistro onde estes valores estivesen anotados. Esta norma comprende calquera rexistro de valores legalmente recoñecido, incluídos os levados por entidades financeiras suxeitas a supervisión legal.

Sen prexuízo do disposto no artigo 201, os efectos do concurso sobre os dereitos e obrigas dos participantes nun sistema de pagamento ou compensación ou nun mercado financeiro rexeranse exclusivamente pola lei do Estado aplicable ó dito sistema ou mercado.

#### Artigo 205. *Compensación.*

1. A declaración de concurso non afectará o dereito dun acredor a compensa-lo seu crédito cando a lei que rexa o crédito recíproco do concursado o permita en situacións de insolvencia.

2. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo das accións de reintegración que, se é o caso, procedan.

#### Artigo 206. *Contratos sobre inmobles.*

Os efectos do concurso sobre os contratos que teñan por obxecto a atribución dun dereito ó uso ou á adquisición dun ben inmovible rexeranse exclusivamente pola lei do Estado onde se encontre.

#### Artigo 207. *Contratos de traballo.*

Os efectos do concurso sobre o contrato de traballo e sobre as relacións laborais rexeranse exclusivamente pola lei do Estado aplicable ó contrato.

#### Artigo 208. *Accións de reintegración.*

Non procederá o exercicio de accións de reintegración ó abeiro desta lei cando o beneficiado polo acto prexudicial para a masa activa probe que este acto está suxeito á lei doutro Estado que non permite en ningún caso a súa impugnación.

#### Artigo 209. *Xuízos declarativos pendentes.*

Os efectos do concurso sobre os xuízos declarativos pendentes que se refiran a un ben ou a un dereito da masa rexeranse exclusivamente pola lei do Estado no que estean en curso.

### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DO PROCEDEMENTO TERRITORIAL

#### Artigo 210. *Regra xeral.*

Excepto no previsto nesta sección, o concurso territorial rexerase polas mesmas normas que o concurso principal.

#### Artigo 211. *Orzamentos do concurso.*

O recoñecemento dun procedemento estranxeiro principal permitirá abrir en España un concurso territorial sen necesidade de examina-la insolvencia do debedor.

#### Artigo 212. *Lexitimación.*

Poderá solicita-la declaración dun concurso territorial:

1.<sup>o</sup> Calquera persoa lexitimada para solicita-la declaración de concurso de acordo con esta lei.

2.<sup>o</sup> O representante do procedemento estranxeiro principal.

#### Artigo 213. *Alcance dun convenio cos acredores.*

As limitacións dos dereitos dos acredores derivadas dun convenio aprobado no concurso territorial, tales como a quitación e a espera, só producirán efectos con respecto ós bens do debedor non comprendidos neste concurso se hai conformidade de tódolos acredores interesados.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DAS REGLAS COMÚNS A ÁMBOLOS TIPOS DE PROCEDEMENTOS

#### Artigo 214. *Información ós acredores no estranxeiro.*

1. Declarado o concurso, a administración concursal informará sen demora ós acredores coñecidos que teñan a súa residencia habitual, domicilio ou sede no estranxeiro, se así resultase dos libros e documentos do debedor ou por calquera outra razón constase no concurso.

2. A información comprenderá a identificación do procedemento, a data do auto de declaración, o carácter principal ou territorial do concurso, as circunstancias persoais do debedor, os efectos acordados sobre as facultades de administración e disposición respecto do seu patrimonio, o chamamento ós acredores, mesmo a aqueles garantidos con dereito real, o prazo para a comunicación dos créditos á administración concursal e o enderezo postal do xulgado.

3. A información realizarase por escrito e mediante envío individualizado, salvo que o xuíz dispoña calquera outra forma por estimala máis adecuada ás circunstancias do caso.

#### Artigo 215. *Publicidade e rexistro no estranxeiro.*

1. O xuíz, de oficio ou por instancia de interesado, poderá acordar que se publique o contido esencial do auto de declaración do concurso en calquera Estado estranxeiro onde conveña ós intereses do concurso, de acordo coas modalidades de publicación previstas no dito Estado para os procedementos de insolvencia.

2. A administración concursal poderá solicita-la publicidade rexistral no estranxeiro do auto de declaración e doutros actos do procedemento cando así conveña ós intereses do concurso.

#### Artigo 216. *Pagamento ó concursado no estranxeiro.*

1. O pagamento feito ó concursado no estranxeiro por un debedor con residencia habitual, domicilio ou sede no estranxeiro, só liberará a quen o fixer ignorando a apertura do concurso en España.

2. Salvo proba en contrario, presumirase que ignoraba a existencia do procedemento quen realizou o pagamento antes de se ter dado á apertura do concurso a publicidade a que se refire o punto 1 do artigo anterior.

#### Artigo 217. *Comunicación de créditos.*

1. Os acredores que teñan a súa residencia habitual, domicilio ou sede no estranxeiro comunicarán os seus créditos á administración concursal conforme o disposto no artigo 85.

2. Todo acredor poderá comunica-lo seu crédito no procedemento principal ou territorial aberto en España, con independencia de que tamén o presentase nun procedemento de insolvencia aberto no estranxeiro.

Esta regra inclúe, suxeitos á condición de reciprocidade, os créditos tributarios e da Seguridade Social doutros estados, que neste caso serán admitidos como créditos ordinarios.

#### Artigo 218. *Restitución e imputación.*

1. O acredor que, trala apertura dun concurso principal en España, obtivese un pagamento total ou parcial do seu crédito con cargo a bens do debedor situados no estranxeiro ou pola realización ou execución destes deberalle restituír á masa o que obtivese, sen prexuízo do disposto no artigo 201.



No caso de que este pagamento se obtiver nun procedemento de insolvencia aberto no estranxeiro, aplícarase a regra de imputación de pagamentos do artigo 229.

2. Cando o Estado onde se encontrasen os bens non recoñecese o concurso declarado en España ou as dificultades de localización e realización deses bens así o xustificasen, o xuíz poderá autorizarlos acredores a instar no estranxeiro a execución individual, con aplicación, en todo caso, da regra de imputación prevista no artigo 229.

#### Artigo 219. *Linguas.*

1. A información prevista no artigo 214 darase en castelán e, se é o caso, en calquera das linguas oficiais, pero no encabezamento do seu texto figurarán tamén en inglés e francés os termos «Convocatoria para a presentación de créditos. Prazos aplicables».

2. Os acredores con residencia habitual, domicilio ou sede no estranxeiro presentarán o escrito de comunicación dos seus créditos en lingua castelá ou noutra oficial propia da comunidade autónoma na que teña a súa sede o xuíz do concurso. Se o fixesen en lingua distinta, a administración concursal poderá esixir posteriormente unha tradución para o castelán.

### CAPÍTULO III

#### Do recoñecemento de procedementos estranxeiros de insolvencia

#### Artigo 220. *Recoñecemento da resolución de apertura.*

1. As resolucións estranxeiras que declaren a apertura dun procedemento de insolvencia recoñeceranse en España mediante o procedemento de exequátur regulado na Lei de axuízamento civil, se reúnen os requisitos seguintes:

1.º Que a resolución se refira a un procedemento colectivo fundado na insolvencia do debedor, en virtude do cal os seus bens e actividades queden suxeitos ó control ou á supervisión dun tribunal ou dunha autoridade estranxeira para os efectos da súa reorganización ou liquidación.

2.º Que a resolución sexa definitiva segundo a lei do Estado de apertura.

3.º Que a competencia do tribunal ou da autoridade que abra o procedemento de insolvencia estea baseada nalgún dos criterios contidos no artigo 10 desta lei ou nunha conexión razoable de natureza equivalente.

4.º Que a resolución non fose pronunciada en rebeldía do debedor ou, noutro caso, que fose precedida de entrega ou notificación de cédula de emprazamento ou documento equivalente, en forma e con tempo suficiente para opoñerse.

5.º Que a resolución non sexa contraria á orde pública española.

2. O procedemento de insolvencia estranxeiro recoñecerase:

1.º Como procedemento estranxeiro principal, se se está tramitando no Estado onde o debedor teña o centro dos seus intereses principais.

2.º Como procedemento estranxeiro territorial, se se está tramitando nun Estado onde o debedor teña un establecemento ou co territorio do cal exista unha conexión razoable de natureza equivalente, como a presenza de bens afectos a unha actividade económica.

3. O recoñecemento dun procedemento estranxeiro principal non impedirá a apertura en España dun concurso territorial.

4. Poderase suspender a tramitación do exequátur cando a resolución de apertura do procedemento de insolvencia fose obxecto, no seu Estado de orixe, dun recurso ordinario ou cando o prazo para interposición non expirase.

5. O disposto neste artigo non impedirá a modificación ou revogación do recoñecemento se se demostrase a alteración relevante ou a desaparición dos motivos polos que se outorga.

#### Artigo 221. *Administrador ou representante estranxeiro.*

1. Terá a condición de administrador ou representante do procedemento estranxeiro a persoa ou o órgano, mesmo designado a título provisional, que estea facultado para administrar ou supervisar a reorganización ou a liquidación dos bens ou actividades do debedor ou para actuar como representante do procedemento.

2. O nomeamento do administrador ou representante acreditarase mediante copia autenticada do orixinal da resolución pola que se lle designe ou mediante certificado expedido polo tribunal ou pola autoridade competente, cos requisitos necesarios para facer fe en España.

3. Unha vez recoñecido un procedemento estranxeiro principal, o administrador ou representante estará obrigado a:

1.º Darlle ó procedemento unha publicidade equivalente á ordenada no artigo 23 desta lei, cando o debedor teña un establecemento en España.

2.º Solicitar dos rexistros públicos correspondentes as inscricións que procedan conforme o artigo 24 desta lei.

Os gastos ocasionados polas medidas de publicidade e rexistro serán satisfeitos polo administrador ou representante con cargo ó procedemento principal.

4. Unha vez recoñecido un procedemento estranxeiro principal, o seu administrador ou representante poderá exercer as facultades que lle correspondan conforme a lei do Estado de apertura, salvo que resulten incompatibles cos efectos dun concurso territorial declarado en España ou coas medidas cautelares adoptadas en virtude dunha solicitude de concurso e, en todo caso, cando o seu contido sexa contrario á orde pública.

No exercicio das súas facultades, o administrador ou representante deberá respectar a lei española, en particular no que respecta ás modalidades de realización dos bens e dereitos do debedor.

#### Artigo 222. *Recoñecemento doutras resolucións.*

1. Unha vez obtido o exequátur da resolución de apertura, calquera outra resolución dictada nese procedemento de insolvencia e que teña o seu fundamento na lexislación concursal recoñecerase en España sen necesidade de ningún procedemento, sempre que reúna os requisitos previstos no artigo 220. O requisito da previa entrega ou notificación de cédula de emprazamento ou documento equivalente será esixible, ademais, respecto de calquera persoa distinta do debedor que fose demandada no procedemento estranxeiro de insolvencia e en relación coas resolucións que lle afecten.

2. En caso de oposición ó recoñecemento, calquera persoa interesada poderá solicitar que este sexa declarado a título principal polo procedemento de exequátur regulado na Lei de axuízamento civil.

Se o recoñecemento da resolución estranxeira se invocase como cuestión incidental nun proceso en curso, será competente para resolver a cuestión o xuíz ou tribunal que coñeza do fondo do asunto.

**Artigo 223. Efectos do recoñecemento.**

1. Salvo nos supostos previstos nos artigos 201 a 209, as resolucións estranxeiras recoñecidas producirán en España os efectos que lles atribúa a lei do Estado de apertura do procedemento.

2. Os efectos dun procedemento territorial estranxeiro limitaranse ós bens e dereitos que no momento da súa declaración estean situados no Estado de apertura.

3. No caso de declaración dun concurso territorial en España, os efectos do procedemento estranxeiro rexeranse polo disposto no capítulo IV deste título.

**Artigo 224. Execución.**

As resolucións estranxeiras que teñan carácter executivo segundo a lei do Estado de apertura do procedemento no que se dictasen necesitarán previamente exequátur para a súa execución en España.

**Artigo 225. Cumprimento a favor do debedor.**

1. O pagamento feito en España a un debedor sometido a procedemento de insolvencia aberto noutro Estado e conforme o cal deberá facerse ó administrador ou representante nel designado só liberará a quen o fixer ignorando a existencia do procedemento.

2. Salvo proba en contrario, presumirase que ignoraba a existencia do procedemento quen realizou o pagamento antes de se lle dar á apertura do procedemento de insolvencia estranxeiro a publicidade ordenada no punto 3 do artigo 221.

**Artigo 226. Medidas cautelares.**

1. As medidas cautelares adoptadas antes da apertura dun procedemento principal de insolvencia no estranxeiro polo tribunal competente para abri-lo poderán ser recoñecidas e executadas en España logo do correspondente exequátur.

2. Antes do recoñecemento dun procedemento estranxeiro de insolvencia e por instancia do seu administrador ou representante, poderanse adoptar conforme a lei española medidas cautelares, incluídas as seguintes:

1.<sup>a</sup> Paralizar calquera medida de execución contra bens e dereitos do debedor.

2.<sup>a</sup> Encomendarlle ó administrador ou representante estranxeiro, ou á persoa que se designe ó adopta-la medida, a administración ou a realización daqueles bens ou dereitos situados en España que, pola súa natureza ou por circunstancias concorrentes, sexan perecedoiros, susceptibles de sufrir grave deterioración ou de diminuír considerablemente o seu valor.

3.<sup>a</sup> Suspende-lo exercicio das facultades de disposición, alleamento e gravame de bens e dereitos do debedor.

Se a solicitude de medidas cautelares precedese á de recoñecemento da resolución de apertura do procedemento de insolvencia, a resolución que as adopte condicionará a súa subsistencia á presentación desta última solicitude no prazo de 20 días.

**CAPÍTULO IV****Da coordinación entre procedementos paralelos de insolvencia****Artigo 227. Obrigas de cooperación.**

1. Sen prexuízo do respecto das normas aplicables en cada un dos procedementos, a administración con-

cursal do concurso declarado en España e o administrador ou representante dun procedemento estranxeiro de insolvencia relativo ó mesmo debedor e recoñecido en España están sometidos a un deber de cooperación recíproca no exercicio das súas funcións, baixo a supervisión dos seus respectivos xuíces, tribunais ou autoridades competentes. A negativa a cooperar por parte do administrador ou representante, ou do tribunal ou autoridade estranxeiros, liberará deste deber ós correspondentes órganos españois.

2. A cooperación poderá consistir, en particular:

1.<sup>o</sup> No intercambio, por calquera medio que se considere oportuno, de informacións que poidan ser útiles para o outro procedemento, sen prexuízo do obrigado respecto das normas que amporen o segredo ou a confidencialidade dos datos obxecto da información ou que de calquera modo os protexan.

En todo caso, existirá a obriga de informar de calquera cambio relevante na situación do procedemento respectivo, incluído o nomeamento do administrador ou representante, e da apertura noutro Estado dun procedemento de insolvencia respecto do mesmo debedor.

2.<sup>o</sup> Na coordinación da administración e do control ou supervisión dos bens e actividades do debedor.

3.<sup>o</sup> Na aprobación e aplicación polos tribunais ou autoridades competentes de acordos relativos á coordinación dos procedementos.

3. A administración concursal do concurso territorial declarado en España deberá permitirlle ó administrador ou representante do procedemento estranxeiro principal a presentación, en tempo oportuno, de propostas de convenio, de plans de liquidación ou de calquera outra forma de realización de bens e dereitos da masa activa ou de pagamento dos créditos.

A administración concursal do concurso principal declarado en España reclamará iguais medidas en calquera outro procedemento aberto no estranxeiro.

**Artigo 228. Exercicio dos dereitos dos acredores.**

1. Na medida en que así o permita a lei aplicable ó procedemento estranxeiro de insolvencia, o seu administrador ou representante poderá comunicar no concurso declarado en España, e conforme o establecido nesta lei, os créditos recoñecidos naquel. Baixo as mesmas condicións, o administrador ou representante estará facultado para participar no concurso en nome dos acredores dos que comunicase os créditos.

2. A administración concursal dun concurso declarado en España poderá presentar nun procedemento estranxeiro de insolvencia, principal ou territorial, os créditos recoñecidos na lista definitiva de acredores, sempre que así o permita a lei aplicable a ese procedemento. Baixo as mesmas condicións estará facultada a administración concursal, ou a persoa que ela designe, para participar naquel procedemento en nome dos acredores dos que preentase os créditos.

**Artigo 229. Regra de pagamento.**

O acredor que obteña nun procedemento estranxeiro de insolvencia pagamento parcial do seu crédito non poderá pretender no concurso declarado en España ningún pagamento adicional ata que os restantes acredores da mesma clase e rango obtivesen neste unha cantidade porcentualmente equivalente.

**Artigo 230. Excedente do activo do procedemento territorial.**

A condición de reciprocidade, o activo remanente á conclusión dun concurso ou procedemento territorial

porase á disposición do administrador ou do representante do procedemento estranxeiro principal recoñecido en España. A administración concursal do concurso principal declarado en España reclamará igual medida en calquera outro procedemento aberto no estranxeiro.

Disposición adicional primeira. *Referencias legais ós procedementos concursais anteriormente vixentes.*

Os xuíces e tribunais interpretarán e aplicarán as normas legais que fagan referencia ós procedementos concursais derogados por esta lei poñéndoas en relación coas do concurso regulado nesta, atendendo fundamentalmente ó seu espírito e finalidade e, en particular, ás seguintes regras:

1.<sup>a</sup> Tódalas referencias á suspensión de pagamentos ou ó procedemento de quitación e espera contidas en preceptos legais que non fosen expresamente modificados por esta lei entenderanse realizadas ó concurso no que non se producise a apertura da fase de liquidación.

2.<sup>a</sup> Tódalas referencias á quebra ou ó concurso de acredores contidas en preceptos legais que non fosen expresamente modificados por esta lei entenderanse realizadas ó concurso no que se producise a apertura da fase de liquidación.

3.<sup>a</sup> Tódalas declaracións de incapacidade dos quebrados ou concursados e as prohibicións para o desempeño por estes de cargos ou funcións ou para o desenvolvemento de calquera clase de actividades establecidas en preceptos legais non modificados expresamente por esta lei entenderanse referidas ás persoas sometidas a un procedemento de concurso no que se producise a apertura da fase de liquidación.

Disposición adicional segunda. *Réxime especial aplicable a entidades de crédito, empresas de servicios de investimento e entidades aseguradoras.*

1. Nos concursos de entidades de crédito ou entidades legalmente asimiladas a elas, empresas de servicios de investimento e entidades aseguradoras, así como entidades membros de mercados oficiais de valores e entidades participantes nos sistemas de compensación e liquidación de valores, aplicaranse as especialidades que para as situacións concursais se encontren establecidas na súa lexislación específica, salvo as relativas a composición, nomeamento e funcionamento da administración concursal.

2. Considérase lexislación especial, para os efectos da aplicación do punto 1, a regulada nas seguintes normas:

a) Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario (artigo 14 e artigo 15, modificado pola Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime das sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulización hipotecaria), así como as normas reguladoras doutros valores ou instrumentos ós que legalmente se atribúa o mesmo réxime de solvencia que o aplicable ás cédulas hipotecarias.

b) Real decreto lei 3/1993, do 26 de febreiro, sobre medidas urxentes en materias orzamentarias, tributarias, financeiras e de emprego (artigo 16).

c) Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores (no que respecta ó réxime aplicable ós sistemas de compensación e liquidación nela regulados, e ás entidades participantes nos ditos sistemas, e en particular os artigos 58 e 59).

d) Lei 3/1994, do 14 de abril, de adaptación da lexislación española en materia de entidades de crédito á Segunda Directiva de Coordinación Bancaria (disposición adicional quinta).

e) Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España (polo que respecta ó réxime aplicable ás garantías constituídas a favor do Banco de España, do Banco Central Europeo ou doutros bancos centrais nacionais da Unión Europea, no exercicio das súas funcións).

f) Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores (disposicións adicionais décima e décimo segunda).

g) Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro (disposición adicional terceira).

h) Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital-risco e das súas sociedades xestoras (disposición adicional terceira).

i) Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.

j) Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social (artigo 68).

k) Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados (artigos 25 a 28, 35 a 39 e 59), e Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adapta-lo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre a liberdade de servicios en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados (artigo 4).

Disposición adicional terceira. *Reforma das leis de sociedades anónimas e de responsabilidade limitada.*

O Goberno remitiralle ó Congreso dos Deputados un proxecto de lei de modificación da Lei de sociedades anónimas, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 12 de decembro, e da Lei 21/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, co fin de adecualas a esta lei.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos concursais en tramitación.*

Os procedementos de concurso de acredores, quebra, quitación e espera e suspensión de pagamentos que se encontren en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei continuarán rexéndose ata a súa conclusión polo dereito anterior, sen máis excepcións que as seguintes:

1. Será de inmediata aplicación o disposto nos artigos 176 a 180 desta lei, con exclusión dos incisos 1.<sup>o</sup> e 2.<sup>o</sup> do punto 1 do artigo 176. Para estes efectos, entenderase: que a referencia á fase común do concurso do punto 1.5.<sup>o</sup> do artigo 176 está feita ó trámite de recoñecemento de créditos ou o seu equivalente; que a referencia ó incidente concursal do punto 5 do mesmo precepto está feita ó procedemento do artigo 393 da Lei de axuízamento civil; que contra a sentenza que resolva a oposición á conclusión do concurso caberá o recurso de apelación; e que contra a sentenza que resolva este último caberá o recurso de casación ou o de infracción procesal nos termos previstos na referida lei.

2. A resolución xudicial que declare o incumprimento dun convenio aprobado en calquera dos procedementos concursais a que se refire esta disposición transitoria e gañe firmeza despois da entrada en vigor desta lei producirá a apertura de oficio do concurso do debedor para os sos efectos de tramita-la fase de liquidación regulada nela. Coñecerá deste concurso o mesmo xulgado que tramitase o precedente procedemento concursal.

3. Na quebra de calquera clase de sociedades non se poderá aprobar ningunha proposición de convenio antes de que concluíse o trámite de recoñecemento de créditos.

4. As proposicións de convenio que se formulen con posterioridade á entrada en vigor desta lei en calquera



dos procedementos concursais a que se refire esta disposición transitoria deberán cumprilos requisitos establecidos nos artigos 99 e 100 da referida lei. Na tramitación e aprobación destas proposicións conforme o procedemento que en cada caso corresponda, será de aplicación o establecido no artigo 103, no punto 3 do artigo 118 e no parágrafo segundo do punto 4 do artigo 121 desta lei, debendo entenderse que o prazo para a presentación de adhesións escritas comprende desde a presentación da proposta de convenio ata o momento de formación da lista de asistentes á xunta en que será sometida a aprobación, salvo que se trate de suspensións de pagamentos ou quebras de sociedades nas que o convenio se deba aprobar sen celebración de xunta, neste caso ese prazo será o sinalado para presentar adhesións no correspondente procedemento.

5. As resolucións que se dicten con posterioridade á entrada en vigor desta lei serán recorribles de acordo coas especialidades previstas no artigo 197.

Disposición transitoria segunda. *Xulgados do mercantil.*

Ata o momento en que entren en funcionamento os xulgados do mercantil, as funcións atribuídas a estes serán asumidas polos actuais xulgados de primeira instancia e instrución competentes conforme a Lei de demarcación e planta xudicial, aplicándose as regras de competencia establecidas no artigo 10 e concordantes desta lei.

Disposición derogatoria única.

1. Derrógase a Lei de suspensión de pagamentos do 26 de xullo de 1922.

2. Quedan tamén derogadas as seguintes leis:

1.<sup>a</sup> A Lei do 12 de novembro de 1869, sobre quebra das compañías de ferrocarrís, concesionarias de canais e demais obras públicas análogas.

2.<sup>a</sup> A Lei do 19 de setembro de 1896, sobre convenios entre as compañías de ferrocarrís e os seus acredores sen chegar ó estado de suspensión de pagamentos.

3.<sup>a</sup> A Lei do 9 de abril de 1904, sobre aprobación de convenios de sociedades ou empresas de canais, ferrocarrís e demais concesionarios de obras públicas.

4.<sup>a</sup> A Lei do 2 de xaneiro de 1915, sobre suspensión de pagamentos das compañías e empresas de ferrocarrís e demais obras de servizo público xeral.

3. Quedan, así mesmo, derogados os seguintes preceptos e disposicións:

1.<sup>o</sup> O libro IV do Código de comercio de 1829.

2.<sup>o</sup> Os artigos 1.912 a 1.920 e as alíneas A) e G) do punto 2.<sup>o</sup> do artigo 1.924 do Código civil.

3.<sup>o</sup> Os artigos 376 e 870 a 941 do Código de comercio de 1885.

4.<sup>o</sup> A alínea L) da base quinta do artigo 1 da Lei do 2 de marzo de 1917, sobre suspensión de pagamentos ou quebra das entidades debedoras do Estado e do Banco de Crédito Industrial para protección e fomento da produción nacional.

5.<sup>o</sup> O capítulo segundo da Lei do 21 de abril de 1949, sobre fomento das ampliacións e mellora dos ferrocarrís de vía estreita e de ordenación dos auxilios ós de explotación deficitaria.

6.<sup>o</sup> O artigo 281 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

7.<sup>o</sup> O artigo 124 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.

8.<sup>o</sup> O punto 7 do artigo 73 e a disposición adicional cuarta da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas.

9.<sup>o</sup> O artigo 54 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

10.<sup>o</sup> O artigo 51 da Lei do 21 de agosto de 1893, de hipoteca naval.

11.<sup>o</sup> O artigo 568 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

12.<sup>o</sup> O punto 10 do artigo 51 do Estatuto dos traballadores.

4. Así mesmo, quedan derogadas cantas normas se opoñan ou sexan incompatibles co disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Reforma do Código civil.*

Engádeselle ó artigo 1.921 do Código civil un parágrafo segundo, coa seguinte redacción:

«En caso de concurso, a clasificación e graduación dos créditos rexerese polo establecido na Lei concursal.»

Disposición derradeira segunda. *Reforma do Código de comercio.*

O Código de comercio queda modificado nos termos seguintes:

1. O punto 2.<sup>o</sup> do artigo 13 queda redactado da forma seguinte:

«2.<sup>o</sup> As persoas que sexan inhabilitadas conforme a Lei concursal mentres non conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.»

2. O artigo 157 queda redactado da seguinte forma:

«Con independencia das causas de disolución previstas na Lei de sociedades anónimas, a sociedade disolverase por falecemento, cesamento, incapacidade ou apertura da fase de liquidación no concurso de tódolos socios colectivos, salvo que no prazo de seis meses e mediante modificación dos estatutos se incorpore algún socio colectivo ou se acorde a transformación da sociedade noutro tipo social.»

3. A causa 3.<sup>a</sup> das previstas no artigo 221 queda redactada da forma seguinte:

«3.<sup>a</sup> A apertura da fase de liquidación da compañía declarada en concurso.»

4. A causa 3.<sup>a</sup> das previstas no artigo 222 queda redactada da forma seguinte:

«3.<sup>a</sup> A apertura da fase de liquidación no concurso de calquera dos socios colectivos.»

5. O artigo 227 queda redactado da forma seguinte:

«Na liquidación e división do haber social observaranse as regras establecidas na escritura de compañía e, no seu defecto, as que se expresan nos artigos seguintes. Non obstante, cando a sociedade se disolva pola causa 3.<sup>a</sup> prevista nos artigos 221 e 222, a liquidación realizarase conforme o establecido no capítulo II do título V da Lei concursal.»

6. O parágrafo segundo do artigo 274 queda redactado da forma seguinte:

«Se o asegurador for declarado en concurso, o comisionista terá a obriga de concertar novo contrato de seguro, salvo que o comitente lle previse outra cosa.»

7. Engádesese un novo parágrafo ó final do artigo 580, como parágrafo segundo, coa seguinte redacción:

«Por excepción, se no caso de concurso non se exercese o dereito de separación do buque conforme o previsto na Lei concursal, a clasificación e graduación de créditos rexeráse polo establecido nela.»

Disposición derradeira terceira. *Reforma da Lei de axuízamento civil.*

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, queda modificada nos termos seguintes:

1. Engádesse un punto 8 ó artigo 7 coa seguinte redacción:

«8. As limitacións á capacidade dos que estean sometidos a concurso e os modos de suplilas rexeráse polo establecido na Lei concursal.»

2. Engádesse un punto 3 ó artigo 17 coa seguinte redacción:

«3. A sucesión procesual derivada do alleamento de bens e dereitos litixiosos en procedementos de concurso rexeráse polo establecido na Lei concursal. Nestes casos, a outra parte poderá opoñer eficazmente ó adquirente cantos dereitos e excepcións lle correspondan fronte ó concursado.»

3. O parágrafo segundo do punto 1.2.º do artigo 98 queda redactado da forma seguinte:

«Exceptúanse da acumulación a que se refire este número os procesos de execución en que só se persigan bens hipotecados ou pignorados, que en ningún caso se incorporarán ó proceso sucesorio, calquera que sexa a data de iniciación da execución.»

4. O punto 1 do artigo 463 queda redactado da forma seguinte:

«1. Interpostos os recursos de apelación e presentados, se é o caso, os escritos de oposición ou impugnación, o tribunal que dictase a resolución apelada ordenará a remisión dos autos ó tribunal competente para resolve-la apelación, con emprazamento das partes por termo de 30 días; pero se se solicitase a execución provisional, quedará no de primeira instancia testemuño do necesario para a dita execución.»

5. O artigo 472 queda redactado da forma seguinte:

«Presentado o escrito de interposición, dentro dos cinco días seguintes remitiranse tódolos autos orixinais á sala citada no artigo 468, con emprazamento das partes ante ela por termo de 30 días, sen prexuízo de que, cando un litigante ou litigantes distintos dos recorrentes por infracción procesual preparasen recurso de casación contra a mesma sentenza, se deban enviar á sala competente para o recurso de casación testemuño da sentenza e dos particulares que o recorrente en casación interese, poñéndose nota expresiva de se ter preparado recurso extraordinario por infracción procesual, para os efectos do que dispón o artigo 488 desta lei.»

6. O punto 1 do artigo 482 queda redactado da forma seguinte:

«1. Presentado o escrito de interposición, dentro dos cinco días seguintes remitiranse tódolos autos orixinais ó tribunal competente para coñecer do recurso de casación, con emprazamento das partes ante el por termo de 30 días.»

7. O artigo 568 queda redactado da forma seguinte:

«O tribunal suspenderá a execución, no estado en que se encontre, en canto lle sexa notificado

que o executado se encontra en situación de concurso. O inicio da execución e a continuación do procedemento xa iniciado que se dirixa exclusivamente contra bens hipotecados e pignorados estarán suxeitos a canto establece a Lei concursal.»

Disposición derradeira cuarta. *Reforma da Lei de asistencia xurídica gratuíta.*

Modifícase a alínea d) do artigo 2 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, ó que se lle dá a seguinte redacción:

«d) Na orde xurisdiccional social, ademais, os traballadores e beneficiarios do sistema de Seguridade Social, tanto para a defensa en xuízo como para o exercicio de accións para a efectividade dos dereitos laborais nos procedementos concursais.»

Disposición derradeira quinta. *Dereito procesual suplementario.*

No non previsto nesta lei será de aplicación o disposto na Lei de axuízamento civil, e especificamente no que se refire ó cómputo de tódolos prazos determinados nela.

No ámbito dos procesos concursais, resultarán de aplicación os principios da Lei de axuízamento civil en canto á ordenación formal e material do proceso.

Disposición derradeira sexta. *Funcións dos secretarios xudiciais.*

A intervención dos secretarios xudiciais na ordenación formal e material e no dictado de resolucións nos procesos concursais, así como a interpretación que en cada caso se deba facer cando se suscite controversia nesta materia, axustarase ó disposto na Lei orgánica do poder xudicial e na Lei de axuízamento civil.

Disposición derradeira sétima. *Reforma da Lei hipotecaria.*

O parágrafo sétimo do artigo 127 da Lei hipotecaria, do 8 de febreiro de 1946, queda redactado da forma seguinte:

«Será xuíz ou tribunal competente para coñecer do procedemento o que o for respecto do debedor. Non se suspenderá en ningún caso o procedemento executivo polas reclamacións dun terceiro, se non estivesen fundadas nun título anteriormente inscrito, nin pola morte do debedor ou do terceiro posuidor. En caso de concurso rexerá o establecido na Lei concursal.»

Disposición derradeira oitava. *Reforma da Lei de hipoteca mobiliaria e peñor sen desprazamento.*

A Lei de hipoteca mobiliaria e peñor sen desprazamento de posesión, do 16 de decembro de 1954, queda modificada nos termos seguintes:

1. O parágrafo segundo do artigo 10 queda redactado da forma seguinte:

«En caso de concurso, a preferencia e prelación do acredor hipotecario ou pignoraticio rexeráse polo establecido na Lei concursal.»

2. O artigo 66 queda redactado da forma seguinte:

«Malia o establecido no parágrafo primeiro do artigo 10, serán satisfeitos con prelación ó crédito pignoraticio:

1.º Os créditos debidamente xustificados por sementes, gastos de cultivo e recolección das colleitas ou froitos.

2.º Os de alugueres ou rendas dos últimos doce meses do predio en que se producisen, almacenasen ou depositasen os bens pignorados.

En caso de concurso, aplicarase o disposto na Lei concursal.»

Disposición derradeira novena. *Reforma da Lei de hipoteca naval.*

A Lei do 21 de agosto de 1893, de hipoteca naval, queda modificada nos termos seguintes:

1. Engádeselle un novo parágrafo ó final do artigo 31, como parágrafo segundo, coa seguinte redacción:

«Por excepción, se en caso de concurso non se exercese o dereito de separación do buque conforme o previsto na Lei concursal, a clasificación e a graduación de créditos rexerese polo establecido nela.»

2. Engádeselle un novo parágrafo ó final do artigo 32, como parágrafo segundo, coa seguinte redacción:

«Por excepción, se en caso de concurso non se exercese o dereito de separación do buque conforme o previsto na Lei concursal, a clasificación e a graduación de créditos rexerese polo establecido nela.»

Disposición derradeira décima. *Reforma da Lei xeral orzamentaria.*

O artigo 39 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, queda redactado da forma seguinte:

«1. Salvo en caso de concurso, non se poderá transixir xudicialmente nin extraxudicialmente sobre os dereitos da Facenda Pública nin someter a arbitraje as contendas que se susciten respecto deles, senón mediante real decreto acordado en Consello de Ministros logo de audiencia do de Estado en Pleno.

2. A subscrición e a celebración pola Facenda Pública de convenios no seo de procedementos concursais requirirán unicamente autorización do Ministerio de Facenda, podéndose delegar esta competencia nos órganos da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Non obstante, será suficiente a autorización do órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria para a subscrición e a celebración dos referidos convenios cando afecten créditos a xestión recadatoria dos cales lle corresponda a aquela de conformidade coa lei ou en virtude de convenio, con observancia neste último caso do convindo. No caso do Fondo de Garantía Salarial, a subscrición e a celebración de convenios no seo de procedementos concursais requirirá a autorización do órgano competente de acordo coa normativa reguladora do organismo autónomo.

3. O disposto no punto anterior será aplicable para a subscrición dos convenios previstos na Lei concursal ou, se é o caso, para a adhesión a eles, así como para acordar, de conformidade co debedor e coas garantías que se estimen oportunas, unhas condicións singulares de pagamento que non sexan máis favorables para o debedor que as establecidas en convenio para os demais créditos. Igualmente, poderase acordar a compensación dos créditos a que se refire ese punto nos termos previstos na lexislación tributaria.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Reforma da Lei xeral tributaria.*

A Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, queda modificada nos termos seguintes:

1. O artigo 71 queda redactado da forma seguinte:

«1. A Facenda Pública gozará de prelación para o cobro dos créditos tributarios vencidos e non satisfeitos en canto concorra con acredores que non o sexan de dominio, peñor, hipoteca ou calquera outro dereito real debidamente inscrito no correspondente rexistro con anterioridade á data en que se faga constar nel o dereito da Facenda Pública, sen prexuízo do disposto nos artigos 73 e 74 desta lei.

2. En caso de concurso, os créditos tributarios quedarán sometidos ó establecido na Lei concursal.»

2. Engádeselle un punto 3 ó artigo 72 coa seguinte redacción:

«3. O disposto nos dous puntos anteriores non será de aplicación ós adquirentes de establecementos, explotacións e calquera outra unidade productiva de bens ou de servizos pertencentes a un debedor concursado cando a adquisición teña lugar en execución dun convenio entre o debedor e os seus acredores aprobado polo xuíz ou como consecuencia da liquidación da masa activa.»

3. Os puntos 3 e 4 do artigo 129 quedan redactados da forma seguinte:

«3. Sen prexuízo do respecto á orde de prelación para o cobramento dos créditos establecido pola lei, cando o procedemento de constrinximento concorra con outros procesos ou procedementos xudiciais ou administrativos de execución, será preferente aquel no que primeiro se efectuase o embargo.

4. No caso de concurso de acredores, aplicarase o disposto na Lei concursal e, se é o caso, no artigo 39 da Lei xeral orzamentaria, sen que isto impida que se dicte a correspondente providencia e se devengue a recarga de constrinximento, se se deran as condicións legais para isto con anterioridade á data de declaración do concurso.»

Disposición derradeira décimo segunda. *Reforma da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.*

O texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, queda modificado nos termos seguintes:

1. Engádeselle un novo número na letra B) do punto 1 do artigo 45, como número 19, coa seguinte redacción:

«19. As ampliacións de capital realizadas por persoas xurídicas declaradas en concurso para atender unha conversión de créditos en capital establecida nun convenio aprobado xudicialmente conforme a Lei concursal.»

2. Engádeselle un punto 5 ó artigo 46 coa seguinte redacción:

«5. Considerarase que o valor fixado nas resolucións do xuíz do concurso para os bens e dereitos transmitidos corresponde ó seu valor real, non procedendo en consecuencia comprobación de valo-



res, nas transmisións de bens e dereitos que se produzan nun procedemento concursal, incluíndo as cesións de créditos previstas no convenio aprobado xudicialmente e os alleamentos de activos levadas a cabo na fase de liquidación.»

Disposición derradeira décimo terceira. *Reforma da Lei de contratos das administracións públicas.*

O texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, queda modificado nos termos seguintes:

1. A alínea «b» do artigo 20 queda redactado da forma seguinte:

«b) Ter solicitado a declaración de concurso, teren sido declaradas insolventes en calquera procedemento, encontrárense declaradas en concurso, estaren suxeitas a intervención xudicial ou teren sido inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.»

2. A alínea «b» do artigo 111 queda redactado da forma seguinte:

«b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.»

3. Os puntos 2 e 7 do artigo 112 quedan redactados, respectivamente, da forma seguinte:

«2. A declaración de insolvencia en calquera procedemento e, en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación orixinarán sempre a resolución do contrato.

Nos restantes casos de resolución de contrato o dereito para exercela será potestativo para aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dea lugar a esta, sen prexuízo do establecido no punto 7 e de que nos supostos de modificacións en máis do 20 por cento previstos nos artigos 149, alínea e); 192, alínea c), e 214, alínea c), a Administración tamén poida insta-la resolución.»

«7. En caso de declaración de concurso e mentres non se producise a apertura da fase de liquidación, a Administración potestativamente continuará o contrato se o contratista prestase as garantías suficientes a xuízo daquela para a súa execución.»

Disposición derradeira décimo cuarta. *Reforma do Estatuto dos traballadores.*

O texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, queda modificado nos termos seguintes:

1. O artigo 32 queda redactado da forma seguinte:

«1. Os créditos salariais polos últimos trinta días de traballo e en contía que non supere o dobre do salario mínimo interprofesional gozarán de preferencia sobre calquera outro crédito, aínda que este se encontre garantido por peñor ou hipoteca.

2. Os créditos salariais gozarán de preferencia sobre calquera outro crédito respecto dos obxectos elaborados polos traballadores mentres sexan propiedade ou estean en posesión do empresario.

3. Os créditos por salarios non protexidos nos puntos anteriores terán a condición de singularmente privilexiados na contía que resulte de multiplicalo triple do salario mínimo interprofesional polo número de días do salario pendentes de paga-

mento, gozando de preferencia sobre calquera outro crédito, excepto os créditos con dereito real, nos supostos nos que estes, de acordo coa lei, sexan preferentes. A mesma consideración terán as indemnizacións por despedimento na contía correspondente ó mínimo legal calculada sobre unha base que non supere o triple do salario mínimo.

4. O prazo para exercer os dereitos de preferencia do crédito salarial é dun ano, contado desde o momento en que se debeu percibirlo salario, transcorrido o cal prescribirán tales dereitos.

5. As preferencias recoñecidas nos puntos precedentes serán de aplicación en tódolos supostos nos que, non encontrándose o empresario declarado en concurso, os correspondentes créditos concorran con outro ou outros sobre bens daquel. No caso de concurso, serán de aplicación as disposicións da Lei concursal relativas á clasificación dos créditos e ás execucións e constrinximentos.»

2. Engádeselle ó capítulo III do título I unha nova sección que, como sección 5.<sup>a</sup> e baixo o título «Procedemento concursal», estará integrada polo seguinte artigo:

«Artigo 57 bis. *Procedemento concursal.*

No caso de concurso, ós supostos de modificación, suspensión e extinción colectivas dos contratos de traballo e de sucesión de empresa, aplícaranse as especialidades previstas na Lei concursal.»

Disposición derradeira décimo quinta. *Reforma da Lei de procedemento laboral.*

O texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, queda modificado nos termos seguintes:

1. A alínea «a» do artigo 2 queda redactado da forma seguinte:

«a) Entre empresarios e traballadores como consecuencia do contrato de traballo, agás o disposto na Lei concursal.»

2. Engádeselle a alínea d) ó punto 1 do artigo 3 coa seguinte redacción:

«d) Das pretensións o coñecemento e decisión das cales estea reservado pola Lei concursal á xurisdicción exclusiva e excluínte do xuíz do concurso.»

3. O punto 1 do artigo 4 queda redactado da forma seguinte:

«1. A competencia dos órganos xurisdiccionais da orde social estenderase ó coñecemento e decisión das cuestións previas e prexudiciais non pertencentes á dita orde, que estean directamente relacionadas coas atribuídas a esta, salvo o previsto no punto 3 deste artigo e na Lei concursal.»

4. O artigo 6 queda redactado da forma seguinte:

«Os xulgados do social coñecerán en única instancia de tódolos procesos atribuídos á orde xurisdiccional social, salvo o disposto nos artigos 7 e 8 desta lei e na Lei concursal.»

5. O punto 1 do artigo 188 queda redactado da forma seguinte:

«As salas do social dos tribunais superiores de xustiza coñecerán dos recursos de suplicación que

se interpoñan contra as resolucións dictadas polos xulgados do social da súa circunscrición, así como contra os autos e as sentencias que poidan dictalos xuíces do mercantil que se encontren na súa circunscrición e que afecten o dereito laboral.»

6. Engádesse un parágrafo 5 ó artigo 189 coa seguinte redacción:

«Os autos e sentencias que dicten os xulgados do mercantil no proceso concursal e que resolvan cuestións de carácter laboral.»

7. Engádesse un punto 5 ó artigo 235 coa seguinte redacción:

«5. En caso de concurso, aplicarase o establecido na Lei concursal.»

8. O punto 3 do artigo 246 queda redactado da forma seguinte:

«3. En caso de concurso, as accións de execución que poidan exercer os traballadores para o cobramento dos salarios que lles poidan ser debidos quedan sometidas ó establecido na Lei concursal.»

9. Engádesse un punto 5 ó artigo 274 coa seguinte redacción:

«5. A declaración de insolvencia do executado publicarase no "Boletín Oficial del Registro Mercantil".»

10. Engádesse unha nova disposición adicional oitava coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava.

As disposicións desta lei non resultarán de aplicación nas cuestións litixiosas sociais que se promovan en caso de concurso e que lle corresponda resolver ó xuíz do concurso conforme a Lei concursal, coas excepcións expresas que se conteñen na dita lei.»

Disposición derradeira décimo sexta. *Reforma da Lei xeral da Seguridade Social.*

O texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, queda modificado nos termos seguintes:

1. O artigo 22 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 22. *Prelación de créditos.*

Os créditos por cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta e, se é o caso, as recargas ou xuros que sobre aqueles procedan gozarán, respecto da súa totalidade, de igual orde de preferencia que os créditos a que se refire punto 1.º do artigo 1.924 do Código civil. Os demais créditos da Seguridade Social gozarán da mesma orde de preferencia establecida no punto 2.º, alínea E), do referido precepto.

En caso de concurso, os créditos por cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta e, se é o caso, as recargas e xuros que sobre aqueles procedan, así como os demais créditos de Seguridade Social, quedarán sometidos ó establecido na Lei concursal.

Sen prexuízo da orde de prelación para o cobramento dos créditos establecido pola lei, cando o

procedemento de constrinximento administrativo concorra con outros procedementos de execución singular, de natureza administrativa ou xudicial, será preferente aquel no que primeiro se efectuase o embargo.»

2. O artigo 24 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 24. *Transaccións sobre dereitos da Seguridade Social.*

Non se poderá transixir xudicial nin extraxudicialmente sobre os dereitos da Seguridade Social nin someter a arbitraje as contendas que se susciten respecto deles, senón mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, logo de audiencia do Consello de Estado.

Malia o disposto no parágrafo anterior, se o debedor da Seguridade Social incorrese en concurso de acredores, a Tesourería Xeral da Seguridade Social poderá subscribir ou adherirse ós convenios ou acordos previstos na Lei concursal, sometendo o seu crédito a condicións que non poderán ser máis favorables para o debedor que as convidadas ao resto dos acredores.»

3. A alínea a) do punto 1.1 do artigo 208 queda redactada da forma seguinte:

«a) En virtude de expediente de regulación de emprego ou de resolución xudicial adoptada no seo dun procedemento concursal.»

4. O número 2 do punto 1 do artigo 208 queda redactado da forma seguinte:

«2. Cando se suspenda a súa relación laboral en virtude de expediente de regulación de emprego ou de resolución xudicial adoptada no seo dun procedemento concursal.»

Disposición derradeira décimo sétima. *Reforma da Lei cambiaria e do cheque.*

O artigo 50 da Lei 19/1985, do 16 de xullo, cambiaria e do cheque, queda redactado da forma seguinte:

«O tedor poderá exercer a súa acción de regreso contra os endosantes, o librador e as demais persoas obrigadas, unha vez vencida a letra, cando o pagamento non se efectuase.

A mesma acción poderase exercer antes do vencemento nos seguintes casos:

a) Cando se denegase total ou parcialmente a aceptación.

b) Cando o librado, sexa ou non aceptante, se encontre declarado en concurso ou resultase infrutuoso o embargo dos seus bens.

c) Cando o librador dunha letra, da que a presentación á aceptación fose prohibida, se encontrase declarado en concurso.

Nos supostos das alíneas b) e c) os demandados poderán obter do xuíz un prazo para o pagamento que en ningún caso excederá do día do vencemento da letra.»

Disposición derradeira décimo oitava. *Reforma da Lei do mercado de valores.*

A Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda modificada nos termos seguintes:

1. Os puntos 8 e 9 do artigo 44 bis quedan redactados da forma seguinte:

«8. Declarado o concurso dunha entidade participante nos sistemas xestionados pola sociedade de sistemas, esta última gozará de dereito absoluto de separación respecto dos bens ou dereitos nos que se materialicen as garantías constituídas polas ditas entidades participantes nos sistemas xestionados por aquela. Sen prexuízo do anterior, o sobrante que quede despois da liquidación das operacións garantidas incorporárase á masa activa do concurso do participante.»

9. Declarado o concurso dunha entidade participante nos sistemas a que se refire este artigo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, sen prexuízo das competencias do Banco de España, poderá dispoñer, de forma inmediata e sen custo para o investidor, o traslado dos seus rexistros contables de valores a outra entidade habilitada para desenvolver esta actividade. De igual forma, os titulares de tales valores poderán solicita-lo traslado destes a outra entidade. Se ningunha entidade estivese en condicións de facerse cargo dos rexistros sinalados, esta actividade será asumida pola sociedade de sistemas de modo provisional, ata que os titulares soliciten o traslado do rexistro dos seus valores. Para estes efectos, tanto o xuízo do concurso como a administración concursal facilitarán o acceso da entidade á que vaian a traspasarlle os valores á documentación e ós rexistros contables e informáticos necesarios para facer efectivo o traspaso. A existencia do procedemento concursal non impedirá que se faga chegar ós titulares dos valores o efectivo procedente do exercicio dos seus dereitos económicos ou da súa venda.»

2. Introdúcese un novo punto 6 no artigo 58 coa seguinte redacción:

«6. Declarado o concurso dunha entidade xestora do mercado de débeda pública en anotacións, o Banco de España poderá dispoñer, de forma inmediata e sen custo para o investidor, o traspaso dos valores anotados á conta de terceiros doutras entidades xestoras. De igual forma, os titulares dos valores poderán solicita-lo traslado destes a outra entidade xestora. Para estes efectos, tanto o xuízo do concurso como a administración concursal facilitarán o acceso da entidade xestora destinataria á documentación e rexistros contables e informáticos necesarios para facer efectivo o traspaso, asegurándose deste modo o exercicio dos dereitos dos titulares dos valores. A existencia do procedemento concursal non impedirá que se faga chegar ós titulares dos valores o efectivo procedente do exercicio dos dereitos económicos ou da súa venda.»

3. A alínea g) do punto 2 do artigo 67 queda redactado da forma seguinte:

«g) Que ningún dos membros do seu Consello de Administración, así como ningún dos seus directores xerais ou asimilados, se encontre inhabilitado, en España ou no estranxeiro, como consecuencia dun procedemento concursal; se encontre procedado ou tratándose do procedemento a que se refire o título III do libro IV da Lei de axuízamento criminal, se dictase auto de apertura do xuízo oral; teña antecedentes penais por delitos de falsidade, contra a Facenda Pública, de infidelidade na custodia de documentos, de violación de segredos, de branqueo de capitais, de malversación de fondos públicos, de descubrimento e revelación de segredos ou contra a propiedade; ou estea inhabilitado ou suspendido, penal ou administrativamente, para exercer cargos públicos ou de administración ou dirección de entidades financeiras.»

4. A alínea h) do artigo 73 queda redactado da forma seguinte:

«h) Se a empresa de servizos de investimento ou a persoa ou entidade é declarada xudicialmente en concurso.»

5. O artigo 76 bis queda redactado da forma seguinte:

«A Comisión Nacional do Mercado de Valores estará lexitimada para solicita-la declaración de concurso das empresas de servizos de investimento, sempre que dos estados contables remitidos polas entidades, ou das comprobacións realizadas polos servizos da propia comisión, resulte que se encontran en estado de insolvencia conforme o establecido na Lei concursal.»

Disposición derradeira décimo novena. *Reforma da Lei do mercado hipotecario e da Lei de medidas de reforma do sistema financeiro.*

1. Engádense dous novos parágrafos ó artigo 14 da Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario, como punto segundo, coa seguinte redacción:

«En caso de concurso, os tedores de cédulas e bonos hipotecarios gozarán do privilexio especial establecido no número 1.º do punto 1 do artigo 90 da Lei concursal.»

Sen prexuízo do anterior, atenderanse durante o concurso, de acordo co previsto no número 7.º do punto 2 do artigo 84 da Lei concursal, e como créditos contra a masa, os pagamentos que correspondan por amortización de capital e xuros das cédulas e bonos hipotecarios emitidos e pendentes de amortización na data de solicitude do concurso ata o importe dos ingresos percibidos polo concursado dos préstamos hipotecarios que apoiem as cédulas e bonos hipotecarios.»

2. Engádense un punto sétimo ó artigo 13 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, coa seguinte redacción:

«Sétimo. En caso de concurso, os tedores de cédulas territoriais gozarán do privilexio especial establecido no número 1.º do punto 1 do artigo 90 da Lei concursal.»

Sen prexuízo do anterior, atenderanse durante o concurso, de acordo co previsto no número 7.º do punto 2 do artigo 84 da Lei concursal, e como créditos contra a masa, os pagamentos que correspondan por amortización de capital e xuros das cédulas territoriais emitidas e pendentes de amortización na data de solicitude do concurso ata o importe dos ingresos percibidos polo concursado dos préstamos que apoiem as cédulas.»

Disposición derradeira vixésima. *Reforma da Lei de sociedades anónimas.*

O texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, queda modificado nos termos seguintes:

1. O artigo 124 quedará redactado da forma seguinte:

«Artigo 124. *Prohibicións.*

1. Non poden ser administradores os menores de idade non emancipados, os xudicialmente incapacitados, as persoas inhabilitadas conforme a Lei concursal mentres non conclúese o período de inha-



bilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso e os condenados por delitos contra a liberdade, contra o patrimonio ou contra a orde socioeconómica, contra a seguridade colectiva, contra a Administración de xustiza ou por calquera clase de falsidade, así como aqueles que por razón do seu cargo non poidan exercer-lo comercio.

2. Tampouco poderán ser administradores os funcionarios ó servicio da Administración pública con funcións ó seu cargo que se relacionen coas actividades propias das sociedades de que se trate, os xuíces ou maxistrados e as demais persoas afectadas por unha incompatibilidade legal.»

2. O punto 2 do artigo 260 queda redactado da forma seguinte:

«2. A declaración de concurso non constituirá, por si soa, causa de disolución, pero se no procedemento se producise a apertura da fase de liquidación a sociedade quedará automaticamente disolta. Neste último caso, o xuíz do concurso fará constar-la disolución na resolución de apertura e, sen nomeamento de liquidadores, realizarase a liquidación da sociedade conforme o establecido no capítulo II do título V da Lei concursal.»

3. O número 4.º do punto 1 do artigo 260 terá a seguinte redacción:

«4.º Por consecuencia de perdas que deixen reducido o patrimonio a unha cantidade inferior á metade do capital social, a non ser que este se aumente ou se reduza na medida suficiente, e sempre que non sexa procedente solicita-la declaración de concurso conforme o disposto na Lei concursal.»

4. O punto 2 do artigo 262 pasa a te-la seguinte redacción:

«2. Os administradores deberán convocar xunta xeral no prazo de dous meses para que adopte o acordo de disolución.

Así mesmo, poderán solicita-la declaración de concurso por consecuencia de perdas que deixen reducido o patrimonio a unha cantidade inferior á metade do capital social, a non ser que este se aumente ou se reduza na medida suficiente, sempre que a referida redución determine a insolvencia da sociedade, nos termos a que se refire o artigo 2 da Lei concursal.

Calquera accionista poderá requirir-los administradores para que se convoque a xunta se, ó seu xuízo, existe causa lexítima para a disolución, ou para o concurso.»

5. O punto 4 do artigo 262 terá a seguinte redacción:

«4. Os administradores están obrigados a solicita-la disolución xudicial da sociedade cando o acordo social fose contrario á disolución ou non puidese ser logrado. A solicitude deberá formularse no prazo de dous meses contados desde a data prevista para a celebración da xunta, cando esta non se constituíse, ou desde o día da xunta, cando o acordo fose contrario á disolución ou non se adoptase.»

6. O punto 5 do artigo 262 terá a seguinte redacción:

«5. Responderán solidariamente das obrigas sociais os administradores que incumpran a obriga de convocar no prazo de dous meses a xunta xeral para que adopte, se é o caso, o acordo de diso-

lución, así como os administradores que non soliciten a disolución xudicial ou, se procedese, o concurso da sociedade, no prazo de dous meses contado desde a data prevista para a celebración da xunta, cando esta non se constituíse, ou desde o día da xunta, cando o acordo fose contrario á disolución ou ó concurso.»

Disposición derradeira vixésimo primeira. *Reforma da Lei de sociedades de responsabilidade limitada.*

A Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, queda modificada nos termos seguintes:

1. O punto 3 do artigo 58 queda redactado da forma seguinte:

«3. Non poden ser administradores os menores de idade non emancipados, os xudicialmente incapacitados, as persoas inhabilitadas conforme a Lei concursal mentres non concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso e os condenados por delitos contra a liberdade, contra o patrimonio ou contra a orde socioeconómica, contra a seguridade colectiva, contra a Administración de xustiza ou por calquera clase de falsidade, así como aqueles que por razón do seu cargo non poidan exercer-lo comercio. Tampouco poderán ser administradores os funcionarios ó servicio da Administración pública con funcións ó seu cargo que se relacionen coas actividades propias das sociedades de que se trate, os xuíces ou maxistrados e as demais persoas afectadas por unha incompatibilidade legal.»

2. A alínea e) do punto 1 do artigo 104 quedará redactado como segue:

«e) Por consecuencia de perdas que deixen reducido o patrimonio contable a menos da metade do capital social, a non ser que este se aumente ou se reduza na medida suficiente, e sempre que non sexa procedente solicita-la declaración de concurso conforme o disposto na Lei concursal.»

3. O punto 2 do artigo 104 queda redactado da forma seguinte:

«2. A declaración de concurso non constituirá, por si soa, causa de disolución, pero se no procedemento se producise a apertura da fase de liquidación a sociedade quedará automaticamente disolta. Neste último caso, o xuíz do concurso fará constar-la disolución na resolución de apertura e, sen nomeamento de liquidadores, realizarase a liquidación da sociedade conforme o establecido no capítulo II do título V da Lei concursal.»

4. Os puntos 1 e 5 do artigo 105 da Lei de sociedades de responsabilidade limitada quedan redactados da forma seguinte:

«1. Nos casos previstos nas alíneas c) a g) do punto 1 do artigo anterior, a disolución, ou a solicitude de concurso, requirirá acordo da xunta xeral adoptado pola maioría a que se refire o punto 1 do artigo 53. Os administradores deberán convocar-la xunta xeral no prazo de dous meses para que adopte o acordo de disolución ou inste o concurso. Calquera socio poderá solicitar dos administradores a convocatoria se, ó seu xuízo, concorre algunha das ditas causas de disolución, ou concorre a insolvencia da sociedade, nos termos a que se refire o artigo 2 da Lei concursal.»

«5. O incumprimento da obriga de convocar xunta xeral ou de solicita-la disolución xudicial ou, se procedese, o concurso de acredores da sociedade determinará a responsabilidade solidaria dos administradores por tódalas débedas sociais.»

5. O punto 2 do artigo 128 queda redactado da forma seguinte:

«2. En caso de concurso do socio único ou da sociedade, non serán opositivos á masa aqueles contratos comprendidos no punto anterior que non fosen transcritos ó libro-rexistro e non se encontren referenciados na memoria anual ou o fosen en memoria non depositada de acordo coa lei.»

Disposición derradeira vixésimo segunda. *Reforma da Lei de cooperativas.*

A alínea d) do artigo 41 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, queda redactado da forma seguinte:

«d) As persoas que sexan inhabilitadas conforme a Lei concursal mentres non concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, os que se encontren impedidos para o exercicio de emprego ou cargo público e aqueles que por razón do seu cargo non poidan exercer actividades económicas lucrativas.»

Disposición derradeira vixésimo terceira. *Reforma da Lei de sociedades de garantía recíproca.*

A Lei 1/1994, do 11 de marzo, de réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca, queda modificada nos termos seguintes:

1. O parágrafo segundo do número 2 do artigo 43 queda redactado da forma seguinte:

«Concorre honorabilidade comercial e profesional nos que viñesen observando unha traxectoria persoal de respecto ás leis mercantís ou outras que regulan a actividade económica e a vida dos negocios, así como ás boas prácticas comerciais, financeiras e bancarias. En todo caso, entenderase que carecen de tal honorabilidade os que teñan antecedentes penais por delitos de branqueo de capitais relacionados cos delitos contra a saúde pública, de falsidade, contra a Facenda pública, de infidelidade da custodia de documentos, de violación de segredos, de malversación de fondos públicos, de descubrimento e revelación de segredos ou contra a propiedade, os inhabilitados para exercer cargos públicos ou de administración ou dirección en entidades financeiras e os inhabilitados conforme a Lei concursal mentres non concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.»

2. A alínea g) do artigo 59 queda redactado da forma seguinte:

«g) Pola apertura da fase de liquidación, cando a sociedade se encontrase declarada en concurso.»

3. Engádesse un punto 3 ó artigo 59 coa seguinte redacción:

«3. No suposto previsto na alínea g) do punto primeiro, a sociedade quedará automaticamente disolta ó se producir no concurso a apertura da fase de liquidación. O xuíz do concurso fará constar a disolución na resolución de apertura e, sen nomeamento de liquidadores, realizarase a liquidación da sociedade conforme o establecido no capítulo II do título V da Lei concursal.»

Disposición derradeira vixésimo cuarta. *Reforma da Lei de entidades de capital risco.*

A Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital risco e das súas sociedades xestoras, queda modificada nos termos seguintes:

1. A alínea c) do punto 2 do artigo 8 queda redactado da forma seguinte:

«c) Que ningún dos membros do seu consello de administración, así como ningún dos seus directores xerais ou asimilados, se encontre inhabilitado, en España ou no estranxeiro, como consecuencia dun procedemento concursal, se encontre procedado, ou, tratándose do procedemento a que se refire o título III do libro IV da Lei de axuízamento criminal, se dictase auto de apertura do xuízo oral, ou teña antecedentes penais, por delitos de falsidade, contra a Facenda Pública e contra a Seguridade Social, de infidelidade na custodia de documentos e violación de segredos, de branqueo de capitais, de receptación e outras conductas afíns, de malversación de fondos públicos, contra a propiedade, ou estea inhabilitado ou suspendido, penal ou administrativamente, para exercer cargos públicos ou de administración ou dirección de entidades financeiras.»

2. A alínea b) do artigo 13 quedará redactado da forma seguinte:

«b) Por ter sido declarada en concurso.»

3. O punto 2 do artigo 33 queda redactado da forma seguinte:

«2. En caso de declaración de concurso da sociedade xestora, a administración concursal deberá solicita-lo cambio conforme o procedemento descrito no punto anterior. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá acordar a dita substitución cando non sexa solicitada pola administración concursal, dando inmediata comunicación dela ó xuíz do concurso.»

Disposición derradeira vixésimo quinta. *Reforma da Lei de agrupacións de interese económico.*

A Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico, queda modificada nos termos seguintes:

1. O número 3.º do punto 1 do artigo 18 queda redactado da forma seguinte:

«3.º Pola apertura da fase de liquidación, cando a agrupación se encontrase declarada en concurso.»

2. Engádesse un novo punto ó artigo 18 como punto 2, coa seguinte redacción:

«2. No suposto previsto no número 3.º do punto anterior, a agrupación quedará automaticamente disolta ó se producir no concurso a apertura da fase de liquidación. O xuíz do concurso fará constar a disolución na resolución de apertura e, sen nomeamento de liquidadores, realizarase a liquidación da agrupación conforme o establecido no capítulo II do título V da Lei concursal.»

3. O punto 2 do artigo 18 pasará a ser punto 3 coa seguinte redacción:

«3. Nos supostos recollidos nos números 4.º e 5.º do punto 1, a disolución precisará acordo maio-

ritario da asemblea. Se este acordo non se adoptase dentro dos tres meses seguintes á data en que se producise a causa de disolución calquera socio poderá pedir que esta se declare xudicialmente.»

4. Os puntos 3 e 4 do artigo 18 pasan a ser puntos 4 e 5, respectivamente, conservando a súa actual redacción.

Disposición derradeira vixésimo sexta. *Reforma do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros.*

O punto 2 do artigo 13 bis do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adaptalo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, queda redactado da forma seguinte:

«2. Correspóndenlle a condición e funcións propias da administración concursal nos procedementos de concurso a que se encontre sometida calquera entidade aseguradora, e isto sen que sexa necesaria a aceptación do cargo nos termos previstos na lexislación concursal. A súa actuación nestes procedementos non será retribuída.

O Consorcio deberá comunicarlle ó xulgado a identidade das persoas físicas que teñan que representalo no exercicio do seu cargo, ás que resultarán de aplicación as normas contidas no artigo 27 da Lei concursal, con excepción das prohibicións por razón de cargo ou función pública.»

Disposición derradeira vixésimo sétima. *Reforma da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.*

A Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, queda modificada nos termos seguintes:

1. A alínea a) do punto 3 do artigo 15 queda redactado da forma seguinte:

«a) Os que teñan antecedentes penais por delitos de falsidade, violación de segredos, descubrimento e revelación de segredos, contra a Facenda pública e contra a Seguridade Social, malversación de fondos públicos e calquera outro delito contra a propiedade; os inhabilitados para exercer cargos públicos ou de administración ou dirección en entidades financeiras, aseguradoras ou de corredoría de seguros; os inhabilitados conforme a Lei concursal, mentres non concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso; e, en xeral, os incurso en incapacidade ou prohibición conforme a lexislación vixente.»

2. Dáselle nova redacción ó punto primeiro do artigo 28, que pasa a te-lo seguinte contido:

«1. Nos supostos de declaración xudicial de concurso de entidades aseguradoras, o Consorcio de Compensación de Seguros, ademais de asumir as funcións que lle atribúe o número 2 do artigo 13 bis do seu estatuto legal, contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adaptalo dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre a liberdade de servizos en seguros distintos ó de vida e de actualización da lexislación de seguros privados, procederá, se é o caso, a liquidalo importe dos bens a que se refire o artigo 59 desta lei, para o só efecto de distribuílo entre os asegurados, beneficiarios e terceiros prexudicados; isto

sen prexuízo do dereito destes no procedemento concursal.»

3. Dáselle nova redacción ó punto terceiro do artigo 35, que pasa a te-lo seguinte contido:

«En caso de insolvencia da entidade aseguradora, o Consorcio de Compensación de Seguros non estará obrigado a solicita-la declaración xudicial de concurso. Así mesmo, teranse por vencidas no momento da data de publicación no "Boletín Oficial del Estado" da resolución administrativa pola que se lle encomende a liquidación das débedas pendentes da aseguradora, sen prexuízo do desconto correspondente se o pagamento delas se verificase antes do tempo prefixado na obriga, e deixarán de devengar xuros tódalas débedas das aseguradoras, salvo os créditos hipotecarios e pignoratícios, ata onde alcance a respectiva garantía.»

4. Dáselle nova redacción ó parágrafo primeiro do punto primeiro do artigo 37, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Encomendada a liquidación ó Consorcio de Compensación de Seguros, tódolos acredores estarán suxeitos ó procedemento de liquidación polo mesmo e non poderán solicitar os acredores nin a entidade aseguradora a declaración de concurso, sen prexuízo de que as accións de toda índole exercidas ante os tribunais contra a dita aseguradora, anteriores á disolución ou durante o período de liquidación, continúen a súa tramitación ata a obtención de sentenza ou resolución firme. Pero a execución da sentenza, dos embargos preventivos, administracións xudicialmente acordadas e demais medidas cautelares adoptadas pola autoridade xudicial, a do auto despachando a execución no procedemento executivo, os procedementos xudiciais sumarios e executivos extraxudiciais sobre bens hipotecados ou pignorados, así como a execución das providencias administrativas de constrinximento, quedarán en suspenso desde a encomenda da liquidación ó consorcio e durante a tramitación por este do procedemento liquidatorio.»

5. O parágrafo segundo do punto 1 do artigo 37 queda redactado da forma seguinte:

«Se o plan de liquidación formulado polo consorcio non for aprobado en xunta de acredores ou ratificado pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, o Consorcio de Compensación de Seguros quedará plenamente lexitimado para solicita-la declaración de concurso da entidade afectada, debendo facelo inmediatamente.»

6. Dáselle nova redacción ó punto décimo do artigo 37, que pasa a te-lo seguinte contido:

«Se o plan de liquidación non fose aprobado en xunta de acredores, o consorcio deberá solicita-la declaración xudicial de concurso. A mesma solicitude poderase formular en calquera momento do período de liquidación anterior á xunta de acredores cando estimase que, dadas as circunstancias concorrentes na entidade aseguradora a liquidación da cal ten encomendada, sufrirán grave prexuízo os créditos dos acredores se non tiver lugar a dita declaración xudicial de concurso.»

7. Dáselle nova redacción ó último parágrafo do punto décimo primeiro do artigo 37, que pasa a te-lo seguinte contido:

«En todo o demais, a impugnación do plan de liquidación axustarase ó disposto na Lei concursal para a oposición á aprobación do convenio.»



8. Dáselle nova redacción ó artigo 38, que pasa a te-lo seguinte contido:

«1. Se a entidade aseguradora fose declarada xudicialmente en concurso e carecese da liquidez necesaria, o Consorcio de Compensación de Seguros poderá anticipar-las gastos que sexan precisos, con cargo ós seus propios recursos, co obxecto do adecuado desenvolvemento do proceso concursal. Non obstante, o pagamento dos dereitos de procuradores e honorarios de letrados será por conta das partes que os designen, sen que proceda o seu anticipo polo consorcio.

Se se formulase proposta de convenio cos acredores e este resultase aprobado, a recuperación polo consorcio dos gastos de liquidación quedará condicionada a que sexan totalmente satisfeitos os demais recoñecidos na liquidación.

2. En caso de concurso, será de aplicación o disposto no artigo 36 desta lei.»

Disposición derradeira vixésimo oitava. *Reforma da Lei de contrato de seguro.*

O artigo 37 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, queda redactado da forma seguinte:

«As normas dos artigos 34 a 36 aplicaranse en caso de morte do tomador do seguro ou do asegurado e, declarado o concurso dun deles, en caso de apertura da fase de liquidación.»

Disposición derradeira vixésimo novena. *Reforma da Lei sobre contrato de axencia.*

A alínea b) do punto 1 do artigo 26 da Lei 12/1992, do 27 de maio, sobre contrato de axencia, queda redactado da forma seguinte:

«b) Cando a outra parte fose declarada en concurso.»

Disposición derradeira trixésima. *Reforma da Lei de navegación aérea.*

Engádense dous novos parágrafos ó final do artigo 133 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre normas reguladoras de navegación aérea, como parágrafos terceiro e cuarto, coa seguinte redacción:

«Os privilexios e a orde de prelación establecidos nos puntos anteriores rexerán unicamente nos supostos de execución singular.

En caso de concurso, o dereito de separación da aeronave previsto na Lei concursal recoñeceráse ós titulares dos créditos privilexiados comprendidos nos números 1.º a 5.º do punto primeiro. Se non se exercese ese dereito, a clasificación e graduación de créditos no concurso rexeráse polo establecido na dita lei.»

Disposición derradeira trixésimo primeira. *Reforma da Lei de defensa de consumidores e usuarios.*

Engádeselle un novo punto 4 ó artigo 31 da Lei 26/1984, do 19 de xullo, para a defensa de consumidores e usuarios, coa seguinte redacción:

«4. Quedarán sen efecto os convenios arbitrais e as ofertas públicas de sometemento á arbitrase de consumo formalizados polos que sexan declarados en concurso de acredores. Para tal fin, o auto de declaración de concurso será notificado ó órgano a través do cal se formalizase o convenio e á Xunta Arbitral Nacional, quedando desde ese

momento o debedor concursado excluído para tódolos efectos do sistema arbitral de consumo.»

Disposición derradeira trixésimo segunda. *Título competencial.*

Esta lei dítase ó abeiro da competencia que lle corresponde ó Estado conforme o artigo 149.1.6.ª e 8.ª da Constitución, sen prexuízo das necesarias especialidades que nesta orde se deriven das particularidades do dereito substantivo das comunidades autónomas.

Disposición derradeira trixésimo terceira. *Proxecto de Lei reguladora da concorrencia e prelación de créditos.*

No prazo de seis meses contados desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno remitiralles ás Cortes Xerais un proxecto de Lei reguladora da concorrencia e prelación de créditos en caso de execucións singulares.

Disposición derradeira trixésimo cuarta. *Arancel de retribucións.*

Nun prazo non superior a nove meses, o Goberno aprobará, mediante real decreto, o arancel das retribucións correspondentes á administración concursal.

Disposición derradeira trixésimo quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día 1 de setembro de 2004, salvo no que se refire á modificación dos artigos 463, 472 e 482 da Lei de axuízamento civil efectuada pola disposición derradeira terceira e ó mandato contido na disposición derradeira trixésimo segunda, que entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 9 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno  
en funcións,

MARIANO RAJOY BREY

**13863** LEI 23/2003, do 10 de xullo, de garantías na venda de bens de consumo. («BOE» 165, do 11-7-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta lei ten por obxecto a incorporación ó dereito español da Directiva 1999/44/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de maio do 1999, sobre determinados aspectos da venda e garantía dos bens de consumo.

A directiva establece un conxunto de medidas tendentes a garantir un nivel mínimo uniforme de protección